



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 89

Sesión plenaria
6 de novembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DODÍA

Punto 1. Comparecencia

37713 (10/CPP-000079)

Do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

Punto 2. Mocións

2.1 39422 (10/MOC-000109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 37366, publicada no BOPG nº 365, do 03.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

2.2 39423 (10/MOC-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38081, publicada no BOPG nº 368, do 10.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

2.3 39426 (10/MOC-000111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 35901, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 27687 (10/PNP-001974)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

3.2 36685 (10/PNP-002729)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

3.3 36781 (10/PNP-002743)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e nove deputados/as máis**

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

3.4 37548 (10/PNP-002797)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de negociación que se está a desenvolver para o establecemento dun novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

3.5 38443 (10/PNP-002852)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das obras para a súa rehabilitación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

3.6 38578 (10/PNP-002860)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

3.7 39067 (10/PNP-002902)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

3.8 39126 (10/PNP-002913)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e cinco deputados/as máis**

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

Punto 4. Interpelacións**4.1 35115 (10/INT-001170)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 05.09.2018

4.2 36087 (10/INT-001202)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

4.3 38782 (10/INT-001283)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**5.1 39482 (10/POPX-000112)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as propostas que vai impulsar a Xunta de Galicia co fin de garantir un marco estable para as empresas electrointensivas e evitar o peche de Alcoa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

5.2 39483 (10/POPX-000113)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade do emprego que se crea en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

5.3 39484 (10/POPX-000114)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para reducir a desigualdade económica en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 39072 (10/POP-004572)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e catro deputados/as máis**

Sobre a solicitude da Fiscalía de Ourense para a citación como imputados de dous cargos da Consellería de Facenda por un presunto delito de acoso inmobiliario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

6.2 38963 (10/POP-004560)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da execución do Plan director para o proxecto de saneamento integral do concello de Lalín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

6.3 36765 (10/POP-004341)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa venda de Itínere

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

6.4 39471 (10/PUP-000197)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

6.5 39480 (10/PUP-000199)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

6.6 36414 (10/POP-004310)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca**

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xuntanza coas principais plataformas web de reservas de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

6.7 38948 (10/POP-004557)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e dez deputados/as máis**

Sobre o estado de tramitación do expediente para a declaración de Ferrol como cidade Patrimonio da Humanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

6.8 39479 (10/PUP-000198)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre a situación de precariedade dos servizos de atención á drogodependencia, en especial no que atinxe ás mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

6.9 37100 (10/POP-004379)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre a evolución que presenta a atención á dependencia en Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 11.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 20.), *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 23.), *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 26.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 29.)
Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 33.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 38.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 39.), *a señora Burgo López (S)* (Páx. 41.), *a señora Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 42.), *o señor Fernández Gil (P)* (Páx. 44.) e *o señor conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)* (Páx. 46.).

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 50.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 53.) e *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 55.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 57.)

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 59.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 61.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 63.), *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 65.) e *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 66.)

Nova intervención da señora Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 68.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 70.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 70.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 73.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 75.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 77.)*

A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 79.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado sobre a Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 80.)*

Votación da Moción, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 81.)*

Votación do texto transaccionado sobre a Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 81.)*

Suspéndese a sesión ás dúas e dezaoito minutos e retómase ás catro e quince minutos da tarde.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 81.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 82.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 85.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 87.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 89.)*

A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. ((Páx. 91.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 92.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 93.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 96.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 97.) e *Sra. Torregrosa Sañudo (EM).* (Páx. 100.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 101.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e nove deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 107.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 108.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 111.)

O señor Pazos Couñago (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de negociación que se está a desenvolver para o establecemento dun novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Pérez Seco (S)* (Páx. 118.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 119.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 120.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 122.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das obras para a súa rehabilitación. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 124.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 124.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 126.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Burgo López (S) (Páx. 128.) e Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 129.)

O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 130.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 131.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 135.) e Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 137.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 139.)

A señora Quinteiro Araújo (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 141.)

Alteración da orde do día

O señor presidente, antes de suspender a sesión, comunica o aprazamento, solicitado polo Goberno, da interpelación núm. 36087, da deputada dona Noa Presas Bergantiños. (Páx. 142.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e cinco minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. E entramos na orde do día, sen máis.

O punto primeiro, comparecencia.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moi bos días, señor presidente.

Señorías, comparezo hoxe ante o Parlamento de Galicia para dar conta das liñas xerais de actuación da nova Consellería de Cultura e Turismo. Unha consellería que xorde da necesidade de apoiar os sectores culturais e turísticos do país apostando pola súa sustentabilidade. Unha consellería que nace coa vocación de crear sinerxías entre estas dúas realidades, diferentes pero complementarias. Unha consellería que afronta, entre outros, un desafío próximo e concreto: planificar e levar a cabo o Xacobeo 21.

Señorías, o turismo e a cultura son dous ámbitos fundamentais para Galicia. Se mo permiten, diría que son a alma e o rostro do país. A cultura e a lingua son a nosa identidade, que nos conectan co propio, fonte inesgotable de afecto e de orgullo. O turismo é a nosa imaxe fronte ao mundo, como nos perciben dentro e fóra das nosas fronteiras. Dous sectores estratéxicos que aportan, conxuntamente, arredor do 13 % do noso PIB e máis do 15 % do emprego. Dous ámbitos que teñen as súas necesidades específicas, pero que deben complementarse para garantir a súa rendibilidade e solidez.

Hoxe é máis importante que nunca reforzar as sinerxías, o patrimonio, a paisaxe, a gastronomía, a lingua; en definitiva, a cultura. Son o noso maior atractivo turístico. E o turismo representa unha oportunidade excepcional para desenvolver as nosas industrias e sectores culturais. Esta sinerxía é unha das razóns de ser da nova consellería.

Por sorte, non partimos de cero, somos os continuadores dun camiño iniciado tempo atrás que conta cos medios, planificación e experiencia. A creación do novo departamento autonómico vén dar un novo impulso a esta realidade aportando novas forzas para dar un salto cualitativo e cuantitativo que sente as bases dunha cultura sólida e con futuro, e dun turismo dinámico, motor de desenvolvemento e creación de emprego. Este novo impulso é unha das razóns de ser da nova consellería.

Temos ante nós un reto significativo, o próximo Ano Santo. Un proxecto transversal para toda a sociedade galega. Un reto, señorías, que non remata nin comeza no ano 2021, o ver-

dadeiro desafío empeza o día despois. Debemos entender o Xacobeo como unha ferramenta de transformación que deixe unha Galicia máis preparada para a próxima década, unha Galicia mellor. Este desafío é unha das razóns de ser tamén da nova consellería. Para poder acadar con éxito estes obxectivos, é necesario que nos preguntemos como é a cultura e o turismo que queremos; como é, en definitiva, señorías, a Galicia que queremos.

Señorías, hai dez camiños que conducen a Santiago de Compostela, dez rutas xacobeas. Inspirados nelas presentamos a nosa resposta, as liñas estratéxicas da Consellería, os dez camiños para desenvolver a nosa cultura e o noso turismo. Un decálogo para construír o noso proxecto para o ano 2021 e para os que virán despois.

O primeiro camiño é a planificación. Para poder iniciar calquera viaxe o primeiro que necesitamos é un destino e un mapa. A cultura e o turismo son dous sectores estratéxicos claves para o desenvolvemento do país, non podemos deixar marxe á improvisación. Por iso, a primeira liña de traballo é a planificación, unha planificación baseada na creación de novas estratexias e no desenvolvemento efectivo das que xa están funcionando. Estratexias que teñen un denominador común: deben ser produto dunha reflexión colectiva, unha reflexión colectiva que conte coa participación de toda a cadea de valor dos sectores, favorecendo a cooperación entre as administracións, a sociedade e os axentes públicos e privados.

Así, redactouse a Estratexia do turismo de Galicia, que contou con vinte e oito mesas de traballo repartidas por dezaseis vilas de Galicia e nas que participaron máis de seiscentas persoas. E así estamos construíndo a Estratexia da cultura galega, que leva máis de quince reunións, sete encontros territoriais e oito sectoriais, coa participación de trescentos profesionais. Dous documentos que serán vitais para o traballo da Consellería. Nestes momentos podemos anunciar que antes de que acabe este ano 2018 presentaremos a Estratexia da cultura galega para a súa aprobación no Consello da Xunta.

A estas estratexias únenselle outras, algunhas xa en marcha, como o Plan director do Camiño de Santiago, e outras que serán novidosas, como o Plan estratéxico do Xacobeo, que estará listo ao longo do próximo ano. Unha planificación exhaustiva e necesaria para traballar eficazmente pola cultura e o turismo de mañá.

O segundo camiño é a competitividade. Debemos fortalecer as industrias culturais e o sector turístico con medidas concretas destinadas a impulsar a súa competitividade. Apostamos pola calidade asentando as bases dunha cultura e un turismo sólidos, motor de benestar, progreso e fonte de emprego. Un ámbito no que debemos traballar da man dos sectores garantindo a súa rendibilidade, a capacidade exportadora e a forza de Galicia como destino.

Por iso, queremos anunciar un novo plan, o Plan MAT —Plan de mellora de aloxamentos turísticos—. Unha liña de axudas en colaboración con diferentes departamentos da Xunta que aposta directamente pola mellora da calidade do sector turístico, facendo e apoiando os aloxamentos turísticos para modernizar os seus equipamentos, infraestruturas e servizos. Un plan que busca fidelizar os visitantes, incrementar os períodos de estancia e o gasto por cliente; o que terá, obviamente, unha repercusión directa na creación de emprego. *(Aplausos.)*

Neste ámbito a colaboración público-privada é fundamental. Por iso, seguiremos apoiando o clúster do turismo, entidade de referencia en Galicia coa que traballamos e desenvolvemos a Estratexia galega de turismo, e coa que logramos, conxuntamente, acadar os mellores datos turísticos da nosa historia.

Tamén é fundamental aumentar a competitividade das industrias culturais, sectores claves para Galicia, como no libro. Neste caso, estamos elaborando un plan específico de dinamización da lectura, en colaboración co Consello Asesor do Libro, e reforzaremos a edición do libro galego e en galego.

A música. Poñeremos en marcha unha nova liña de axudas para apoiar o rexurdimento de novos artistas e afondaremos no apoio a festivais a través das axudas e de Fest Galicia, aproveitando a indiscutible repercusión turística destes eventos.

No audiovisual manteremos o apoio ao sector coas axudas ao desenvolvemento e á produción. Resolverase a convocatoria de proxectos para o Xacobeo, neste caso no mes de febreiro. E desenvolveremos a Galicia Film Office en relación coa Academia Galega do Audiovisual, cun fin: impulsar as rodaxes en Galicia, aumentando a competitividade e impulsando tamén o emprego.

E as artes escénicas, nas que seguiremos impulsando a produción e as coproducións, tamén, no Centro Dramático Galego, no que propoñeremos un gran espectáculo de danza que xire por Galicia e polo exterior poñendo en valor a nosa cultura fronte ao mundo.

O terceiro camiño é a sustentabilidade. É certo, señorías, que moitas das accións da Consellería teñen unha data de referencia, o ano 2021, pero nunca entendida esta data como un punto final, senón como un punto e seguido. Debemos apostar por iniciativas, por proxectos que permanezan, que sexan sustentables. Debemos, por iso, potenciar a mobilidade, a accesibilidade dos espazos turísticos preparando as infraestruturas e servizos de transporte para os importantes acontecementos que están por vir, como o Xacobeo 21 e a chegada do AVE a Galicia. Por iso, queremos anunciar que en colaboración coa Consellería de Infraestruturas promoveremos a creación dunha mesa bilateral, Xunta e Estado, para adaptar os principais sistemas ferroviarios e aeroportuarios galegos, anticipándonos deste xeito aos grandes acontecementos que se aveciñan, deixando así unha Galicia máis e mellor conectada para o futuro.

Nos últimos tempos chegamos a cifras turísticas inimaxinables hai só uns anos. Pasamos dos tres millóns e medio de visitantes no ano 2012 aos máis de cinco millóns que hoxe chegan a Galicia. Temos agora un reto non menor: consolidalos, facelos sustentables no tempo, fidelizando o cliente, mellorando a estadía media e a rendibilidade a longo prazo no sector. Facendo, en definitiva, fronte aos cambios que se adiviñan nas tendencias turísticas a nivel mundial.

Falar de sustentabilidade e de futuro é tamén falar dos novos creadores, artistas e emprendedores. Por iso, poñeremos en marcha o ano próximo un programa de axudas a novos creadores no ámbito da literatura, a tradución e a ilustración. Crearemos o primeiro mercado da arte, dedicado a dar visibilidade e impulsar a carreira dos novos artistas galegos, e impul-

saremos unha exposición anual na Cidade da Cultura destinada a alumnos recién regresados, alumnos das escolas e das facultades de arte de Galicia.

Tamén seguiremos promovendo o emprendemento cultural, potenciando o Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura. Un centro que hoxe impulsa cen proxectos emprendedores, máis de cen proxectos emprendedores vencellados coa cultura, e onde máis de seis mil persoas pasan cada ano polas súas actividades. Aspiramos a consolidalo como un referente no emprendemento cultural tanto en Galicia como en España.

O cuarto camiño é a singularidade. Un dos valores esenciais de Galicia e dos galegos é a nosa singularidade e a nosa autenticidade. Debemos potenciar os nosos recursos culturais, etnográficos e paisaxísticos, impulsando as industrias culturais, protexendo o patrimonio e aproveitando o seu valor singular para diversificar e desestacionalizar o turismo.

Nesta liña, lanzamos o Plan de BIC do Camiño de Santiago, un gran proxecto de restauración e rehabilitación de monumentos que en colaboración co ministerio actuará na conservación dos bens de interese cultural situados nos camiños de Santiago. Un exemplo de posta en valor dos nosos recursos únicos, de protección do noso patrimonio cultural como un recurso vivo e accesible.

Crearemos o Programa de rutas en pequenos cascos históricos, que potenciará cultural e turisticamente concellos e cascos históricos como o de Mondoñedo, Viveiro ou Betanzos, entre outros.

E debemos crear un modelo que fomente as alternativas, reivindicando o propio e fomentando o turismo de actividade en destino. Por isto, creamos e impulsaremos o Proxecto Galicia Xabe, un plan que impulsará a nosa tradición culinaria e os produtos autóctonos, mellorando tamén a competitividade e o emprego no sector primario.

Continuaremos desenvolvendo o Plan termal, completando a oferta do balneario de Cortegada cun novo complexo e melloras na accesibilidade, e finalizaremos novas rutas do viño. Neste ano 2019 farémolo en Valdeorras, Monterrei e a Ribeira Sacra. En definitiva, promovendo unha oferta de turismo especializado, diferenciando e potenciando Galicia como destino.

O quinto camiño é a inclusión. No Goberno galego temos a profunda convicción de que a cultura e o turismo deben ser para todos, por isto anuncio que impulsaremos un gran programa no ámbito da inclusión cultural e turística. Un programa no que desenvolveremos múltiples accións de achegamento da cultura e da acción turística a persoas con diversidade funcional e de idade avanzada. Colaboraremos coas principais entidades que traballan nesta área, como son a ONCE ou Cogami, desenvolvendo sinalizacións, servizos e obras de accesibilidade en infraestruturas turísticas e culturais, e dando un novo pulo ao Plan de accesibilidade do turismo e do Camiño de Santiago, cun obxectivo: converter Galicia nun destino inclusivo e facendo a cultura máis próxima para todos. *(Aplausos.)*

O sexto camiño é o orgullo. A cultura e a lingua conforman a nosa identidade e supoñen o noso maior valor diferencial. Por iso continuaremos fomentando actitudes positivas cara á

lingua, especialmente entre os que menos a usan. Continuaremos co Plan de dinamización da lingua galega na xuventude, creando un ambiente favorable nun sector da poboación que usa pouco o galego, que o debería usar máis, a pesar do seu alto nivel de competencia. Un exemplo neste traballo son as accións de dinamización lingüística en eventos culturais e musicais, como por exemplo en Fest Galicia.

Xunto á lingua tamén debemos protexer e promocionar o noso patrimonio, un recurso cultural e turístico de primeira orde. En concordancia co Plan de BIC do Camiño desenvolveremos actuacións ambiciosas de conservación e restauración en diferentes bens: muralla de Lugo, Carboeiro, Ferreira de Pantón e moitos outros. Declararemos BIC os expedientes xa incoados, como o caso da carpintería de ribeira, a Cova Eirós ou o parque do Pasatempo en Betanzos.

E seguiremos promovendo novas declaracións, garantindo a protección de máis de setecentos bens de gran interese cultural en toda Galicia.

Crearemos unha nova orde de rehabilitación de bens etnográficos, destinando un millón de euros para a conservación de bens etnográficos situados en calquera dos dez camiños de Santiago.

Fomentaremos accións como os Premios Galicia Parabéns, que recoñecen as iniciativas de embelecemento da paisaxe en núcleos urbanos e tamén no Camiño.

E, por suposto, continuaremos traballando nas tres candidaturas galegas a patrimonio mundial da Unesco: a Ribeira Sacra, Cíes-Illas Atlánticas e Ferrol da Ilustración.

No orgullo do propio apostamos pola nosa cultura de base, colaborando cos sectores culturais, expandindo o éxito do Programa Serán —iniciado este ano—, apoiando as bandas de música e os encontros de música e cultura tradicional, colaborando con outros sectores, como poden ser as corais ou o teatro *amateur*, e comezaremos tamén a crear o legado artístico de Galicia buscando a máxima protección, conservación e dispoñibilidade da obra dos artistas galegos, tanto dos históricos como dos contemporáneos.

O sétimo camiño é o equilibrio. A cultura e o turismo son dous potentes axentes descentralizadores, dous axentes que fomentan o desenvolvemento equilibrado do territorio, deslocalizando a riqueza e fomentando tamén o emprego. Desde a Consellería queremos afondar neste ámbito, potenciando as capacidades turísticas e culturais dos concellos galegos e asegurando o acceso á cultura en todo o territorio.

Implantaremos o plan de turismo no rural, no que estamos implicando e estamos traballando co sector primario, que será posto en marcha no ano 2019. Impulsaremos máis convenios con xeodestinos para o desenvolvemento e a promoción de novos produtos. Continuaremos con programas de éxito como Cultura no Camiño, xa presente en máis de cen concellos. Crearemos o novo premio vila cultural, premio en colaboración cunha fundación que premiará cada ano unha vila de Galicia pola súa excelencia na promoción e xestión cultural, creando unha programación específica en cada unha das vías seleccionadas. E

tamén impulsaremos un novo plan de itinerarios culturais, como complemento aos camiños, potenciando os valores culturais e patrimoniais e aumentando o impacto en todo o territorio.

Outras das prioridades nesta área é garantir a calidade e o acceso aos servizos básicos culturais: bibliotecas, museos e arquivos. Por iso afondaremos nas dotacións e axudas para estas infraestruturas, para estes servizos culturais en todos os concellos. E tamén desenvolveremos o novo programa de bibliotecas itinerantes, que arrancará no primeiro trimestre do ano 2019 e achegará a lectura aos pequenos concellos que carecen de biblioteca.

O oitavo camiño é a profesionalización. O futuro dos sectores culturais e turísticos de Galicia pasa pola súa profesionalización, e para logralo xoga un papel clave e fundamental a formación. Debemos impulsar a mellora da calidade dos servizos e a incorporación de novos profesionais, profesionais ben formados e preparados para atender as demandas duns sectores e dunha sociedade cada vez máis especializada.

Neste punto destaca o Centro Superior de Hostelería de Galicia. Un centro que busca aportar á hostalería profesionais altamente formados, colaborando activamente no desenvolvemento e na mellora do sector, desde onde potenciaremos iniciativas como a escola de formación itinerante, expandindo a formación a distintos puntos da nosa xeografía, colaborando con entidades públicas e privadas.

Desde a Consellería buscaremos tamén implicar as universidades para elaborar un plan de formación nos ámbitos culturais. Un plan de formación dirixido a profesionais da industria, xestores e emprendedores culturais.

Daremos continuidade ás bolsas de formación en prácticas en oficinas de turismo, tanto nacionais como internacionais, e seguiremos apoiando as accións formativas do clúster, que ofrecen unha formación de alta calidade conectada directamente coas necesidades do sector.

O noveno camiño é a innovación. Galicia debe liderar a transformación da cultura e do turismo con propostas innovadoras que nos preparen para os desafíos tecnolóxicos do século XXI. A gran proposta en marcha neste ámbito é a Memoria dixital de Galicia. Un proxecto que busca crear un novo modelo de xestión e conservación do patrimonio cultural galego, un proxecto que proximamente resolverá a súa primeira convocatoria para a dixitalización de arquivos e diferentes patrimonios. Nesta liña destaca, á súa vez, a aposta da Consellería polos programas Smart Turismo e Smart Camiño, que dado o seu éxito seguiremos potenciando.

E tamén a dixitalización da aprendizaxe da lingua galega, creando programas de ensino en liña co Celga en todos os seus niveis.

Tamén se fomentará a investigación en colaboración coas universidades galegas. Impulsaremos investigacións innovadoras, especialmente a través do CEIPAC. O CEIPAC, novo Centro de Investigación en Itinerarios e Paisaxes Culturais, que, como as súas señorías saben, se ubicará no edificio Fontán e suporá un novo impulso ás investigacións vencelladas directamente co territorio. Terá e desenvolverá novas liñas de traballo en xestión do patrimonio, da paisaxe e tamén en itinerarios culturais, moi especialmente dos camiños de Santiago.

O décimo camiño é a internacionalización. A cultura é a nosa mellor carta de presentación ante o mundo, por iso é fundamental potenciar a súa presenza internacional, dando un novo pulo aos sectores culturais galegos e continuando no ámbito turístico cos labores de promoción especializados e fóra de temporada, que melloran o noso posicionamento nos mercados

Señorías, este ano é o segundo mellor ano da historia para o turismo galego, especialmente se temos en conta os visitantes internacionais. É fundamental potenciar a chegada de estranxeiros que incrementen o gasto en Galicia, o número de noites e a rendibilidade. Por iso estamos presentes en máis de medio centenar de feiras internacionais nos cinco continentes, buscando públicos concretos e especializando Galicia como destino.

Tense avanzado moito, pero aínda queda moito por facer. Preséntanse novos retos, como abrírnos dun xeito efectivo ao mercado asiático, como dinamizar a presenza da cultura e das nosas industrias culturais no exterior, potenciando, tamén, a nosa diplomacia cultural; explorando, neste caso, tres grandes áreas de expansión:

O atlantismo, a relación atlántica de Galicia. Neste ano 2019, no ano seguinte, Galicia será invitada de honra en dous grandes acontecementos culturais e tamén cunha forte tradición turística. Por unha parte, en febreiro en Escocia, en Glasgow, e tamén en Lorient no Festival Intercéltico no ano 2019 Galicia será a invitada de honra e terá unha gran presenza cultural, musical e turística.

A lusofonía. Utilizando o galego como unha ferramenta para a internacionalización, reforzando a presenza da nosa lingua no mundo, ampliando a colaboración co Camões e reforzando os lectorados.

E, por suposto, o Camiño de Santiago. A nosa maior porta de entrada é unha fonte permanente de embaixadores e prescritores en todo o mundo. Seguiremos apostando polos camiños como ferramenta de proxección, como a carta de presentación a nivel mundial de Galicia.

Tamén potenciaremos os centros de estudos galegos, prescritores da nosa lingua e da nosa cultura nos ámbitos universitarios de todo o mundo, reforzando para isto o seu papel como polos de atracción turística e cultural, e tamén de formación sobre os camiños, e creando novos centros nas universidades de Santa Bárbara nos Estados Unidos e tamén na de Turín. E favorecendo, tamén, a exportación das industriais culturais galegas, cunha liña de apoio á presenza de creadores galegos en festivais internacionais e axudas á distribución.

Tamén manteremos exposicións con referencias culturais claramente galegas pero que están no exterior, así o fixemos co *Pergamino Vindel* ou o estamos facendo neste momento con *A derradeira lección do mestre*. E tamén xeraremos mostras propias para que vaian ao exterior a promover a nosa cultura no exterior, así o fixemos con José Suárez, co fotógrafo José Suárez, e así o estamos facendo co fotógrafo Pestana, utilizando para isto a rede do Instituto Cervantes.

Apostamos, tamén, pola colaboración coas asociacións de amigos do Camiño en todo o mundo e potenciaremos o papel de expansión cultural e turística dos galegos no exterior.

Estas son, señorías, as dez liñas xerais de actuación da Consellería de Cultura e Turismo: planificación, competitividade, sustentabilidade, orgullo, singularidade, accesibilidade, equilibrio, profesionalización, innovación e internacionalización. Estes son os dez camiños que desenvolveremos e polos cales se desenvolverá a cultura e o turismo de Galicia nos próximos anos.

E, señoría, para afrontar todos estes desafíos temos, ademais, ante nós unha extraordinaria oportunidade: O Xacobeo 21. Nós entendemos o Xacobeo 21 como un proxecto de país. Utilizamos moito esta expresión, «proxecto de país», e penso que é importante que teñamos claro o que significa. Estamos ante unha idea que vertebra Galicia, sen importar as institucións ou as cores políticas. Un desafío colectivo que ten unha data concreta, pero cuxos efectos deben estenderse no tempo e tamén no territorio. Unha verdadeira ferramenta transformadora que nos pode axudar a desenvolver a Galicia que queremos, e para logralo construiremos o Xacobeo 21 sobre unha axeitada planificación e participación, tendo en conta o seu carácter global, a súa proxección internacional e o seu papel como unha ferramenta de sustentabilidade.

Os primeiros pasos son a planificación e a participación. É fundamental non deixar espazo á improvisación e crear unha arquitectura sólida e participativa. Unha arquitectura compartida entre a sociedade e as principais institucións do país. Para facelo contamos co seguinte esquema de cooperación institucional: co Consejo Jacobeo —xa coñecido a nivel estatal—, que aglutina e une todas as comunidades autónomas polas que pasa o camiño francés. De recente creación é a Comisión Interdepartamental da Xunta —que reúne varios departamentos autonómicos—, a Igrexa, o Concello de Santiago, a Fegamp e a Delegación do Goberno. E temos, como así anunciou o presidente no último debate de Autonomía, a firme idea de crear un grupo de traballo no Parlamento de Galicia, onde queremos sumarnos a todos vostedes para que tamén poidan aportar as súas iniciativas, os seus proxectos, a súa visión sobre o que está chamado a ser o novo acontecemento de Galicia para os próximos anos.

Nese sentido, señorías, convócoos, serán convocados en datas moi próximas, a manter unha reunión de traballo todos os grupos da Cámara, a manter unha reunión de traballo para poder comezar a traballar nesta liña.

E para a planificación dun Xacobeo de éxito é fundamental a implicación activa da sociedade.

Queremos contar cos concellos, coas asociacións, con entidades públicas e privadas e con todas as persoas que desexen participar. Para iso, creamos a convocatoria aberta de proxectos como «O teu Xacobeo». Unha iniciativa pioneira dotada con dous millóns de euros, que permitirá a calquera cidadán ou entidade propoñer proxectos de interese en materia cultural, social ou deportiva, dous millóns de euros de xeito inicial.

Ademais, e curiosamente desde hoxe, desbloquéanse os patrocinios públicos e privados cunha desgravación fiscal moi vantaxosa, e tamén queremos contar coas universidades, asinando convenios de colaboración e deseñando estratexias e proxectos de investigación conxuntos en ambas materias: cultura e turismo.

Unha planificación axeitada, precisa, necesita un orzamento que a respalde. En 2019, dende a Consellería de Cultura e Turismo —como xa anunciamos na comparecencia de orzamentos— investiremos case trinta millóns de euros no Xacobeo e nos camiños de Santiago nos próximos anos. A estas cantidades uníranse tamén achegas doutros departamentos da Xunta, como pode ser, por exemplo, na Consellería de Infraestruturas, todo o aporte económico que se está a facer para mellorar os accesos á cidade de Santiago de Compostela. Ou, por exemplo, na Consellería de Medio Ambiente, co Programa de ARI, de Áreas de Rehabilitación Integral, que se dedica especificamente aos camiños de Santiago.

Estamos a falar de investimentos moi importantes que están en diferentes departamentos autonómicos da Xunta de Galicia e que significan que hai unha visión integral para lograr este gran obxectivo. Son investimentos moi importantes que teñen un fin principal, preparar Galicia, e preparala non só para o ano XXI, preparala tamén para a próxima década.

A globalidade, sen dúbida Compostela, Santiago de Compostela será un escenario de excepción para moitas das accións do Xacobeo, pero tamén o serán as outras seis grandes cidades do país, e todas as vilas e pobos de Galicia.

Porque o Xacobeo 21 ten que expandirse máis alá dos límites simbólicos do obradoiro. Os camiños que pasan por un terzo dos concellos galegos tamén serán —ou tamén terán estes concellos— unha gran repercusión neles.

Pero se de verdade queremos un Xacobeo universal e integrador, debemos implicar a toda Galicia, a todos os concellos de Galicia, aproveitando este evento como unha ferramenta de dinamización cultural e turística que xere orgullo, riqueza e emprego en todo o país.

E a súa proxección internacional, unha proxección que ten dous camiños, un de ida e outro de volta; por un lado, queremos mostrarlle ao mundo o mellor de Galicia e, por outro, tamén queremos traer a Galicia o mellor do mundo, porque o Xacobeo é unha ocasión inigualable para levar a cabo accións que potencien a nosa imaxe exterior e a nosa Marca-País para internacionalizar, en definitiva, a nosa cultura.

Esta é a razón de todo o traballo de promoción turística e a intensa programación cultural que rodeará o Xacobeo.

Para rematar, unha das ideas principais, sobre as que se constrúe o Xacobeo, é a sustentabilidade, porque o Xacobeo non comeza nin remata só no ano 2021, isto é só un punto de partida e é esa a razón de que a planificación, a globalidade e a proxección internacional teñan tanta importancia. A razón pola que debemos empezar a facer hoxe os deberes do ano 2021 e para seguir mantendo unha boa nota máis alá despois do 2021.

E nesta liña desenvólvense as accións que impulsaremos dende a Consellería, as principais accións que desenvolveremos, o Plan de mellora de aloxamentos turísticos, o Plan de BIC do Camiño de Santiago, a Mesa Bilateral Xunta-Estado para garantir e planificar unha nova mobilidade e accesibilidade dos espazos turísticos ou o Programa de inclusión cultural e turística.

Porque se logramos, señorías, entre todos un Xacobeo mellor, estamos construíndo unha Galicia mellor, unha Galicia mellor para nós e para os nosos fillos.

Esta é, señorías, a nosa visión e o noso proxecto para o próximo Xacobeo 21. Estas son, señorías, as nosas liñas xerais para construír a cultura e o turismo do presente e a cultura e o turismo do futuro.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda dos grupos parlamentarios ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas.

Bo día, conselleiro.

E bo día, tamén, ás persoas que nos acompañan na bancada de convidadas.

Teño que recoñecerlle, señor Rodríguez, que estabamos até certo punto intrigadas por saber que diría hoxe toda vez que tivemos a comparecencia de orzamentos na Comisión 3ª a pasada semana, e a verdade é que non se moveu un ápice. Non, seguimos igual, é a mesma liña, e cada vez estabamos máis convencidas e cada vez que temos oportunidade de escoitalos estamos máis convencidas de que non pensan facer nada máis alá do Xacobeo, que, como acabamos de comprobar outra vez —por enésima vez—, ocupa as tres cuartas partes do discurso, as tres cuartas partes da intervención; e a outra parte son os eternos anuncios, que nunca chegan, só é iso, unha soflama, un titular, un slogan en política cultural e en política lingüística. E teño que dicirle —creo que xa llo teño dito noutras ocasións— que imos un pouco, bastante fartas, fartas de fume, fartas de propaganda, que é o que tivemos ao longo dos últimos anos.

Mire, levan anunciando —e volveu citalo hoxe aquí— o Plan de normalización lingüística entre a mocidade desde abril de 2016. Imos camiño dos tres anos escoitando falar del sen que se teña nin sequera remitido a esta cámara nin un bosquejo, nin unha proposta inicial, ¡nada!, nin ningún documento sobre o que traballar, e iso díxenllo a semana pasada, o luns pasado na Comisión 3ª, que as súas propias previsións eran entregalo a esta cámara entre setembro e outubro deste ano. Hoxe é día 6 de novembro, por se alguén estaba despistada.

E logo está o eterno anuncio, segundo eterno anuncio, que é a estratexia da cultura, outro tanto do mesmo. A min é que me dá a impresión de que vivimos no día da marmota permanentemente. Eu revisaba agora a hemeroteca e a primeira vez que escoitamos por boca dun conselleiro de Cultura que se ía crear un plan para os sectores culturais foi ao señor Jesús Vázquez nunha comparecencia idéntica —á que acaba de ter vostede— en marzo de 2013. (*Aplausos.*)

En marzo de 2013, plan para os sectores culturais e un plan director do libro. Exactamente o mesmo anuncio que acaba de facer vostede, pode acudir ao *Diario de Sesións* se non me cre. Como comprenderá, con este panorama a credibilidade que teñen vostedes é cero.

Díxenllo tamén o luns pasado e eu volvo repetirillo hoxe, é que non acaban de entrar pola porta, é que levan dez anos, e dez anos con fume, con anuncios, anunciando, anunciando, pero nunca chega a materializarse nada do anunciado. E despois dunha década parece que a única proposta que temos enriba da mesa —ou polos menos que poidamos albiscar— é que o que pretenden é volver ao modelo Fraga. Estamos cada día máis convencidas de que o obxectivo en materia de política cultural é volver ao modelo Fraga, ese é o horizonte. Máis cartos para enterrar na Cidade da Cultura, coa novidade de que agora llos quitan directamente á investigación, ao desenvolvemento e á innovación das universidades. Desviáronse setecentos mil euros dos orzamentos de 2018 para este fin e no proxecto de orzamentos para 2019 van dous millóns e medio tamén, fondos de investigación universitaria.

Insisto, e despois o novo eucalipto, o monocultivo do Xacobeo, tres cuartas partes da intervención centradas no Xacobeo 2021, que no terreo cultural se traduce nunha cerimonia —se mo permite— de confusión entre o espectáculo e a propaganda. Macroeventos sostidos con diñeiro público que, independentemente do éxito acadado, nos devolven a tempos pretéritos no que ten que ver coas formas e no que ten que ver coas prácticas.

Nós témolo denunciado aquí nesta cámara en máis dunha ocasión, e eu teño que repetirillo: o mellor exemplo, o máis evidente desa confusión entre o espectáculo e a propaganda, é como se contratou o festival O Son do Camiño. Non sabemos se vai haber segunda edición nas mesmas condicións en que participou a Xunta de Galiza neste ano 2018, procesos negociados sen publicidade para entregar a dedo tres millóns de euros. ¿Sabe a canto ascende a liña de axudas para o conxunto de festivais musicais e artes escénicas, porque van xuntos? Temos tres millóns de euros nun patrocinio negociado sen publicidade para festivais de música e artes escénicas para o conxunto do país, catrocentos sesenta mil euros.

E agora di que van crear unhas axudas, ademais dixo agora axudas a festivais de cine e distribución, que xa existen. Eu convídoos a que visite a páxina *web* de Agadic, da Axencia Galega de Industrias Culturais, porque están dotados con catro centos cincuenta mil euros, algo que nos parece absolutamente exíguo, porque ademais o que vostedes conciben como distribución son gastos de transporte e manutención para acudir, asistir a feiras, festivais ou mostras de cine.

Sinceramente, o que nós agardabamos —tamén llo dixemos na comparecencia de orzamentos— é que se poña as pilas a Consellería e empece a traballar para garantir canles de distribución e de exhibición non só da música, senón tamén do cinema e de todas as formas de creación cultural que hai no noso país. Pero, despois, o que vemos é isto no que ten que ver cos festivais de música, no que ten que ver cos festivais de cine, pero é que despois hai sectores culturais, que vostede nin nos menciona, que están nunha situación absolutamente crítica.

Mire, o Centro Dramático Galego sobrevive con escasísimos recursos económicos, o que é o teatro nacional deste país. Neste país aprobouse no ano 2008 o Plan galego de artes escénicas

e vostedes entraron pola porta por puro sectarismo político, pero metérono nunha gabeta e deixárono que morrera por inanición.

Non queren nin sequera oír falar —nin o citou vostede, agora tampouco— do Anteproxecto de lei galega de artes escénicas, que impulsou, que promoveu e que trouxo a esta cámara o propio sector. E isto lémbrolllo porque insisto moito nesta cuestión, vostedes non acaban de entrar pola porta, levan dez anos con competencias en materia de política cultural no noso país. E o que vemos é outra vez que se repiten exactamente os mesmos anuncios; xa digo que vivimos permanentemente no día da marmota.

Fala vostede dun plan específico do libro e da lectura, xa se anunciou nesta cámara no ano 2013, pero é que despois imos aos orzamentos, aos proxectos de orzamentos —que é onde se plasma verdadeiramente esa vontade e onde se efectivizan os recursos para facer realidade eses anuncios— e o que vemos é que nos orzamentos para o 2019 —tamén llo dixeron o ano pasado— o que fan é recortar en todas as partidas practicamente dirixidas ao sector editorial, ao sector do libro e á promoción da lectura: edición en galego, sete mil catrocentos euros menos; promoción da lectura e do libro, trinta e oito mil euros menos: ou apoio e promoción á produción e edición do libro en galego, dez mil euros menos.

Dicía o outro día, que comparecía tamén con motivo do proxecto de orzamentos, a presidenta do Consello da Cultura que a Lei do libro e da lectura do ano 2006 estaba a durmir —dicía ela— o soño dos xustos. Nós, no BNG, cremos que vai camiño de se converter en Morfeo, directamente. (*Aplausos.*) Vai camiño de converterse en Morfeo porque leva unha década, non durmida, ao bordo da inanición, porque se non se dotan con recursos económicos e con planificacións estratéxicas as cousas morren por si propias. E as consecuencias —ademais desa antipolítica, porque eu creo que non ten outro nome máis que antipolítica— están á vista. Se as luces, evidentemente, do Xacobeo lles permiten ver o sol, verían que un sector como o do libro en galego, de enorme relevancia, e non só económica, está a perder cada vez máis peso, como pon de manifesto a diagnose elaborada á súa demanda polo Consello da Cultura. E lonxe de facer algo, pois vostedes continúan recortando. Insisto que son as cifras de Proxecto de orzamentos para 2019.

En materia de política lingüística, o eterno anuncio outra vez, é que levan anunciando o Plan de normalización dirixido ás franxas de idade máis novas, á mocidade, desde abril de 2016, desde abril de 2016. Facíao o secretario xeral de Política Lingüística nunhas xornadas organizadas polo Consello da Cultura, volveron anunciálo, desta vez xa vostede en febreiro de 2017, logo outra vez en maio de 2017, outra vez en febreiro de 2018, e hoxe outra vez. Comprometéronse a remitilo a esta cámara entre setembro e outubro, está pendurada na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística a súa planificación temporal entre setembro e outubro deste ano, e insisto en que hoxe é 6 de novembro.

Entre tanto, pois o que vemos —porque vostede pasou de puntillas, absolutamente por riba— é que citamos o eterno anuncio, pero non afondamos absolutamente en nada máis, ouvidos xordos absolutamente á realidade, ouvidos xordos á rotura na transmisión xeracional, que non ten que ver só con que isto tamén foi unha cuestión que dende o BNG levamos en máis dunha ocasión á Comisión 4ª, non ter que ver só coas familias, senón que está ven-

cellada á escasa ou nula presenza da lingua galega na escola, especialmente no ensino infantil, que é territorio comanche para a lingua propia deste país, nos medios de comunicación, tamén en sentido amplo.

¿E que temos? Que precisamente nas franxas de idade que segundo vostedes van quedar fóra dese Plan de normalización dirixido á mocidade, dos cinco aos catorce anos, apenas o 18 % das crianzas aprenden a falar en lingua galega. E o panorama non se albisca moi mellorábel no futuro máis inmediato, toda vez —e insisto en que isto é algo que puxo enriba da mesa a propia Academia— que a escola tornou en axente de desgaleguización.

E esa é responsabilidade da Xunta de Galiza, e aí non temos nin idea de que é o que pensa facer o máximo responsábel en materia de política lingüística, ese é o legado que deixa ata o momento o Partido Popular, e sinceramente —con isto remato— o Xacobeo non lles vai servir de nada para mudar esta situación, así que menos predicar o monocultivo novo eucalipto do Xacobeo 21 e máis empezar a dar trigo, conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moi bos días, señorías.

Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, calquera diría que vostede se estrea como conselleiro de Cultura, eu quero recordarlle que leva vostede cinco anos, (*Aplausos.*) polo tanto, o que está presentando aquí non é unha planificación para o futuro, senón moito do que vostede non fixo. Porque a min chámame moito a atención que un conselleiro que leva cinco anos dirixindo a cultura diga que o principal, e o que vai facer, é planificar.

Bueno, pois alégrome moito de saber o que sempre lle dixemos, que vostedes estaban facendo unha cultura sen planificación (*Aplausos.*) de ningún tipo, de ningún tipo, señor conselleiro. É certo o que lle di a señora Rodil, eu tamén; é máis, participei nesa comparecencia.

No 2013 prometeuse unha estratexia da cultura, aquí estamos aínda sen ningunha estratexia. Porque vostede o que presenta, señor conselleiro, en cultura é un fracaso, realmente un fracaso, e vou darlle as razóns disto, do seu labor como conselleiro de Cultura; despois falaremos de turismo e de Xacobeo.

Por certo, o Xacobeo é o único —como lle dicía hai moi pouco— que lle interesa, porque vostedes queren utilizar o Xacobeo 21 para tapar a falta de xestión do Goberno do señor Feijóo. Como non hai nada que presentar nin en educación, nin en emprego, nin en sanidade, por exemplo, pois vostedes van estar coa palabra Xacobeo todo o día.

Pero dígolle que vostede presenta un mal resultado como conselleiro de Cultura xa en cinco anos. Sen planificación, sen obxectivos, sen novas ideas, incluso sen orzamento, tamén,

porque vostede que tanto fala de cultura, que parece que aquí imos facer moitísimas cousas, o orzamento de Cultura é o 0,6 % de todo o orzamento da Xunta. E gustaríame saber, despois, como vai facer vostede todo o que xa prometeu anos atrás e segue prometendo se non ten orzamento para iso.

Pero mire, señor conselleiro, algún dato dalgúns sectores fundamentais, polo menos para nós —non para vostedes—, e que vostede citou, por exemplo as bibliotecas, unhas pinceladas, nada máis.

A rede das bibliotecas, que fundamentalmente está baseada nas bibliotecas locais, está nunha pésima situación. O mapa de bibliotecas de Galicia, que vostedes mesmos fixeron, indica que case o 70 % das bibliotecas galegas non teñen instalacións adecuadas nin equipamentos informáticos adecuados, e algunha hai que, por non ter, non ten nin Internet.

Hai cento seis bibliotecas pechadas neste momento en Galicia porque non teñen diñeiro nin teñen persoal. ¿Pero que pasa? Que claro, vostedes o que fixeron foi rebaixar, recortaron un 78 % o investimento en bibliotecas e no libro.

Vostedes simplemente reparten unhas cativas subvencións, e isto é un exemplo, señor conselleiro, que se pode extrapolar a todos os sectores. Non teñen unha verdadeira política de bibliotecas, que levaría a planificar as necesidades entre cinco e seis anos, a facer un bo plan de reforma de bibliotecas, que non é dar a todas o mesmo; é elaborar, manter e cubrir todas as carencias das bibliotecas.

Se falamos de bibliotecas falamos de libros, e vostede creo eu que sabe en que situación está a industria editorial —por certo, industria estratéxica, sector estratéxico do noso país— e como están a caer as publicacións, sobre todo de libro galego. Entre o 2008 e o 2015, señor conselleiro, descenderon un 43,8 % as publicacións de libro galego. A vostede isto non lle interesa nin lle importa, polo que se ve, porque non hai máis fondos para, dalgunha maneira, acortar esta situación.

Claro, con esta situación lese moi pouco en Galicia, eu cero que vostede o sabe, ¿non, señor conselleiro? En Galicia temos uns índices de hábitos culturais que están por debaixo de practicamente todas autonomías, e cóntolle algún, por se acaso non os ten na cabeza.

En Galicia non le ningún libro nunca un 30 % dos cidadáns, dos máis baixos de España. A media española é do 21 %; o País Vasco, o 10 %; nós, o 30 %. Pero os que len algún libro ao ano, simplemente o 57 %, dez puntos por debaixo da media española.

Vostedes ante isto digo eu que un goberno que planifica nalgún momento diría: necesitamos un bo plan de fomento da lectura. Non o temos, non o temos, todo o sector o pide e vostedes levan dez anos e non hai plan de apoio á lectura. *(Aplausos.)* Porque a vostedes non lles interesa o que pasa.

Visitas a museos, o mesmo, o 44 % dos galegos e galegas nunca visita un museo. O do teatro xa é terrible, o 72 % dos galegos e galegas afirman que nunca van a un teatro, nunca ven

unha obra de teatro. A última, a última de todas as comunidades autónomas. Pero somos a última en utilización do ordenador para fins culturais. Ocupamos a última posición en artes escénicas e a penúltima posición en gasto por familia en cultura.

Señor conselleiro, isto non pasou así sen máis, pasou despois de dez anos da súa xestión.

Patrimonio, que me preocupa moito, porque é un dos eixes fundamentais de calquera política de cultura. A súa política cultural sobre o patrimonio, fundamentalmente, é reactiva, non activa. Realmente é o que levan facendo todo este tempo. Tamén é certo que non chegan a ter oito millóns para a rehabilitación e mantemento do patrimonio cultural de Galicia. Claro, con iso eu entendo que moito non se pode facer.

Quero dicirlle, nesta obsesión que teñen vostedes co Xacobeo, e sobre todo coa unión de cultura e turismo, que se algo bo ten esa unión é o patrimonio, e espero — señor conselleiro, vostede me dirá— que patrimonio estea sempre supeditado á cultura, nunca ao turismo. Porque mire, o que fai turismo, o que fixo a axencia de turismo co patrimonio deste país sábemolo, temos un exemplo claro: o castelo de Monterrei. O castelo de Monterrei foi dirixido por turismo para un parador que non se necesitaba, e destrozando e causando moitos prexuízos ao patrimonio deste castelo. (*Aplausos.*) Non se pode facer isto, por enriba do turismo ten que estar sempre o patrimonio. Igual que o mantemento dos camiños, que son patrimonio cultural, tamén teñen que estar dirixidos por patrimonio, non por turismo.

Vostede falaba de desgravacións fiscais. Espero que vostede que sempre é rápido, e non ten inconveniente en dicir o mal que o fan os gobernos do PSOE — Andalucía, por exemplo, que sempre está con esa teima—, non terá problema en dicir que foi o Goberno de Pedro Sánchez quen desbloqueou algo que estaba bloqueado co presidente Rajoy, que eran as desgravacións fiscais e que agora as pon en marcha xa en novembro este goberno.

Tamén en dicir que para ese Plan BIC foron solicitados cen millóns ao Goberno de Madrid, non todo se fai dende aquí.

E do Xacobeo —e sinto que non teño moito máis tempo— vostede dicía —e dixo algo parecido agora — na presentación dos orzamentos que o Xacobeo será, e cito: «unha fonte inescrutible de ilusión e orgullo». Eu non tento romperlle esta vea poética que vostede ten cada vez que fala do Xacobeo, ¡eh, que lle queda moi ben!, non quero ser pragmática, pero gustaríame que ademais de aumentar a ilusión e o orgullo —que por certo dados os presupostos que vostede presenta o grao de orgullo nos sae carísimo—, que ademais de ter orgullo, queremos saber que impulso vai ter para a economía.

¿Vostedes saben, ou teñen previsto, a canto vai elevarse o PIB de Galicia a través do Xacobeo? ¿Teñen previsto isto? ¿Teñen algunha previsión de aporte económico? ¿Canto vai elevar o emprego? E non soamente no ano 2021, señor conselleiro, porque iso non serviría de moito, nada máis, se non que vai quedar despois do Xacobeo.

Teñen moito diñeiro para publicidade. Primeiro teñen un presuposto elevado, trinta millóns, fala vostede. Sabe vostede que a maior presuposto, máis responsabilidade. Se seguimos así,

vostede non vai poder dicir no ano 2021 que é que non puido facer nada porque a crise, o diñeiro, non tiñan diñeiro..., esta cousa que vostedes aplican tan ben á cultura e a outros sectores. Teñen moita publicidade, case dezanove millóns este ano entre Cultura e Turismo.

Quero recordarlle que rehabilitación do patrimonio ten sete millóns e medio, e publicidade dezanove. Paréceme ben, se as campañas publicitarias se fan como deben ser, pero, por favor, nos mercados emisores, porque toda a primavera e o verán deste ano o meu barrio estivo cheo de carteis que me dicían: «Vén a Galicia», e eu tiven un certo problema de ubicación, (*Aplausos.*) dixen eu, pero, a ver, ¿non estou eu en Galicia?, porque non era: «Vén á Coruña dende Lugo», que hai que mover este mercado interno, e a min paréceme ben, e que os coruñeses veñan a Lugo, que tamén me parece ben. Non, «Vén a Galicia».

Ben, eu estaba en Galicia, cumprín, (*Risos.*) non sei se formo parte deste relato de turistas que vostedes se traen, que hai un momento falabamos uns cantos deputados que vostedes nos recordan entre os peregrinos e os turistas aquela canción —que vostede igual recorda— de Los Mismos, a aquel turista 1.999.999; espero que cheguen a esa cantidade de peregrinos —imos en 300.000—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: Pero, iso si, coñecemos case persoalmente a todos os peregrinos que alí chegan, (*Aplausos.*) os trescentos mil coñecinos a través da prensa. (*Aplausos.*) A ver, hai que ser un pouco máis serios na publicidade —remato—, porque sabe vostede que o Xacobeo necesita —e agora falarémolo no segundo turno— moita dedicación. É un evento fundamental, moi importante para este país —dende logo que si—, pero sempre que se faga coa debida seriedade.

E un segundo, señor presidente, e remato, e que quero que, por favor, me poida contestar

Chamoume moito a atención, eu estou de acordo con vostede, señor conselleiro. A formación é fundamental tanto para o turismo como para a cultura. Pero gustaríame saber que se vostede está preocupado e vai falar coas universidades para nos ámbitos culturais formar técnicos en cultura e formar axentes culturais, ¿por que vostede está empeñado en pechar unha titulación na Facultade de Humanidades, que era a única que realmente estaba dirixida á formación de axentes e técnicos culturais? Porque a min me parece, realmente, unha contradición. Vostedes están terminando xa co que teñen e non fan nada novo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Señor conselleiro, xa falamos na súa comparecencia —para falar de orzamentos a semana pasada— de que hai distintas visións, distintas gafas de ver os mesmos feitos; realmente, estamos en visións nas antípodas, diría eu. Entón, podemos mirar con ollos e con gafas —digamos— produtivas o turismo, ou podemos miralo con ollos e gafas reflexivas, liberadoras, tendo en conta a integración de todo o ecosistema cultural galego.

Cando vostede fala de dez cuestións, se houbese que poñer nota aos dez roteiros que marca, suspenderían en case todas. Con respecto á planificación, está moi planificado o Plan estratéxico de turismo, pero o Plan estratéxico de cultura —que xa se dixo aquí e estaba anunciado dende hai moitos anos—, reanunciado polo presidente Feijóo, exactamente en decembro de 2016 —acababamos de chegar e moitos deputados e deputadas de aquí presenciámos esas declaracións nas que el dicía «o Plan estratéxico da cultura vai estar xa»—, aínda non o temos, e ata o 2020... Supoño que no 2019, pasado xa novembro, poderemos telo. ¿Para que nos vai servir?

Ben, con estas dúas perspectivas, unha pon o ollo, sobre todo, na protección do valor da existencia do ben. E temos un patrimonio riquísimo, e temos un ecosistema riquísimo, pero que está mal tratado e agredido. Se hai dúas seccións de todas as consellerías deste executivo peor tratadas esas son a cultura e a política lingüística. Datos obxectivos, cultura: anos 2008, 2009 e 2010, 141, 5 millóns de euros; neste momento, 2019, 71,9 millóns de euros.

E fala de equilibrio, hai un desequilibrio brutal entre turismo e cultura. O turismo enfocado só dende o punto de vista mercantil é un erro dende unha consellería que é de cultura. Claro, a letra de turismo está en corenta, a letra de cultura está en oito; e debera ser ao revés. (*Aplausos.*) ¡Home, non! (*Aplausos.*)

Vostedes poñen o foco no valor de uso, no que é o negocio. É, realmente, un excelente negocio. O que pasa é que —poñamos exemplos— o Xacobeo 21 o que nos suscita son dúas preguntas claves poñendo o exemplo do Son do Camiño, a atribución a dedo de case tres millóns de euros, dez anos de todos os festivais galegos e equivalente. Di, ¿que queremos saber? Si, queremos saber cal é o papel dos poderes públicos no seu apoio ao ecosistema cultural, un.

Segundo, algo moi grave, na adxudicación de contratos de patrocinio, ou nas políticas de apoio á creación e promoción da produción cultural galega, ¿van seguir permitindo esta grave distorsión para o mercado? ¿Van seguir facendo esta súa singularidade? ¿Van seguir facendo chanchullos?

Agora din, imos dar dous millóns de euros para un novo plan. Ben, pero falemos da xestión da Sociedade Anónima do Xacobeo, porque o 90 % ou o 80 % —non sei calibrar ben— de todo o seu discurso está centrado no Xacobeo 21. Moi ben, é unha continuidade do ano 1961, o primeiro Ano Santo que liderou Fraga, ¡é unha continuidade! Ben, é curioso que nesta Sociedade Anónima do Xacobeo, onde se viron claramente tensións internas larvadas na propia Xunta polo control desta empresa pública que agora se diluirán, seguramente, porque xa forman un todo, a señora Nava Castro promoveu substanciais cambios nos estatutos da sociedade.

E, no mesmo momento —estou falando non de hai tres mil anos, estou falando de maio de 2018, hai seis meses—, entre eses cambios que coincidiron coa chegada de Cecilia Pereira os cambios que se establecen estatutarios na sociedade mercantil permítenlle a esta señora contratar tres ou catro novos conselleiros asociados para a sociedade. E así se fixo. E isto, naturalmente, cando vostedes fan... Isto é unha empresa pública, pero, bueno, en concreto modifícase un artigo e temos que buscar e rastrear para ter este coñecemento.

A Cidade da Cultura. A Cidade da Cultura é curiosísimo, é unha cidade que na propia constitución e en todos os documentos figura como un espazo para xerar cultura, é un espazo para acoller cultura. Digamos que hai dúas cousas de incumprimento tamén do señor Feijóo, unha ten que ver coa multinacional Indra, e ten que ver con que vai ocupar no centro a Sala Eisenman, un centro tecnolóxico de ámbito sociosanitario.

Moi ben, tamén coas reformas da Lei de sanidade se permite que a Xunta contrate empresas privadas —aquí xa non falamos dunha sociedade pública— que van estar aí. É moi curioso isto, ¿non? E tamén están outras empresas, como a propia empresa Indra, que tamén colabora co Goberno nas bases de drones de Rozas. Participa tamén Inaer, que curiosamente é a empresa de cabeceira de alugamentos de helicópteros. É curioso, ¿na Cidade da Cultura!

Pero na Cidade da Cultura o señor presidente, que dixo no 2013 «non faremos máis edificios», agora anuncia un edificio administrativo interuniversitario, que xa se dixo aquí que vai en detrimento, ¿de que?, do I+D+i. Total, nos últimos dez anos deixaron de investir douscentos trinta e cinco millóns en I+D+i. Como non teñen que emigrar os nosos investigadores, como non teñen que estar na precariedade máis absoluta moitos profesores e moitos alumnos e alumnas que queren investigar, pois como non sabemos que facer, pois derivamos. Bueno, non cumpriu o seu compromiso persoal.

O Gaiás, que ía custar unha barbaridade, cen millóns de euros, vai polos trescentos millóns de euros, ¿en detrimento de que? En detrimento da cultura deste país, ¿en detrimento da cultura! Pero non acaba aí a cousa, por se non o saben algunhas señoras deputadas e deputados, o mantemento anual son nove millóns e pico, é dicir, o 14 % de todo o que hai para a cultura neste país.

Ben, falar de patrimonio, museos e bibliotecas preocúpanos moitísimo, porque vostedes sempre introducen pola Lei de acompañamento cousas un pouco escuras. E entón a Lei de rehabilitación e rexeneración urbana pensamos que é unha preocupación severa. E a rehabilitación tamén é dos modelos que se empreguen.

En fin, con respecto á fundación xa o dixemos, é un saco sen fondo. O edificio Fontán vai ser, tamén, carísimo; cremos que se podería facer doutra maneira.

E quero aproveitar agora para poñer á par a Axencia Galega de Industrias Culturais, que acolle todo o ecosistema, parte importantísima do ecosistema, é dicir, as artes escénicas, as artes musicais, as artes visuais e mesmo un organismo que ao mellor non tería que estar aí, porque é máis museo que centro de produción, que é o CGAC. ¿E canto ten? É como para reformular toda a Axencia Galega de Industrias Culturais.

Constantemente estivo dicindo: hai que potenciar as industrias. Hai unha potenciación, hai un incremento do dez e pico —quero dicilo ben—, é un 10,4 % de incremento para a Axencia de Turismo. ¿E saben canto é o incremento para a Axencia de Industrias Culturais? O 0,04 %. ¡Que vergonza! Cultura contra a mentira, señor conselleiro. (*Aplausos.*) ¡Cultura contra a mentira! (*Aplausos.*)

Unidades de produción minguadas, o Centro de Danza polo chan. Agora fala dun macro evento de danza. ¡Menos mal que agora se acordan! Pero está polo chan o Centro Dramático Galego, un centro de produción que debería ser —como se dixo mil veces— o buque insignia deste país, e está minguado, hai unha produción anual. ¡Un despropósito absoluto! ¿Que fixo o señor director da Axencia Galega de Industrias Culturais para non meter o nariz aquí. É dicir, potenciemos de verdade a industria cultural aproveitando o Xacobeo 21, ¡claro que si! Pois nada, deixar comer todo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...pola axencia. De tal maneira —e remato esta primeira intervención— que Agadic ten 11.721.000 euros para toda a profesión, que é moi profesional e moi madura. A música, as artes escénicas e as artes visuais, moi profesionais e moi maduras, están en precario, pero con toda a dignidade, porque a profesión cultural neste país non é esmoleira e por iso mantén a dignidade. Voluntarismo, si; profesionalidade, tamén; e un esforzo impresionante para que vostede tamén se sinta orgulloso, como nos sentimos todas as que coñecemos ben este sector que foi o peor tratado dende o 2009 ata o de agora. Pois a comparativa fala soa.

A Axencia Galega de Turismo recibe 64.184.000 euros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...falan os datos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día tamén ás persoas que nos acompañan na tribuna.

Señor conselleiro, moi bo día. Benvido ao pleno a comparecer, por petición propia, para explicar as liñas estratéxicas da súa consellería, consellería de nova creación, a Consellería de Cultura e Turismo, de cara a esta nova etapa que se abre.

E a verdade é que un —aínda que vai pasando o tempo e xa levamos un tempo aquí e nos imos coñecendo todos e escoitándonos e vendo cal é o xeito de facer política de cadaquén—

é curioso como en ocasións non deixa de saír do seu asombro con determinadas intervencións e con determinadas perspectivas e determinados puntos de vista dos grupos políticos que interveñen nesta cámara.

Pero, bueno, como ben se dicía, estamos nesta comparecencia despois de ter unha comparecencia de orzamentos xa o luns pasado. E é curioso porque estamos vivindo ese revival da comparecencia de orzamentos. Pero eu pensei —tiña a esperanza ou tiña a ilusión— que despois desa comparecencia de orzamentos non simplemente se estivese alí para defender as posicións inamovibles que un ten permanentemente, senón que se fixese unha reflexión, que os grupos da oposición escoitasen o que se lles dicía, reflexionasen e, ao mellor, hoxe mudaban o seu discurso. Pero vexo que iso é unha utopía, desgraciadamente, un non-lugar. Os discursos da oposición permanecen inamovibles, permanecen ancorados nesa visión catastrófica, nesa visión pesimista, nesa visión, en definitiva, cativa de Galicia; unha Galicia que pintan eles pechada en si mesma, unha Galicia non orgullosa de si mesma e, en definitiva, unha Galicia que non coincide para nada coa visión de Galicia que ten o resto da cidadanía.

Vostedes seguen tratando —falabámolo o outro día— a cultura e o turismo como compartimentos estancos, como se nada tivera que ver a cultura co turismo. Dicía o conselleiro ao inicio da súa intervención, nunha metáfora que me pareceu moi acaída e moi interesante, que turismo e cultura son o rostro e a alma do mesmo corpo. Turismo e cultura son rostro e alma do mesmo corpo.

Do mesmo xeito que dende a perspectiva cartesiana se falaba da comunicación das substancias de alma e corpo, de como se comunicaban a través desa glándula pineal, digamos que neste caso a Consellería de Cultura e Turismo vén exercer precisamente de vehículo de comunicación entre a alma e o rostro de Galicia, que son a cultura e o turismo.

Nese sentido, a nós parécenos positivo que se traia a esta Cámara un plan de actuación cunhas liñas estratéxicas —este decálogo de actuacións que nos marcou o conselleiro— que poñan o fincapé na planificación, competitividade, sustentabilidade, singularidade, accesibilidade, orgullo, equilibrio, profesionalización, innovación, internacionalización... Todas cuestións fundamentais para elaborar un proxecto cultural e turístico propio dun país orgulloso de si mesmo como é Galicia. Nese sentido, eu teño que facer unha serie de matizacións e de precisións sobre as intervencións que fixeron os resto dos grupos porque nos resulta chamativo.

Señora Rodil, vou empezar facendo unha pequena referencia ao que vostede dicía, porque dedicou unha parte importante da súa intervención a falar sobre o feito de que aínda non estivese desenvolvido na súa totalidade o Plan de dinamización do galego, da lingua galega, na mocidade. Pois si, si, xa vostede o di en voz baixa, pero é que, se realmente nos guiásemos polas políticas do BNG, a día de hoxe non existiría ese plan de dinamización da lingua galega na mocidade porque vostedes estaban en contra da elaboración dese plan. Estaban en contra, inicialmente, da elaboración do plan, e agora veñen recriminar que o plan non está desenvolvido na súa totalidade.

Mire, ¡coherencia! Nós defendemos a elaboración deste plan e continuamos apoiando o desenvolvemento do mesmo, e nese sentido parécenos moi positivo o que sinalaba o señor

conselleiro da necesidade de crear actitudes positivas cara á lingua. Porque ao final —díxenllo nunha ocasión e creo que vou ter que repetirlló— hai un erro moi común desde a perspectiva sociolingüística, que é intentar vincular o futuro dunha lingua á situación ou ao futuro dunha forza política. Pero se intentamos vincular unha lingua a unha forza política, ao final córrese o perigo de que o destino da lingua siga o mesmo camiño ou o mesmo destino que esa forza política. E, nese sentido —xa digo—, nós temos unha visión ampla: a lingua galega é de todas e todos os galegos. (*Aplausos.*)

A verdade é que me fixo graza esa comparación do Xacobeo cun monocultivo cultural. Falaba vostede do novo monocultivo; un eucalipto cultural, ou algo así, creo que esbozou vostede na súa intervención. Mire, isto é unha tomadura de pelo, ¿verdade? Isto é unha tomadura de pelo. Fala dun dos motores económicos de Galicia, non só o Xacobeo, senón toda a política turística e cultural de Galicia, que —como dicía o señor conselleiro na súa intervención— supón un 13 % do produto interior bruto desta comunidade autónoma e un 15 % do emprego desta comunidade autónoma, e quere facer vostede esa brincadeira de falar dun monocultivo cultural, obviando totalmente os recursos que se detraen diso que vostede chama monocultivo cultural e a repercusión que iso ten na sociedade.

Vostedes en ocasións veñen aquí e fan discursos enchéndose a boca de que hai que potenciar os recursos propios, potenciar a nosa economía... ¡Oia!, pero ¿que mellor forma de facelo que potenciando aquilo que sabemos que funciona e ten efectos contrastados na nosa economía e nos nosos sectores produtivos? ¿Que mellor fórmula que facelo así? ¡Home!, evidentemente, no sector cultural... O que pasa é que eu creo que non prestaron atención a todo o que se lles sinalaba. Falouse de diferentes medidas nos diferentes ámbitos da cultura e do turismo para mellorar a situación actual da cultura e do turismo en Galicia. Falóuselles de medidas, déronselles moitas claves de cal é o camiño que entende a Consellería que hai que continuar para que estes sectores sigan mellorando o momento no que están; porque se atopan nun momento de crecemento, diciámolo o outro día na comparecencia de orzamentos. O que pasa é que vostedes iso non queren velo.

Continúen coa teima de que o Xacobeo é algo así como unha mera verbena de pueblo. Continúen coa teima de que o patrimonio e a cultura e o turismo de Galicia non teñen nada que ver entre si, que son única e exclusivamente cuestións totalmente diferentes, compartimentos estancos que non se relacionan e que ademais non teñen ningún efecto sobre a economía e sobre a realidade produtiva de Galicia, e, evidentemente, a xente que os escoite quedará asustada; quedará asustada e seguirá vendo que non existe unha alternativa real de goberno en Galicia. Porque non existe un proxecto alternativo de goberno en Galicia máis que catro ideas felices que, ao final, o que fan é asustar a cidadanía, porque ¡Deus me libre de poder comprobar cales serían os efectos das súas propostas sobre a realidade económica e produtiva de Galicia!

Levan ademais teimando, fixérono os tres grupos, xa o facían na intervención de orzamentos, e eu pensei —como dicía antes— que se reflexionaría despois desa intervención e que, ao final, determinadas cuestións desaparecerían do discurso. Pero non, aí está, *O Son do Camiño* outra vez. Seguen teimando unha e outra vez na cuestión relativa ao *Son do Camiño*, ao custo do *Son do Camiño*, 3 millóns de euros, pero esquecéronse por completo do retorno económico

do *Son do Camiño* que sinalaba o conselleiro o outro día nas súa intervención: 13 millóns de euros. Poñan na balanza: investimento, 3 millóns de euros; retorno económico, 13 millóns de euros. ¿Vostedes considéranos un investimento ineficiente? Pois ¡alá vostedes!, xa digo.

Son perspectivas diferentes, e niso empato co que dicía a señora Cuña, evidentemente. ¡Claro que temos visións diferentes! ¡Claro que temos visións de país diferentes! Vostede dicía que podíamos mirar o país, ou a realidade do país, a través de ollos con gafas produtivas ou de ollos con gafas reflexivas. Mire, o problema é cando as nosas gafas están empañadas por eses vapores que emanan dos plenarios de En Marea, que ao final o que fan é empañar as nosas gafas e non nos permiten ver a realidade.

Vostede chegou aquí e empezou a despotricar intentando mandar acusacións veladas. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si, fíxoo, mandando acusacións veladas de se existían loitas polo control dunha sociedade pública. Por iso lle digo que ao final vostede aquí o que pensaba é que estaba no plenario de En Marea, que é onde realmente existen loitas por controis de órganos, por controis (*Aplausos.*) da realidade política dese grupo.

Pero, mire, deixando un pouquiño a broma á parte porque a cuestión que estamos a tratar é bastante seria, a min gustaríame que, se realmente vostede quixera facer un traballo serio a prol da cultura e do turismo en Galicia, cambiase a perspectiva, cambiase as súas lentes, e o mirase dende as lentes que o mira toda Galicia, dende as lentes da necesidade de que o turismo e a cultura sexan sectores produtivos, sectores competitivos e sectores que, en definitiva, lle dean á sociedade galega o retorno dos investimentos que se fan nestes sectores para que mellore a situación dos mesmos.

Xa para rematar, simplemente unha referencia a unha cuestión que sinalaba tamén a señora Burgo, que dicía dalgún xeito que debería primar a perspectiva cultural sobre a turística en todo o que ten que ver co patrimonio. A ver, ¡vamos ser tamén un pouquiño rigorosos! Vostede sabe perfectamente que para manter o patrimonio fan falta fondos, fan falta recursos, evidentemente, ¿non? Falouno, díxoo na súa intervención, ben. Vostede sabe que unha das liñas fundamentais de captación de recursos para o mantemento do patrimonio son precisamente os fondos procedentes da Unión Europea; sábeo, lévano sendo os últimos vinte e cinco anos. Pois vostede sabe tamén perfectamente que os fondos da Unión Europea para mantemento do patrimonio priman fundamentalmente o uso turístico.

Entón, ¿que imos facer? ¿Imos negar a realidade, darlle as costas ao camiño polo que podemos captar fondos da Unión Europea para o mantemento do noso patrimonio, dándolle o uso que lle debemos dar ao patrimonio? Nós entendemos que hai que seguir por este camiño e por esta liña para conseguir manter o patrimonio e poñelo en valor.

Porque miren —e xa con isto remato—, dicíalle o outro día na nosa intervención que en Galicia temos un tesouro. O noso patrimonio, a nosa cultura, son un tesouro. E para poñer ese tesouro en valor temos que dálo a coñecer ao mundo. E a fórmula para darlle a coñecer este tesouro ao mundo é a través do investimento en política turística que poña en valor o noso patrimonio cultural. E iso é o que veu expoñer hoxe o señor conselleiro de Cultura e Turismo, cal vai ser o camiño que vai seguir o Goberno galego...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...para poñer en valor o noso patrimonio cultural a través de políticas de promoción, difusión e para que coñeza o noso tesouro o resto do mundo.

Están a tempo aínda. Lanzou unha proposta o señor conselleiro que vostedes nin mencionaron nas súas intervencións, que é a conformación dese grupo de traballo para traballar a prol do deseño, da confección, do Xacobeo 2021. Están a tempo aínda de cambiar a súa perspectiva, de mudar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...esas lentes das que falaba a señora Cuña e achegarse para traballar...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...a prol de algo que será moi importante para a sociedade galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Réplica, conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade que a señora Rodil ten razón nunha cousa e voulla dar. A política cultural do Bloque é diferente á do PP. Iso creo que é moi afortunado para Galicia, porque a verdade é que a política cultural do Bloque xa se coñece, señora Rodil. Coñeceuse na Xunta de Galicia durante o Bipartito e coñécese perfectamente nos concellos e nas deputacións onde vostedes teñen mando. E se vostede busca aí pluralidade, se vostede busca aí autonomía, se vostede busca aí liberdade, se vostede busca aí non sectarismo, dificilmente o topa. Esa, realmente, é a forma de facer política que demostraron e demostran sempre, (*Aplausos.*) e a nosa política non é así. Repito, a nosa política é absolutamente diferente á súa.

Tamén lle vou dicir, señora Rodil..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que habitualmente vostede, persoalmente, é boa facendo slogans. Téñoa escoitado en máis ocasións e creo que é unha boa deputada nese sentido. E fixo un slogan referente ao monocultivo cultural que tamén lle chamou a atención ao deputado do Partido Popular. Voulle dicir unha cousa, nós non somos de monocultivo. E voulle dicir outra: a cultura que practica o Partido Popular, que é aberta, que é libre, que non hai ningún dirixismo, ten unhas raíces profundas, fondas, como os carballos, non como os eucaliptos. E dígolle por que. Porque nós apostamos e traballamos todos os días coa cultura de base: coas bandas de música, coas asociacións máis rurais, con todos os colectivos que profundan e apoian a cultura de base. E iso, dende

logo, diferéncianos de vostedes, e estamos tremendamente orgullosos de ter unha política cultural absolutamente diferente á súa. *(Aplausos.)*

Evidentemente, señora Rodil, nunha semana non se pode mudar os discursos, non se pode. Vostede tampouco mudou moito o seu discurso, señora Rodil, non avanzou realmente nada, pero nos reprocha que levemos un mes de atraso na presentación dun plan. Acepto que levemos un mes de atraso: íámolo presentar en outubro e estamos en novembro, a principios de novembro, e non o presentamos. Acepto ese reproche. Pero vostede tamén ten que ter as orellas un pouquiño máis abertas e escoitar o que eu lle dixen: a estratexia da cultura ímola presentar no Consello da Xunta antes deste fin de ano. Por certo, noutros ámbitos non vexo que haxa plans ou estratexias como se está planificando esta. Co cal, ¿que quere que lle diga?

Vostede tamén trae aquí a colación ao señor Fraga, e tamén non sei a que temos que aternos, porque uns días din que Fraga é bo e que case o botan de menos, din en moitas ocasións que o Bloque bota de menos a Fraga, e outros días cualifícanos como Atila; vostedes cualificárono habitualmente, nos seus discursos, como Atila, co cal non sabemos a que aternos, ou non sabemos cal é a realidade que nos di o Bloque neste ámbito.

Vostede citou un festival que tamén foi citado, en xeral, por parte de todos os portavoces da oposición, que é O Son do Camiño. ¡Home!, eu creo que se ten falado xa moito nesta cámara do Son do Camiño. Vostedes intentan lanzar unha nebulosa de ilegalidade. Non hai en ningún momento nin unha soa ilegalidade ao respecto.

E vostedes, que tanto se preocupan polo emprego, pola cultura, polo emprego cultural, pola promoción de Galicia... cando se lles din os datos, é difícil que poidan responder. Vostede sabe que máis do 50 % dos asistentes eran de fóra Galicia, díxenllo o outro día; que xerou unha ocupación hoteleira brutal non só en Santiago, senón en toda a contorna próxima; que xerou máis de 850 postos de traballo, dos cales máis do 80 % foron con empresas e con provedores galegos, e que tivo un retorno económico de arredor de 13-15 millóns de euros. Se o sabe e o obvia, realmente estamos escondendo datos que é importante dicir. E tamén obvia que acadou un premio recentemente, o día da comparecencia, como mellor festival de España a nivel revelación. Eu creo que debemos estar orgullosos do bo traballo que se fixo. ¿Que hai que melloralo? Por suposto. ¿Que hai que corrixir algunhas cousas? Por suposto. Pero creo que é un gran evento cultural, cunha vocación turística incuestionable.

Segue co seu discurso de serie e cuestiona o Centro Dramático Galego. Nós pensamos que o Centro Dramático Galego fai un enorme e moi bo traballo, cunha dirección tremendamente profesional e libre que fai coproducións e producións propias que xiran polo país con notable éxito, pero vostede se ciñe ao seu discurso de serie e pouco máis vemos.

Señora Burgo, vostede e mais eu somos de letras, pero vostede é máis de letras ca min. E voulle dicir por que. Porque me dixon varias veces que levo cinco anos de conselleiro de Cultura. Non é verdade, non levo cinco anos de conselleiro de Cultura. Non llo quería dicir, pero como o dixon tantas veces, teño que dicirlle que non, que eu levo sendo conselleiro de Cultura dende febreiro —creo recordar— do ano 2015, pero non son cinco anos, son menos. E claro, vostede aquí xera unha nebulosa de confusión. Primeiro, quéixase de que esteamos planifi-

cando o Xacobeo 2021. Entendendo como vostedes facían, acepto tamén a súa crítica. Enténdemolo, porque vostedes, para o ano 2010, creo recordar que se ten dito nesta Cámara que deixaron cero papeis de planificación para o Xacobeo 2010. Un evento que para vostedes era tan importante, realmente tíñano como o tiñan. E claro, lanzan uns datos que xeran confusión, e eu pediríalle que mos deixara aclarar.

Bibliotecas. Galicia ten máis de 500 bibliotecas, ¡máis de 500 bibliotecas! As de xestión autonómica están perfectamente dotadas Poderían ter máis medios, obviamente, pero están ben dotadas e dan un magnífico servizo. Claro, se vostede fala das bibliotecas municipais, estou seguro de moitos concellos onde goberna o PSOE, e di que están en mal estado, pois acepto esa crítica con gusto, pero saiba que aquí estamos xestionando as bibliotecas autonómicas, non as locais, ás que, por certo, axudamos notablemente. E estamos preparando un plan para, naqueles concellos onde non hai biblioteca, poder chegar aí cun plan de bibliotecas itinerantes.

Pero despois vostede —permítame que llo diga— veu falar aquí mal dos galegos. Veu aquí falar mal dos galegos. Non van ao teatro, non compran libros, len pouco... Vostede, en sede parlamentaria, fala mal dos hábitos culturais dos galegos. E se fora verdade, aínda o poderíamos entender, pero é que é mentira. Eses datos que vostede di son mentira.

E mire, na Estratexia da cultura galega que se cita habitualmente aquí hai uns datos que vostede debería coñecer. Xa lle dixen, 500 bibliotecas. Outros datos interesantes: os galegos compran libros por riba da media de España. Vostede acaba de dicir antes que non se ve. Bueno, pois compramos libros por riba da media de España.

En lectura, en Galicia estamos practicamente idénticos á media de España. Temos a rede de librerías máis densa de España. Somos a cuarta comunidade autónoma en número total, cando demograficamente non temos ese umbral. E en número de librerías por cada cen mil habitantes, somos a primeira.

Falouse aquí tamén de que estamos por debaixo en todos os indicadores, e iso non é certo. E claro, a culpa diso pois é do PP, claro, ¡obviamente! Se vostede di que a xente non vai ao teatro, a culpa é do PP, non me cabe a menor dúbida e non lle cabe a menor dúbida ao conxunto da sociedade.

Nós xa coñecemos a cultura do PSOE, é unha cultura con moitas luces, cunha enorme cantidade de luces. E menos mal que vostede non falou de museos, porque creo que tamén na política cultural do ámbito dos museos —non vou citar a ningunha cidade para non xerar ningún agravio— realmente o Partido Socialista brilla absolutamente na calle Príncipe. *(Aplausos.)*

Acúsanos de propaganda. Mire, eu o que si lle vou asegurar é que como conselleiro de Cultura en ningún momento me vou presentar a un grupo ou a unha actuación promovida pola Xunta de Galicia en calquera evento ou en calquera circunstancia. Non somos de presentar grupos, non nos gusta ese tipo de propaganda, non a imos facer. Co cal, realmente, que o digan tan alegremente, habería que ter, polo menos, un pouco de discreción nalgunhas cuestións que vostede está dicindo.

E claro, fálanos de patrimonio, do patrimonio cultural. ¡Moi ben! Hai algunhas cidades que vostede coñece moi ben que o coidado que lle dan ao Camiño de Santiago —patrimonio da humanidade— que pasa por esa cidade é cero, ou incluso quedan a deber. E claro, gustaríame que chegase a aquí e dixese: o Partido Socialista, a nivel de Goberno, vai apoiar a rehabilitación do conxunto do patrimonio, como dixo, por certo, o ministro. Sen poñer cartos. Terá que botar as súas contas, pero é algo que si dixo o ministro. Incluso as deputacións, ou os concellos, que poden rehabilitar patrimonio. Porque iso, a rehabilitación do patrimonio, non é unha cuestión única da Comunidade Autónoma. Non, non, non, son os propietarios dos bens. E todas as administracións públicas, por mandato legal, temos a obriga de defender, rehabilitar, promocionar e pór en valor o noso patrimonio. A Xunta faino. Outras administracións... bueno.

E tamén fala vostede dunha cuestión na que me vai permitir que a corrixa. Acaba de dicir aquí practicamente que as desgravacións fiscais que entran hoxe en vigor son grazas ao señor Sánchez. Desgravacións fiscais que por primeira vez duran tres anos para captar o recurso privado, o patrocinio privado, para a execución do Xacobeo. Direille, señoría, que as desgravacións fiscais foron nunha lei de orzamentos elaborada polo Partido Popular, por petición da Xunta de Galicia, e que o señor Sánchez votou en contra dese orzamento, aínda que hoxe o use e pareza que o vai querer seguir usando. Pero non diga que iso é grazas ao señor Sánchez.

¡Home!, o Goberno Sánchez seguiu tramitando unha petición que está en orzamentos e que, obviamente, lle compete facer. Pero non diga que é grazas a xestión do señor Sánchez, que, por certo, votou en contra de que se poñan en marcha, neste caso, desgravacións de tres anos para a posta en marcha do Xacobeo.

E claro, tamén notei unha gran preocupación pola organización do Ano santo. Dígolle o que lle dixen antes, é lástima que no ano 2010 non tivese esa preocupación o Partido Socialista, cando chegaron cero euros do Goberno socialista daquel momento, e cando o presidente do Goberno, en todo o Ano santo Xacobeo, non tivo unha mañá ou unha tarde para vir a Galicia. Se esa é a preocupación do Partido Socialista respecto dunha comunidade autónoma e respecto dun conxunto de sentimentos e dun gran evento como é o Camiño de Santiago, o desprezo que se fixo naquel momento, espero que non sexa neste. Pero, realmente, que vostede fale tamén de moita dedicación e de que é fundamental, contradíse claramente co anterior.

Señora Burgo, tamén fixo unha pequena chirigota referente aos anuncios que se fan, dentro de Galicia, da promoción turística de Galicia. Saúlle ben, pero direille que unha porcentaxe altísima do turismo que existe en Galicia é turismo interno. Un señor de Lalín que pode ir a Lugo ou á Mariña, e un señor da Mariña que pode ir á ría de Vigo. E isto é moi importante, é moi importante que haxa promoción interna, porque, se non somos quen de poñer en valor os recursos culturais, paisaxísticos e turísticos que temos dentro de Galicia, ao mellor o turismo interno de Galicia váisenos, e é fundamental retelo, sobre todo nas épocas non estivais; é dicir, nas épocas nas que é necesario desestacionalizar a oferta. E estou seguro de que, se vostede coñecera este dato, non o diría.

Respecto da señora portavoz da Marea, eu xa lle dixen con todo o cariño na pasada comparecencia que facían exercicios politicamente infantís cando facían comparacións dos orza-

mentos de hoxe cos do ano 2008, cos do ano 2009 e incluso cos do ano 2010, cando xa estabamos implementando, planificando e executando o propio Xacobeo.

Obviamente hai unha cousa na que non coincidimos, e iso non é nin bo nin malo; non coincidimos. Vostedes teñen unha idea do que é o turismo tremendamente pexorativa. O turismo galego non é como vostedes o ven. A inmensa maioría do turismo galego é un turismo tranquilo, de familia, cunha base cultural moi importante. Non é un turismo no que nos tiremos polos balcóns, ese non é o noso modelo turístico. O que si nos preocupa, onde a Marea ten algún tipo de responsabilidade, son as medidas que queren adoptar, pois son sempre medidas orientadas a reducir, a que haxa menos, a que baixe o turismo, como se fose malo, sexan taxas, sexan moratorias... Dá a sensación de que vostedes o que queren é que baixe a actividade turística, que se xere que pechen hoteis, que pechen restaurantes, e despois manifestarse porque se pechan eses restaurantes e eses hoteis. Ás veces dá esa sensación, porque todas as liñas de traballo que fan están orientadas a reducir un sector económico que xera unha porcentaxe moi significativa do PIB galego, unha porcentaxe moi significativa do noso emprego e que ten un vencellamento directo coa actividade cultural dun xeito incuestionable.

O noso modelo turístico —insisto— non é o modelo de tirarse polos balcóns, que si existe noutras áreas de España. Realmente, en Galicia non é o noso nin o queremos, e agardemos que nunca o sexa.

Vostede tamén nos plantexa unha crítica respecto da Cidade da Cultura. Xa leva moitos anos criticando a Cidade da Cultura, pero francamente estamos xa ante un modelo consolidado, un modelo onde desenvolven moitísimas actividades, onde hai profesionais traballando e que cada vez está máis interiorizado na cidadanía. Voulle dar un exemplo só. Onte, un día malísimo, chovía. Ademais de haber arredor de 500 persoas traballando en diferentes proxectos culturais e tamén tecnolóxicos, algúns vencellados coa saúde, como vostede ben di —que eu non vexo por que sexa malo ese proxecto—, onte desenvolvíase un evento na Cidade da Cultura onde había 800 nenos de todo o mundo nun campionato de xadrez a escala mundial. Iso xera unha transcendencia importante para o país. Pero ademais había unha exposición de persoas con discapacidade, arredor de 150 persoas, que expuxeron alí as súas obras e que estaban visitando a Cidade da Cultura. Para vostedes a Cidade da Cultura é como unha especie de mantra, e ás veces non sei se falan desde o descoñecemento, se coñecen realmente no que se está traballando e desenvolvendo aí, ou se o fan simplemente porque toca, porque toca.

Fala de transferencias. Vostede sabe, eu non sei se naquel momento, señora Cuña, vostede militaba no Bloque ou onde militaba, nin me importa, pero voulle dar un dato respecto das transferencias económicas que facía o Goberno autonómico á Cidade da Cultura. O ano no que máis transferencias autonómicas houbo á Cidade da Cultura foi o ano 2008, 80 millóns de euros. Conselleiro da Consellería de Cultura, o Bloque. Ese é o dato, é o dato: no ano 2008, 80 millóns de transferencias feitas por un Goberno autonómico no que a área de cultura estaba xestionada polo Bloque Nacionalista Galego.

E claro, di que o edificio Fontán é caro. Unha única pregunta, ¿cuantificou vostede aproximadamente, só aproximadamente, canto pode ser o custo dun solar urbano con aparcamento

e con todos os servizos: alcantarillado, seguridade, enerxía eléctrica, pegado á autoestrada e practicamente no linde dunha cidade? Só o custo desa parcela botaría por terra calquera crítica ao custo económico do Fontán, que, por certo, é un edificio interuniversitario de I+D+i como existe en moitísimos campus galegos. Centros de investigación, centros tecnolóxicos, que son financiados cos mesmos fondos que o vai ser este centro. Entón ¿que é o malo? ¿O centro en si, cofinanciado pola universidade, ou a localización? Porque aquí dá a sensación de que só lle parece mal que estea aí. Se este centro interuniversitario do que van participar as tres universidades, no que vai haber grupos de investigación en áreas de coñecemento como a paisaxe, como a xeografía —que é a miña área—, como a economía, como a arte, como o patrimonio etc., estivera noutra localización, ¿a vostede lle parecería mal? ¿Ou só critican que estea nunha localización perfectamente inserida nun complexo cultural como é a Cidade da Cultura, cuns servizos económicos e uns servizos urbanísticos ao seu carón que fan que sexa moito máis barato? Porque, se realmente é iso, tamén llo acepto. Direi que están equivocados pero acéptollo. Pero que estean cuestionando constantemente esta aposta da universidade e da Xunta de Galicia pola creación dun centro interuniversitario de referencia nun ámbito de coñecemento que non existía en Galicia, onde van situarse servizos básicos para favorecer a concreción dun sistema universitario galego como pode ser o Consorcio, como pode ser a CIUG etc., realmente deixan o seu argumentario moi lonxe.

E claro, hai sempre unha visión negra. Parece que non hai confianza, pola súa parte, na cultura nin no turismo deste país, que case non hai confianza no que somos, e hai moitísimos profesionais, e moi bos, nos ámbitos culturais, ¡boísimos!, con moitísimo mérito e con moitísima capacidade, e tamén no ámbito turístico, que xeran unha enorme cantidade de postos de traballo.

Xa lle dixen que é moi difícil separar, nun modelo como o galego, ambas realidades. Hai cuestións que son puramente turísticas, obviamente, e cuestións que son puramente culturais. Pero existe un gran marco de relación entre ambos mundos que xustifica claramente o que estamos a falar, e o exemplo máis claro é o Xacobeo, é o Camiño de Santiago. Porque ¿que é o Camiño de Santiago máis que un feito cultural histórico, cunha raíz cristiá, que se basea na peregrinación de centos, de miles, de millóns de persoas a unha cidade Patrimonio da Humanidade como é Compostela? Se vostede aí non ve cultura e non ve interrelación entre ambos mundos, tomo a metáfora do portavoz do Partido Popular e volvo falar da percepción errada que se pode ter ás veces cando queremos ver o mundo dun xeito diferente ao que é.

E para rematar, señorías, a verdade é que non me sorprendeu o seu discurso porque xa o vimos tamén, hai pouco máis dunha semana, na comparecencia de orzamentos, e cada vez estou máis tranquilo porque, escoitándoos a vostedes, estamos cada vez máis seguros de que imos por bo camiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Antes das intervencións dos portavoces, saudamos os alumnos e alumnas de 4^o de ESO do IES Manuel García Barros, da Estrada. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Benvidas tamén a todas as persoas que están agora na bancada.

Non nos sorprendemos ninguén, foi todo máis ou menos sobre o previsto, vostede tampouco. Non sei, conselleiro, se é que o fixo tan mal o luns pasado que o tivo que repetir vostede agora no Pleno por segunda vez. (*Aplausos.*) Pero sempre é gustoso —e dixémosllo tamén naquela comparecencia— poder falar de política cultural. Recuperamos —como viña reclamando durante os últimos anos o BNG— a Consellería de Cultura, e agora o que nos falta é enchela de contido; as políticas culturais, estamos esperando por elas.

Eu tamén lle vou dar a razón. Mire, hoxe saímos con algo no que estamos de acordo o BNG e neste caso o Partido Popular, representado na Xunta de Galiza: a política cultural do BNG e do Partido Popular son absolutamente diferentes. Niso coincidimos plenamente. (*Aplausos.*)

Nós traballamos, defendemos, desenvolvemos e cando tivemos oportunidade —e aínda noutros espazos— na Xunta de Galiza de levar a cabo ese proxecto político e esas políticas culturais, fixémoslo, e fixémoslo sempre dende unha perspectiva de transparencia e de democracia, que había pouco, cando existía o IGAEM, ¿non?, que apostase sempre na dimensión social da cultura, porque a cultura é algo máis que un recurso económico. A cultura é un dereito que ademais xera riqueza e ten unha dimensión tamén de transformación social. Sempre en traballo permanente, en relación e en diálogo constante coas persoas, cos axentes e coas entidades que representan os distintos sectores culturais, moitos nados precisamente naquela altura para procurar esas sinerxias e esa interlocución coa Xunta de Galiza.

Unha política cultural que aposte polas capacidades creativas e produtivas da nosa cultura, da nosa lingua e da nosa identidade, pero non cando chega o Xacobeo, porque a vostedes parece que lles acordou que existía cultura e sectores culturais neste país cando estaba ás portas, a tres anos, ese Xacobeo 2021. ¿Que estiveron facendo ao longo de todo este tempo, preguntámonos nós desde o BNG? ¿Que hai do traballo da Xunta de Galiza, das políticas culturais, durante todos estes case dez anos?

E, se mo permite, a resposta doulla eu: nada. É nada. Vostede criticaba a política cultural do BNG cando tivo responsabilidades de Goberno na Xunta de Galiza, pero tan mal non o deberon facer, toda vez que na maior parte das estruturas e do marco normativo en política cultural deste país mantense o que xerou o Goberno do Bloque Nacionalista Galego, o Goberno do bipartito naquela altura. A Lei do libro do 2006; o Plan de artes escénicas do que lle falaba, que o meteron vostedes nunha gabeta e deixaron que morrera por inanición, ano 2008; a propia Axencia Galega de Industrias Culturais, que tamén data daquela altura; o Centro Coreográfico Galego, que tamén o citaba vostede, tamén naceu naquel momento; marcas de internacionalización ou de proxección das industrias culturais a respecto da música, por exemplo GalicianTunes. Había moitos proxectos, o problema é que vostedes deixaron que parase o tempo. É dicir, levamos dez anos agardando a que vostedes nos explican

cal é a súa política cultural, e parece que agora, que aparecen as luces do Xacobeo, acordoulles que tiñan que desenvolver unha política integral, unha política estratéxica e unha política planificada, que, doutra banda, era algo que lles vén reclamando o sector da cultura desde hai moitos anos.

Cuestionaba como goberna o BNG. Facía ademais referencia expresa á deputación. Tan secretarios somos que, nas deputacións nas que está o Bloque Nacionalista Galego, nunca os gobernos municipais do Partido Popular tiveran acceso a tantos recursos de maneira obxectiva e de maneira transparente como a través dos plans Único. (*Aplausos.*) Pregúntenlles, pregunténelles, que nunca tiveran acceso a tantos.

E ata me gustou que trouxese a colación a Deputación da Coruña, para que nos fagamos unha idea de cal é a diferenza da política cultural do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular. En festivais de cine, de música, de artes escénicas..., só na provincia da Coruña, a través dos fondos dirixidos pola Deputación da Coruña, investiuse o dobre —nos concellos da provincia da Coruña— do que destinou a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura para todo o país. Esa é a diferenza. Se se queren facer políticas culturais, o primeiro que hai que poñer enriba da mesa, señor Rodríguez, son orzamentos, e eu xa llo relataba na miña primeira intervención.

¿Por que falabamos de monocultivo? Non monocultivo cultural, faciamos a referencia dese monocultivo porque é que non ven outra cousa, ¡é que non ven outra cousa!, e as tres cuartas partes da súa intervención así o deixaron de manifesto. O único que hai de aquí a 2021 é ese Ano Xacobeo, e nós o que dicimos é que, máis alá do Xacobeo 2021, temos sectores culturais que necesitan orzamentos, que necesitan planificación, que necesitan impulso durante todo o ano para seguir garantindo ese dereito que é a cultura, que ademais xera unha importante riqueza.

Simplemente en relación con algunhas cuestións das que falaba —xa remato con isto, presidente— o portavoz do Partido Popular, como catastrofistas, ese é o argumentario que temos estes días aquí dentro do Parlamento por parte do Partido Popular. Dígallo vostede á dirección do CDG, que non ten recursos para sacar adiante as súas propostas e os seus proxectos. E no último evento público, no que estivo precisamente o señor conselleiro coa dirección do CDG, dicíalle que necesitaban saír dese ostracismo ao que o teñen relegado, volver blindar con recursos públicos para facer do Centro Dramático Galego o que nunca debeu deixar de ser, que é o Teatro Nacional e o grande motor das artes escénicas do noso país.

En relación co da política lingüística, que tampouco se volveu citar —e con isto si que de verdade remato—, nós non estamos en contra do Plan de normalización, nós o que cuestionamos aquel día era a súa política lingüística, e voulles poñer un exemplo de onte mesmo. Non sei se o señor Valentín García estará véndonos a través das pantallas, agardo que si, pero onte o secretario xeral de Política Lingüística comparecía no centro Ramón Piñeiro promocionando publicamente unha guía de elementos químicos en lingua galega. Alí estaba o secretario xeral de Política Lingüística. Física e Química está prohibido impartilas en galego neste país, desde o ano 2010, polo seu Decreto do plurilingüismo (*Aplausos.*) Iso é co que estamos nós absolutamente en contra.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Ten razón, señor conselleiro, equivoqueime nos anos que vostede leva. ¡É que me duran tanto os anos que vostedes levan no Goberno, que xa non sei contar! (*Aplausos.*) É certo. Entendo que como vostede quere recuperar ese ano que eu lle quitei, nese ano vai rematar todo e poñer todo perfecto. Porque, se o tivera, xa estaría todo listo.

Mire, doulle a razón nisto, pero teño que dicirlle que tamén me preocuparon moitísimo algunhas da súas verbas, señor conselleiro.

Os indicadores de hábitos culturais que eu din son do Observatorio da Cultura Galega, son datos oficiais. E se a vostede non lle preocupa que Galicia teña eses índices culturais, a min si que me preocupa moito que vostede pase diso e faga ademais unha broma sobre iso.

Mire, señor conselleiro, un dos labores máis importantes que ten un Goberno en cultura é consolidar os públicos; é aumentar os públicos en toda as ramas e os sectores; é fidelizar o público, porque a cultura se fai para algo, para alguén, necesita un público enfronte. ¿Sabe vostede por que din os galegos e galegas que non van ao teatro? Porque non teñen ningunha infraestrutura cerca das súas casas que poñan en función obras de teatro. Ademais, vostede ten esa obriga, que non o fixo, non hai nin unha soa política de fidelización de público, nin de aumento de público, tampouco nos nenos e nenas, que é tamén moi preocupante. Polo tanto, a min si que me preocupa que vostede non crea que iso é cousa súa.

Fala moito das sinerxias en turismo e cultura, e eu doulle a razón, hai sinerxias moi importantes. E vou volver comentarlle unha que é unha boa proba diso: o Museo da Romanización, de Lugo. É unha infraestrutura cultural fundamental dende o punto de vista histórico e museográfico, e tamén un reclamo turístico. Levan vostedes prometendo este museo dende o 2009, señor conselleiro, ¡dende o 2009! Non hai nada, e vostede négase a dicir se o van facer ou non.

Comprenderá, señor conselleiro, que aínda que eu queira —e sobre todo con vostede, sabe que eu quero crelo— non podo crer no que din porque, unha vez tras outra, non cumpren as súas promesas, e esta é unha delas. Pero espero que cando o fagan —porque quero seguir crendo que o van facer— o faga Cultura e non Turismo. É un equipamento turístico, pero fundamentalmente é unha infraestrutura, e o Museo da Romanización quen ten que facelo é Cultura. E quero saber tamén se o van facer ou non.

Quero comentarlle tamén —non falei porque ía falar agora— sobre o Son do Camiño, porque O Son do Camiño é indicativo de dúas cousas, señor conselleiro. Unha, ¿que forma cultural queren darlle ao Xacobeo? ¿Soamente eventos únicos con moito diñeiro e con grandes estrelas a golpe de talonario? ¿Iso é o que queren? Pero O Son do Camiño ten outro problema,

que é a forma en que se xestionou. Imaxino que vostede quere manterse na legalidade. Se todo foi legal, señor conselleiro, se todo foi como debía ser, ¿por que sigo esperando polo expediente do Son do Camiño? Porque o pedín polo artigo 9 hai seis meses e vostede non o envía. ¿Que hai que esconder neses pregos de condicións e nese expediente que vostede non dá? Porque, se todo é legal, ¿por que a oposición non o podemos ler? ¿Pode contestarme a iso ou enviarme ese expediente?

¿Vai facerse o Son do Camiño desta maneira, cunha incidencia negativa nas empresas culturais galegas porque dá o monopolio de moitísimos millóns a unha soa? Sabe vostede que iso está a pasar. Pero ¿onde está o expediente?

Outra cousa que non podemos crer, porque non podemos crer en vostedes, é que nos volvan facer isto dos grandes eventos e dos fastos a golpe de talonario. Mire, señor conselleiro, é moi difícil esquecer que un goberno autonómico destinou 300.000 euros a un videoclip de Enrique Iglesias, porque iso foi o que fixeron vostedes en Turismo e fomos o *hazmerreír* de todas as administracións turísticas. ¡Claro! Porque, ¿a quen se lle ocorre?, ¡300.000 euros! Hai moito menos diñeiro que 300.000 euros para os festivais musicais, 250.000. Con eses antecedentes ¿quere vostede que creamos que agora van facer outra política? Terán, por suposto, polo menos que demostralo, e ocuparse do que é tamén realmente importante no Camiño, que é o mantemento do Camiño, que é a defensa de todos os camiños.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: Remato.

Sabe vostede que se están facendo actuacións moi criticadas nalgún dos camiños, por exemplo, no Camiño primitivo. O Foro do Camiño están denunciando ante Icomos o uso do asfalto e a entrada de máquinas neste Camiño. Queren vostedes que desapareza a singularidade de cada Camiño e facelos todos iguais, como estradas, con tanto de anchura, con zahorra ou con asfalto. Iso non é protexer o Camiño, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BURGO LÓPEZ: E ese é un dos seus labores básicos.

Sinto moito non poder seguir falando con vostede porque hai moito que facer e moito que dialogar sobre o Xacobeo e a cultura.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Eu creo que está moi claro que hai modelos distintos e que é moi importante telos en conta. Un modelo neoliberal, que busca negocio, negocio, negocio e ne-

gocio, rendibilidade, e que, naturalmente, só fai públicos os seus pactos con empresas privadas se alguén llo pide, malia ter a obriga legal de divulgalos todos. Isto de arranque.

Despois, o seu enfoque é absolutamente produtivo e o noso enfoque é pro común, é unha diferenza abismal. O que levan demostrando todos estes anos é un compromiso nulo coa cultura deste país e co ecosistema completo. Se non —insisto—, de 141 millóns a 71,9. Isto non é infantilismo, estes son datos obxectivos. E se vostede escoitase algunha vez, tería algunha resposta.

¿Parécelle moi ben que o gasto en cultura estea na metade que hai dez ou once anos? ¿Parécelle ben? Hai dez, hai nove, hai oito, estaba moito mellor. ¿E parécelle que a recuperación é significativa e beneficiosa? ¿Parécelle ben que para normalizar a nosa lingua abonden 8.788.000 euros? ¿Parécelle ben? ¿Cre que isto non incide directamente nunha perda de falantes? ¿Parécelle ben esa agresión? ¿Parécelle ben esa depredación? ¡Porque isto é agresión e depredación! Vostede vai dicir: teñen unha visión escura e apocalíptica. Non, señor, escura e apocalíptica non, é unha visión con datos obxectivos, e entón vostede salta con afirmacións que non se poden banalizar, ¡por favor!

¡Claro que temos sectores riquísimos, importantísimos! Non é o problema que non haxa xente formada, cualificada, que é quen de facer grandes proxectos. Proxectos ben elaborados, non como o Plan estratéxico da cultura, ao que o propio Consello da Cultura Galega puxo moitísimas dúbidas. Dixo literalmente que eran necesarios indicadores básicos; que hai escaseza de estudos cualitativos; que é aconsellable que sexan realistas; que as políticas culturais institucionais simplemente, pero doutra maneira; que haxa discriminación positiva, efectivamente, cara a unha profesionalización, e evitar, sobre todo, a fragmentación dos sectores.

Fomento da lingua, datos. Seguimos cos datos, datos contundentes. Vostede falaba de internacionalización, por exemplo. Por poñer o exemplo do libro, adxudícanlle e atribúen 30.000 euros para que poidan ir a feiras internacionais. Se lle parece que con isto contribúen, está ben.

En corporacións locais, cando falaba dos 10 puntos, falaba tamén da sustentabilidade, da singularidade, da inclusión, do orgullo, do equilibrio. Falando de equilibrio territorial, non hai máis que ver os orzamentos por provincias para ver que Lugo e Ourense quedan á cola. Ourense, único concello gobernado polo PP e único concello que non ten nin aprobados os orzamentos, ¡é unha vergonza! Pero sempre vostedes teñen que poñer por diante os concellos onde non gobernan. Poñan, por exemplo, o Concello de Ourense e miren comparativamente o tema territorial.

Con respecto á Axencia Galega de Industrias Culturais, señor conselleiro, vostede xa se tratou hai ano e medio, cando eu lle dixen: por favor, díganos cal é a memoria da axencia, ¡que teñen obriga legal! A Axencia Galega de Industrias Culturais ten obriga legal de poñer diante unha memoria. Vostede o que me trouxo foi un libro de actividades, un recompilatorio de actividades. Entón ¿quen é o que non está ben informado, señor conselleiro?, ¿vostede ou nós?

Con respecto ás industrias culturais, obviamente, se queren de verdade potenciais, incrementen os orzamentos. Que me diga que o Centro Dramático Galego —que, por certo, pescudaremos máis, pero hai contratacións irregulares nas últimas producións— funciona de marabilla, é non ter os pés no chan.

Como non temos moito máis tempo, por favor, non banalicemos, tomemos a cuestión coa importancia que ten. Naturalmente, o turismo cultural é importante para un país, ¡turismo cultural! Pero non vendan como moto que xeran moitos postos de traballo porque os postos de traballo que xera son precarios e estacionarios. É un incremento, ¡claro!...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...pero cando falan de retorno, o retorno non é para a cultura propia. Díganos, señor conselleiro, ¿ese retorno a quen beneficia? Por favor, díganos isto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: As preguntas temos que facelas. Xa sei que non vai contestar a nada, que é a súa tónica xeral, pero procúreo, por favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Bo día de novo a todos e a todas.

Está claro que existen modelos diferentes e que temos perspectivas e puntos de vista diferentes, e probablemente moitas cuestións irreconciliables, porque, por moito que nós intentamos —que se intenta dende o Goberno de Galicia e tamén dende este grupo— facer pedagogía para intentar trasladar unha visión realista de cal é a situación dos sectores produtivos en Galicia, dende a oposición inténtase unha e outra vez continuar salpicando esas sombras de dúbida.

Señora Cuña, volve subir aquí e volve lanzar sombras de dúbida sobre outra cuestión, sobre procesos de contratación. Esa non é para nós unha forma sensata de facer política, ¡vostede verá!

Claro que hai modelos diferentes. Hai modelos ensimismados, modelos pechados en si mesmos, modelos que non saen cara ao exterior e non escoitan o que di a cidadanía. E despois hai modelos que están en consonancia coa cidadanía.

Vostedes fixeron un relato das bondades —fíxoo a señora Rodil— do modelo político ou de política cultural do Bipartito. Fixo un relato das teóricas bondades dese modelo cultural. Por iso lle digo que hai modelos ensimismados e outros conectados coa cidadanía.

Era tan valioso ese modelo cultural que á primeira ocasión que tiveron os galegos de falar sobre que opinaban del dixéronlle: ¡fóra! Era tan valioso ese modelo cultural que foi rexeitado pola cidadanía galega na primeira ocasión que tivo para facelo. Polo tanto, ¡joia!, se vostede quere seguir defendéndoo, ¡deféndao! Nós imos seguir traballando e defendendo modelos que escoiten a cidadanía, apegados á cidadanía e que nos conecten coas necesidades e cos desexos dos cidadáns. Ese é o modelo que se está a aplicar dende o Goberno galego nos últimos anos e que ademais está a dar resultados positivos en todos os indicadores, aínda que vostedes non o queiran ver.

Falaban de que non existe unha dotación orzamentaria suficiente para a Consellería de Cultura e Turismo. Falaban algo así como de que na intervención de hoxe non se falaba de dotación orzamentaria. Falamos de orzamentos a semana pasada e vostedes viron cal era o crecemento do orzamento da Consellería de Cultura e Turismo. Vostedes incluso se felicitaron naquela intervención —algúns de vostedes— do incremento de recursos para políticas culturais e de turismo. Pois entón agora non intenten trasladar unha imaxe diferente do que dicían o outro día.

Miren, seguen tendo unha visión moi cativa do que é o Xacobeo. De verdade, calquera que os escoite... Parece que queren trasladar esa imaxe de festa parroquial ou de verbena de pueblo. O Xacobeo é un evento que afortunadamente só temos en Galicia, que non o hai en ningún outro lugar do mundo, que ao longo de 365 días ao ano permite estar no escaparate máximo de proxección a nivel nacional e internacional. Iso é o Xacobeo. Vostedes seguen relativizando o valor e a importancia deste escaparate, dun escaparate que ¿a quen beneficia? ¡A quen vai beneficiar! ¡A Galicia! (*Aplausos.*) ¡Un escaparate que beneficia a Galicia, señores! (*Aplausos.*) E non deben olvidar que a xente que chega a Galicia come nun restaurante galego, dorme nun hotel galego, está atendido por traballadores de servizos que son galegas e galegos.

En referencia ao Son do Camiño, espectáculos e demais, falaba a señora Cuña de traballos precarios e estacionarios. Mire, o traballo máis precario e máis estacionario é aquel que non existe. Ese é o traballo máis precario e máis estacionario, o que non existe. (*Murmurios.*) Iso para empezar. Vostedes, dende a esquerda, coñecen perfectamente os modelos de traballos inexistentes, xa que é o seu modelo político ao longo de moitos anos: xerar traballadores que non traballan; é dicir, xerar paro. É ao que nos teñen acostumbrados durante moitísimo moitísimo tempo.

Pero volvamos ao tema do Son de Camiño. Volvemos, si, sacamos datos. Díxeno na primeira intervención e volvo dicilo agora: 3 millóns de investimento, 13 millóns de euros de retorno. ¿Para quen van eses 13 millóns de euros de retorno? Para os traballadores e traballadoras que traballan alí, empresas todas elas de Galicia, nun 80 % provedores —dixo o señor conselleiro— para a hostalería, para o comercio, para o transporte... Todos sectores produtivos galegos que se benefician dun investimento realizado nun evento que permite chegar a Galicia; un 50 % das persoas que estaban nese evento eran de fóra de Galicia. ¿Iso non lles parece razoable? Bueno, continúen co seu modelo, ese modelo que a cidadanía galega non quere.

Miren —e xa remato con isto, señor presidente—, hoxe eu quero agradecerlle ao señor conselleiro que viñera aquí, ao Pleno do Parlamento, explicarnos cales van ser as liñas estraté-

xicas de actuación da súa consellería nestes anos para potenciar e dinamizar o turismo e a cultura en Galicia.

Teñen un obxectivo claro, saben cal é a meta. Teñen un camiño con dez paradas ou estacións, como nos relatou vostede na súa primeira intervención. Agora ben, si lle digo unha cousa, señor conselleiro, lamentablemente, na oposición non vai ter compañeiros de viaxe.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Peche da comparecencia, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que as comparecencias sempre nos dan sorpresas. Hoxe vimos unha portavoz do BNG defendendo as deputacións, e unha deputación concreta, onde ve unha parte dos sectores culturais e non ve a outra. Porque os sectores culturais, non todos, pero algúns sectores culturais da provincia da Coruña e da cidade da Coruña, quéixanse amargamente da orientación específica que levan as axudas da Deputación da Coruña. Iso é algo que está constatado nos medios de comunicación. Eu non vou entrar en se teñen razón ou non, pero alegrámonos de que o BNG defenda neste caso as deputacións.

Mire, vostede basicamente fixo unha reprodución do que foi o debate vencellado aos orzamentos, á comparecencia de orzamentos. Eu fixen unha descrición valorativa dos orzamentos do ano 2019 para esta consellería, pero hai moitas cuestións que hoxe anunciei nesta comparecencia, que ten unha visión máis longa que a comparecencia de orzamentos, que vostede non citou. Non o citou ningún deputado da oposición. Ninguén citou o Plan de mellora de aloxamentos turísticos. Non sabemos se están en contra ou a favor. Saberémolo ao longo do tempo cando o presentemos. Un plan que é importantísimo para mellorar a oferta de aloxamentos turísticos e mellorar a calidade e os servizos turísticos dirixidos a persoas que —como ben dixo o señor Fernández—, veñen deixar recursos económicos en Galicia e, por extensión, a xerar moitísimos empregos.

Si é certo que falei do Plan de BIC naquela comparecencia, pero aquí tamén falei dun programa que imos facer para desenvolver accións de inclusión no ámbito da cultura e do turismo que parece ser que tampouco interesou porque non o citaron; ou do programa Galicia Sabe, que vai ser importantísimo para dinamizar os nosos produtos locais, produtos de proximidade, dunha enorme calidade; ou dos itinerarios culturais que imos poñer en marcha baseándonos basicamente nos pequenos cascos históricos, pois temos unha rede de pequenos cascos históricos en pequenas cidades do país —citei a Betanzos, a Tui, a Mondoñedo— dun altísimo nivel, pero non se citou en ningún lado. Tampouco vostedes entraron a debater en ningún momento a Mesa de traballo que queremos poñer, xunto co Estado, para planificar con tempo algo que vai supoñer un cambio importantísimo para Galicia a nivel de mobilidade interna e de mobilidade externa, que é unha mesa para ir ordenando e ir prevendo como a

chegada do AVE e como o Xacobeo van modificar os fluxos de poboación no conxunto do territorio.

Sobre estas cuestións, que entendemos claves para mellorar a sustentabilidade do país e para preparar o día seguinte, a ningún portavoz da oposición lle oín dicir nada. As cuestións claves, básicas, para planificar, para preparar, para facer os deberes para o 2021, ninguén as dixo. Pero xa non só para o 2021, senón para o día seguinte do 2021. Realmente iso denota unha visión moi cicatera do que vostedes ven neste ámbito de xestión pública.

E claro, di a señora Burgo que os datos que cita son do Consello da Cultura. Os meus tamén, jos meus tamén! E os meus non coinciden cos seus. Entón, aquí algo falla, e vostede seguiu insistindo en que os galegos temos uns hábitos culturais pésimos e insistindo en que a culpa é o do Goberno, obviamente.

Mire, a nós preocúpannos moito os hábitos culturais dos galegos e das galegas, preocúpannos moitísimo, por iso traballamos moitísimo na cultura de base como un obxectivo fundamental para potenciar o orgullo do propio, porque a cultura de base é estar orgullosos do noso, pero tamén para ir creando futuros consumidores de cultura, futuros usuarios da cultura no ámbito educativo. Non é a miña responsabilidade neste momento, pero hai un traballo enorme, por exemplo, no mundo das bibliotecas escolares para fomentar hábitos lingüísticos no mundo educativo. Parece que non existe. Ou fomentando as redes de programación impulsadas por Agadic en colaboración cos concellos, que só o ano pasado xeraron máis de 1.000 funcións espalladas por todo o territorio galego.

E claro, dinos que en Galicia non hai infraestruturas culturais. Home, creo que Galicia ten unha das mellores redes de auditorios, casas da cultura, infraestruturas culturais que hai en calquera parte de España, porque practicamente en todas as vilas e en todos os pobos hai un equipamento cultural de primeirísimo nivel. ¿Que hai que melloralo? Sen dúbida, hai que melloralo. ¿Que algúns están obsoletos? Sen dúbida. Pero me gustaría saber que comunidade autónoma ten unha rede de infraestruturas culturais tan importante como ten a galega. Gustaríame sabelo, porque seguramente levaríamos unha sorpresa. Vou pedir o dato, que seguramente nos vai sorprenden.

E claro, aquí parece que hai... non vou dicir unha fobia, pero si como un rexeitamento ao turismo. Vostede cita o Museo da Romanización e di, que non o faga Turismo. ¡Caramba!, se un vai ao Louvre ou vai ao Prado, ¿que ve nesas instalacións culturais? Turistas. Entón, realmente é sorprendente esa especie de mensaxe subliminal de que o turista é malo, como se non foran persoas que están consumindo un ben cultural e como se non fosen persoas, familias, etc., que están desfrutando do ocio, do tempo libre e xerando recursos para as localidades onde están. É francamente sorprendente.

E claro, vostede seguiu falando das bibliotecas. Hai cidades onde algúns gobernos municipais tardaron máis de dez anos en facer bibliotecas, en reconverter bibliotecas, e deixar, segundo a información de prensa, a máis de 20.000 potenciais usuarios sen libros. E ese dato que, obviamente, é responsabilidade municipal, non do Goberno autonómico, non se cita.

Os festivais teñen un enorme impacto económico, cultural e turístico. Basta ir, cando se celebran os festivais, uns días antes a Viveiro, a Nigrán, a Redondela, a Boimorto, entre outros máis, para ver o impacto económico, a forza cultural e a potencia que ten a rede de festivais galegos e que dende a Xunta de Galicia apoiamos, sen dúbida ningunha, con ordes directas e tamén cun programa que iniciamos o ano pasado, que tivo moi boa repercusión, que foi o Fest Galicia. E claro, seguen cun discurso de serie, e eu a verdade é que non llelo quero dicir pero case me leva a dicírllelo, falan de talonario, de cultura de talonario.

Hai un proxecto que se intenta vender como cultura tamén, que custa 4,5 millóns de euros, e que é certo que vai deixar unhas rúas moi ben alumeadas. E que vostedes cuestionen un investimento como o do *Son do Camiño*, cando o seu máximo representante político a nivel galego fala dun impacto e dun investimento de 4,5 millóns de euros, realmente o deixa en mal sitio. Igual que tamén habería que ser máis prudentes cando se fala de protexer o patrimonio.

Eu pediríalle, señora Burgo, con todo o cariño e respecto que lle teño, que se ten man para intentar convencer a dous alcaldes socialistas que queren poñer unha tirolina nos canóns do Sil, dous alcaldes socialistas, un de Lugo e outro de Ourense, se pode facer algo, dígalles que non vaian por ese camiño, que non poñan unha tirolina, porque iso realmente é algo francamente fantástico.

Señora Cuña, modelo neoliberal, depredación, empresas privadas, precariedade... ¡Nada novo baixo o sol! Xa sabemos que non hai nada novo baixo o sol neste discurso. Eu si lle digo que a cultura, igual que todos os servizos públicos neste país, nos últimos anos tiveron unha época de auténtico sufrimento, moitos deles colgados por pinzas: a educación, a sanidade, o apoio ao traballo. Todos, ¡eh! Algúns din que foi culpa do PP. Non, non, o PP tivo que xestionar as causas, pero desde o punto de vista político houbo unhas consecuencias que levaron a esas causas. E a cultura é certo que tivo unha caída económica, pero tamén non é menos certo que nos tres últimos anos estamos nunha senda de crecemento económico. Estamos medrando economicamente en todos os orzamentos de cultura cuns díxitos moi superiores á media do que aumenta o orzamento da Xunta de Galicia, e eses son datos empíricos que non temos nin que comentar, son datos reais.

E claro, fáleme vostede do Plan estratéxico da cultura e di que o Consello da Cultura Galega o critica. Pero o Consello da Cultura Galega é socio neste proxecto noso. O diagnóstico do que tanto se fala encargámolo nós, e parece que están cuestionando algo no cal somos —como xa dixen— socios.

A verdade é que, por unha parte, dicía no anterior remate da miña intervención que marchou tranquilo, pero tamén marchou un pouco triste e preocupado. E digo por que. Porque dá a sensación, polo que escoitamos nesta Cámara, de que aos grupos da oposición, que teñen unha función política e de representación social enorme, importantísima, que representan unha porcentaxe moi grande dos galegos e das galegas, non lles importa un sector que mobiliza unha porcentaxe altísima do PIB galego e que mobiliza a unha porcentaxe altísima do emprego galego.

Eu voules dicir a vostedes, e tamén llo digo a Galicia, que ao Goberno da Xunta si nos preocupa e si nos interesa moito potenciar un sector económico tan importante e tan vital para

Galicia como é o turismo, e asociado claramente á cultura. Sabemos que un turismo con modelo galego é tamén un motor de arrastre para a nosa cultura, para os nosos sectores culturais. Por iso entendemos que o proxecto que temos por diante, que é un proxecto a longo prazo, non é un proxecto de luces cortas, é un proxecto de luces longas, onde estamos xa traballando para planificar o ano 2021, pero tamén traballando para planificar o post 2021, é un proxecto absolutamente de país.

Díxeno ao inicio, queremos ter un proxecto sólido e de futuro. Temos as liñas estratéxicas definidas, temos obxectivos específicos definidos e temos tamén accións concretas para levalos a cabo. E creo, señorías —aquí permítanme unha certa contradición co portavoz do Partido Popular—, eu si os espero. Espero que os partidos da oposición: o Partido Socialista, o Bloque Nacionalista e En Marea ou En Marea-Podemos, como se chame, poidan sumarse en positivo a este gran proxecto, que aspira a ser un proxecto máis alá dunha formación política e que aspira a ser un proxecto de país e a poder, dalgún xeito, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ter todos xuntos unha liña de traballo conxunta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Punto segundo da orde do día, mocións. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio, por favor. ¡Silencio!

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea. (*Murmurios.*) Silencio, por favor.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción. (doc. núm. 39422) Emenda de adición.*)

Engadir ao texto da moción os seguintes puntos

<<3. Elaborar e aprobar, coa participación de todas as institucións e sectores afectados e logo da correspondente tramitación parlamentaria, un Plan Director de Mobilidade Sustentábel, Saudábel e Segura que teña en conta todas as formas de mobilidade: motorizada, peonil, ciclista, ferrocarril e transporte de ría. O citado plan deberá estar aprobado no ano 2019 e terá como horizonte final o ano 2030. Os seus obxectivos e liñas estratéxicas deberán estar aliñadas coa Estratexia Galega polo Desenvolvemento Sustentábel e de Loita contra o Cambio Climático.

4. Elaborar un Plan sectorial de estradas para os viais de competencia autonómica e local centrado na seguridade viaria, a accesibilidade e na protección dos usuarios máis vulnerábeis das estradas.

5. Promover bonificacións nas autovías de titularidade autonómica con peaxe, A55 Coruña-Carballo e A57 Vigo-Val Miñor, aplicando descontos de ata o 50% na viaxe de volta cando ida e volta se efectúan o mesmo día, así como bonificacións progresivas para quen fai un uso frecuente en función do número de viaxes efectuadas ao longo do mes, cun maior desconto para nas persoas usuarias que máis teñen que utilizar a autoestrada por razóns laborais e de acceso a servizos públicos. Asemade, realizarase un estudo coa finalidade de eliminar a peaxe nestas autovías.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta Moción. (doc. núm. 39422)

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva:

«3.-Elaborar un informe que de conta do descenso orzamentario e a falta de execución das partidas de Fomento para Galicia durante os anos de Goberno de M. Rajoy, co obxectivo de solicitar ao novo Goberno do Estado, a modo compensatorio, un plan específico de investimentos en Galicia para actuar nas infraestruturas de competencia estatal.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Álvarez Martínez. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señor Cal, silencio.

Señor Álvarez Martínez, ten a palabra. (Murmurios.)

Silencio. Silencio, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Presenta hoxe o noso grupo parlamentario unha moción como consecuencia da interpelación que se lle fixo á conselleira de Infraestruturas e Mobilidade no último pleno, e tamén —aínda que non como consecuencia desde o punto de vista do Regulamento da Cámara— da pregunta que se lle fixo ao señor presidente da Xunta de Galicia sobre o cumprimento do Plan MOVE.

Ambos recoñeceron explicitamente que o Plan MOVE fracasara, tal e como estaba concibido, e por iso eu tamén, parafraseando ao señor conselleiro de Cultura e Turismo, me queixo amargamente —seguramente de forma inútil— do que está a ocorrer cun programa que era propaganda pura e dura a sabendas. E como lle dixo o meu compañeiro, o señor Losada, á conselleira de Infraestruturas, no ano 2010 xa tiñan que saber o que había con respecto ás débedas, aos ingresos da comunidade autónoma, etc. E por iso este plan seguiu sendo propaganda.

Vanme dar, estou ben seguro, unha resposta de serie —algo que tamén repetiu o conselleiro en varias ocasións falando do discurso tanto do Grupo Socialista como do Bloque Naciona-

lista Galego como de En Marea— e vanme falar da débeda herdada, vanme falar da mala xestión dos gobernos precedentes, vanme falar da nefasta historia que deixou o Bipartito despois do ano 2009. Pero eu tamén quería dicir aquí, con carácter previo a esta intervención, que débeda é a que deixa o señor Feijóo, a que deixa xa neste momento, que multiplicou por sete a débeda existente na Comunidade Autónoma cando el se fixo cargo do Goberno. Incrementouna en 6.400 millóns de euros. E como consecuencia de todo isto, lóxicamente, temos que pagar máis débeda. E o feito claro de que isto é así é que nos orzamentos que se están discutindo neste momento para o ano 2019 se incrementa un 37 % o capítulo destinado ao pago de débeda. Esa é a realidade, ese é tamén o discurso de serie que ten o Partido Popular.

Falamos, en definitiva, nesta moción que presentamos hoxe, do Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica, o coñecido como Plan Move, que tiña, como todos sabemos, un horizonte de desenvolvemento entre os anos 2010 e 2020. Tiña varios obxectivos, pero os tres fundamentais eran a mellora da seguridade viaria, o incremento do investimento en mantemento nas nosas infraestruturas e mellorar a accesibilidade do territorio.

Tamén se nos dirá que hoxe o 83 % da poboación galega está a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións. Pero o certo é que no primeiro goberno do señor Feijóo, no ano 2009, deseñouse o plan inicial, que despois se modificou en outubro de 2010, e que lle recortaron 621 millóns de euros, nada menos que 621 millóns de euros sobre os 4.265 que estaban previstos.

Pero é que estas previsións —as segundas, as do ano 2010—, que abarcaban, como dixen, ata o ano 2020, non se cumpriron; pois a maior parte das infraestruturas previstas están pendentes do seu desenvolvemento. Simplemente a nivel de comentario numérico, é dificilmente discutible, porque ademais son datos que figuran extraídos da propia documentación da Xunta de Galicia. En outubro do ano 2010 tiñamos 334 quilómetros de vías de altas prestacións, ou vías de alta capacidade, nesta comunidade autónoma; e en xullo de 2018 temos 497. Este dato último está extraído do que ten publicado a propia consellería na súa páxina *web* relativo á rede autonómica de estradas de Galicia.

Quere dicir que en oito anos se construíron 163 quilómetros —aproximadamente 20 por ano—, dos cales unha parte moi importante estaban xa licitados. Do resto das tipoloxías que prevé o Plan Move, da rede primaria básica e da primaria complementaria e secundaria, nin falamos, porque están igual que no ano 2010. Polo tanto, temos executado o 29 % dos 565 que prevía inicialmente o Plan Move. Temos feitos 163, e, como dixen, de vías estruturantes, nada de nada. Basta, a modo de exemplo, mencionar o desdoblamento da vía de altas prestacións entre Brión e Noia. Estaba previsto o seu remate para o ano 2015 e non hai nada feito neste momento. Do cinturón oeste da área metropolitana de Santiago non hai nada feito, salvo parcialmente un tramo. A vía de altas prestacións Tui-A Guarda está iniciada, pero sobre ela preguntou tamén o señor Losada no último pleno e dixo que había un lugar a punto de converterse en lugar de interese turístico, tendo en conta que había unha explanación na que dentro de pouco aniñarían aves. Do desdoblamento da vía de altas prestacións entre Nadela e Sarria sabemos, si, que no ano 2019 van empezar a tramitar os papeis, a documentación da estrada. Practicamente, da vía de altas prestacións norte, da costa norte, non hai

nada feito salvo un tramo inaugurado recentemente entre Celeiro e Xove. E así todo o resto do plan, esta é a realidade.

Dicía que se nos ía falar de investimentos, pero é certo que no capítulo de investimentos o programa que prevé a construción destas infraestruturas tiña no ano 2009 —que estaba orzado polo Bipartito— 449 millóns de euros. No ano 2010 que xa estaba orzado polo goberno do señor Núñez Feijóo —co coñecemento que deberían ter, polo menos, da situación económica da comunidade autónoma—, 419 millóns de euros; é dicir, practicamente a mesma cantidade. Pero é que no ano 2011 reducírona a 299, é dicir, recortáronlle un 29 % do orzado con respecto ao ano anterior.

¿Que nos fai supoñer o proxecto de orzamentos desta comunidade autónoma para o ano 2019? Non máis do mesmo senón menos do mesmo, porque cunha redución con respecto ao ano 2018 de 7 millóns de euros cabe esperar que a conclusión, o impulso ao plan Move, vai quedar absolutamente en nada.

En canto á planificación en materia de estradas, que debería ser o instrumento a través do cal todos tiveramos coñecemento de cales son as liñas estratéxicas que vai seguir o Goberno da Xunta de Galicia, do que se vai construír, cando se vai construír, con que finalidade, con que criterios, etc., o Plan director de estradas de Galicia nin está nin se espera. Nin está nin se espera porque, pese a que o temos publicado na Lei 8/2013 de estradas de Galicia coas modificacións correspondentes, fálásenos de que a planificación en materia de estradas se desenvolve a través de dous instrumentos: primeiro, o Plan director de estradas de Galicia e, segundo, os plans sectoriais de estradas.

Non temos absolutamente nada feito desde o ano 2013 para dar cumprimento a esta lei que aprobou un goberno do Partido Popular, goberno que está particularmente especializado en publicar leis, tramitalas cunha máxima garantía, máxima celeridade, máxima obxectividade e máxima precisión, pero que despois non serven absolutamente para nada porque ningunha delas se cumpre. Neste caso estou a falar desta Lei de estradas de Galicia.

Ese Plan director de estradas de Galicia, que é a planificación plurianual das actuacións que en materia de estradas pretenden facer as distintas administracións, non pasou en ningún momento polo Parlamento, nin pasou o Plan director de estradas nin pasaron, evidentemente, os plans sectoriais de estradas.

Parece razoable que, dentro da planificación que pode facer un goberno con maioría absoluta, se informe con transparencia. Porque ninguén lle vai quitar nin unha coma da planificación que faga, simplemente pola existencia desa maioría absoluta; pero parece razoable que o resto das forzas políticas, o resto da poboación de toda a comunidade autónoma, saiban cando se van levar a cabo determinadas actuacións en materia de infraestruturas. É tan de sentido común que ata está publicado nunha lei que, como dicía, aprobou o Partido Popular. Pero esta lei segue sen desenvolverse. Este Parlamento segue absolutamente apantallado, porque segue absolutamente apantallada, en réxime opaco, cal é a estratexia para desenvolver as infraestruturas desta comunidade autónoma. ¿Por que segue apantallado? Pois por unha razón tan sinxela como que non dar información dá a suficiente marxe de manobra ao

gobierno de turno para repartir as dádivas, coma se fose un sorteo de agraciados, pola construción dalgunha circunvalación ou dalgunha infraestrutura, sexa ou non estruturante, que pode facer o Goberno galego.

Por iso, esta moción que presenta hoxe o noso grupo parlamentario simplemente plantexa dúas cousas. En primeiro lugar, que se aprobe antes de xullo do ano 2019 —e non estamos falando de antes de que remate este ano, estamos falando de oito meses practicamente— o Plan director de estradas, logo da tramitación parlamentaria procedente, tal e como se establece nesta Lei de estradas de Galicia que acabo de comentar. E, por outro lado, que se remita ao Parlamento de Galicia a planificación de actuacións que en desenvolvemento do Plan Move, se é que aínda o consideran vixente, ten previsto levar a cabo o Goberno galego durante esta lexislatura.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

No BNG temos unha pregunta, que podería ser unha pregunta existencial a respecto do Plan Move, que é se realmente existiu algunha vez este plan. Porque non aparece na web da Xunta, está aí medio escondido, hai que localizalo na web da Deputación da Coruña. E ademais foi presentado no seu día, nun consello da Xunta, como un informe. Porque isto é realmente pouco máis ca un *power point*. Non hai ningunha memoria económica nin ningún documento rigoroso de planificación, de obxectivos, de prioridades. E dixeron naquel momento que non era un plan de infraestruturas, que era un plan de mobilidade.

Si que se reformou ao cabo dun ano, reducindo o seu ámbito de actuación. Naquel momento as razóns que se deron —e recordo que era a directora xeral de Infraestruturas a señora Ethel Vázquez— foron que había que reducir os seus obxectivos polo desplome de ingresos da facenda autonómica, en menos de 900 millóns, e pola obriga de devolver ao Estado 2.500 millóns entre 2011 e 2016 por causa de anticipos mal calculados. É dicir, por estas razóns, non polas que dixo aquí o presidente da Xunta, mentindo e faltando á verdade unha vez máis.

En realidade, desde o BNG pensamos que estamos ante unha obra de ciencia ficción. O Plan Move é unha obra de ciencia ficción, unha especie de distopía, unha utopía negativa, obra dun autor moi prolífico que houbo nun tempo no Goberno da Xunta, o señor Agustín Hernández, que, co mecenado do señor Núñez Feixóo, escribiu algunhas obras de ficción, como o Plan de ordenación do litoral —do que nunca se viu despois ningún tipo de continuidade—, o Plan de mobilidade alternativa —que quedou gardado nun caixón a pesar de que custou moitos miles de euros—, o Plan Movega, de fomento do uso do vehículo eléctrico —con 2,4 millóns de investimento que quedaron aí tirados—, ou tamén o ente ferroviario galego, que deu lugar a unha contratación que despois quedou en nada.

E a verdade é que poderíamos dicir, exaxerando un pouco, que afortunadamente non se cumpriron as previsións do Plan Move, porque era absolutamente irreal, plantexaba actuacións absolutamente fantasiosas e non era un plan nin planificado nin priorizado nin cunha memoria de investimentos realmente rigorosa. Anunciábanos cousas maravillosas, como que, grazas a este plan, o 80 % da poboación ía estar a menos de dez minutos dunha vía de alta capacidade. ¿De cal?, ¿de cal vía de alta capacidade?, preguntámonos nós. A maior parte da poboación galega ía estar a menos de 10 quilómetros dun auténtico sablazo, do sablazo da AP-9, do sablazo da AP-53, do sablazo da AG-55, que comunica A Coruña e Carballo, ou do sablazo da AG-57, que comunica Vigo co Val Miñor. Porque estas son as vías de alta capacidade das que está a menos de dez minutos a poboación de Ferrol, A Coruña, Carballo, Santiago, Vilagarcía, Pontevedra ou de Vigo, ou de Lalín, ou de Silleda, que teñen que pagar eses sablazos das peaxes. E esas son as promesas que lles fixeron vostedes.

Quedaron sen facer actuacións prioritarias en materia de travesías urbanas e de variantes. A maior parte non se fixeron, non se fixeron a maior parte dos estacionamentos disuasorios e non se cumpriu algo que debería ser absolutamente prioritario, como eran os obxectivos de redución das vítimas mortais nas estradas. E recórdolles que as cifras deste ano son realmente preocupantes e estarrecedoras: estamos en 92 vítimas mortais a estas alturas do ano, cun incremento moi significativo. E tamén as cifras das estradas autonómicas non son para presumir nos últimos cinco anos.

E poderíamos dicir aquí que menos mal que volveu Pérez Navarro á Dirección Xeral de Tráfico. Hai que recoñecer que foi realmente o único director xeral que tomou en serio esta cuestión. Benvinda sexa de novo a súa presenza, porque, se esperamos polas actuacións da Xunta de Galiza, pouco imos conseguir a este respecto.

A estas alturas pensamos que quedou claro o fracaso, o fiasco desta promesa irreal, desta ficción do Plan Move, que ten responsables, que son o señor Feixóo e a señora Ethel Vázquez, que foi ao longo deste tempo nada máis e nada menos que directora xeral de Infraestruturas, directora da AGI e despois conselleira de Infraestruturas. Desde o ano 2009 estivo ao mando destas cuestións.

Dito isto, o BNG vai apoiar, apoia, esta proposta do Partido Socialista. Con algún matiz, posiblemente, ímola apoiar, aínda que tamén engadimos —como emendas que pensamos que complementan e que enriquecen o texto— unha proposta para elaborar e aprobar un plan sectorial de estradas que se centre precisamente nunha cuestión que é absolutamente central e vital, que é a loita contra a violencia viaria e a loita contra a sinistralidade nas estradas de competencia autonómica e local; en segundo lugar, propoñemos que se cumpran algúns dos obxectivos do Move relativos, por exemplo, ás rebaixas das peaxes nas autovías dependentes da Xunta de Galiza, propoñemos que esa rebaixa chegue ata o 50 %, e que haxa bonificacións progresivas por uso frecuente. E tamén que se fagan estudos para a supresión das peaxes nas autoestradas que comunican Vigo co Val Miñor e A Coruña con Carballo, porque é absolutamente inxusto e discriminatorio que a poboación destes territorios teña que pagar peaxes cando nas outras autovías que hai de titularidade autónoma non hai peaxe pagada directamente, hai outro tipo de peaxe.

E, por último, pensamos que é fundamental superar ese marco estreito de debate ao redor do plan de estradas e das infraestruturas, e encarar dunha vez por todas unha estratexia a favor da mobilidade sustentábel, saudábel e segura que vaia aliñada tamén cos obxectivos de loita contra o cambio climático e pola mobilidade sustentábel. Pensamos que este é o grande desafío que temos. Hai que superar ese debate do asfalto, das infraestruturas, das estradas, e avanzar moito máis, pensar a Galiza da próxima década abordando todas estas cuestións que propoñemos nestas emendas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

É verdadeiramente avergonzante e amosa moito o baixísimo nivel deste goberno da Xunta de Galicia o desprezo co que se refiren ao segundo grupo máis votado desta Cámara, que representa a miles de galegos e galegas. E que o faga o conselleiro de Cultura é verdadeiramente avergoñante para un goberno da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Pero así son vostedes, ese é o seu estilo.

Nós imos apoiar esta iniciativa, pero a verdade é que non temos moitas esperanzas de que se execute. Pode que se aprobe, posiblemente, pode que se execute, pero dende logo que non temos moita esperanza en que se execute, porque fala de que o Goberno do Partido Popular cumpra coa lexislación, cumpra coas leis e cumpra coa normativa, que é algo que non suele facer, do que suele escapar bastante a miúdo. Xa o temos comprobado en multitude de ocasións.

Desenrolar plans que vaian máis alá da convivencia político-empresarial para esquilmar o país non conta con moita atención por parte deste goberno. Xa comentamos na Comisión 2ª a semana pasada con respecto ao Plan Move o que se fixo con este plan, que é o que fan vostedes coa maioría dos plans. Vostedes teñen un *modus operandi* moi habitual, que durante esta lexislatura se cumpre unha e outra vez. Vostedes anuncian que van presentar un plan, fogos de artificio, titulares, e parece que están facendo algo. Veñen aquí presentan o plan, volven botar fogos de artificio, volven encher os medios de comunicación con titulares, e parece que están facendo algo. A continuación vai o conselleiro de turno facer entrevistas, vai falar das marabillas do plan, Feijóo fai comentarios sobre o plan, o voceiro do Grupo Popular tamén, parece que están facendo vostedes moitísimas cousas. Pero despois ao final o que fan é gardar eses plans no caixón. Cada vez que anuncian plans que son beneficiosos para o desenvolvemento de Galicia son só titulares e fogos de artificio, pero despois métenos nun caixón. Vímolos durante esta lexislatura co Plan de seguridade viaria, co de economía circular, coas directrices da paisaxe. Neste caso quedaron tan só no anuncio, levan nove anos tan só anunciando e aínda non deron os seguintes pasos. Pero, sen embargo, cando vostedes

presentan leis ou plans que van en contra dos intereses da cidadanía, utilizan outra estratexia, que é a de metelo pola porta de atrás, como fixeron coa «Lei de depredación», e aprobalo moi rapidamente en tres meses. Isto é o que viñemos vendo durante todos estes anos coa súa práctica.

A realidade que vive a rede de estradas galega é de total abandono, de absoluto abandono. É verdadeiramente preocupante e ten que ver fundamentalmente coa caída orzamentaria e desleixo da Xunta de Galicia e tamén de Fomento.

Recriminábame o señor Fernández Prado, na anterior comparecencia de orzamentos, que non quería falar de Fomento agora que cambiara o Goberno. E xa lle dixen na miña réplica que si. De feito falei de Fomento e non lle gustou nada do que falei, e vostede non falou diso. Polo tanto, hoxe decidimos traer unha iniciativa para falar de Fomento e que así vexan vostedes que nós tamén, cando hai cambio de goberno, si falamos e si defendemos os intereses de Galicia. Non coma vostedes, que están facendo agora o ridículo tratando de liderar a transferencia da AP-9 despois de tela vetado cando vostedes estaban no Goberno do Estado. Tamén vimos como vostedes si que, en función de quen estea no Goberno, cambian a súa actitude. Vimos as súas vergoñentas actitudes dicindo que Fomento se portaba moi ben con Galicia cando viamos como estaba caendo o investimento de Fomento en Galicia; e sobre todo a execución, que mesmo no ano 2016 se executou tan só o 40 % e rebaixamos a cifras de 2002. Mentres isto ocorría, mentres o abandono das infraestruturas en Galicia por parte de Fomento se executaba, vostedes saían aos medios públicos dicindo que Fomento se portaba moi ben.

O mantemento das estradas do Estado en Galicia baixou ata un terzo durante os sete anos de goberno do Partido Popular en Fomento. É por iso que nós metemos esta emenda, a maiores das propostas que fai o Partido Socialista, para que se faga un estudo, para que se faga un informe, sobre esta discriminación que sufriu Galicia durante os sete anos de goberno do Partido Popular no Estado —sobre todo de execución— para que, con base neses datos, poidamos pedir unha compensación para darlles atención ás urxencias e as necesidades que teñen as infraestruturas galegas de competencia do Estado.

Pero isto tamén é moi importante non só para o desenvolvemento económico de Galicia —que por suposto— senón tamén para a cuestión da sinistralidade e das mortes en estrada. En Galicia temos unhas cifras moi preocupantes. No ano 2018, nos tres primeiros trimestres, morreron 77 persoas; xa máis que en todo o ano anterior, cando viñamos dunha tendencia negativa. Polo tanto, é fundamental a conservación de estradas.

Nos orzamentos para o ano que vén da Xunta de Galicia vemos como cae o orzamento para a conservación de estradas. Non sei de que maneira pensan facer fronte a isto desta maneira. A execución nunca se fai de maneira correcta, faise a niveis moi baixos. Decía —remato xa— a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade na comparecencia de orzamentos que lles gustaría facer máis. A nós tamén nos gustaría que fixeran máis, e aos galegos e ás galegas tamén. Pero o problema é que vostedes non fan máis porque vostedes traballan para as elites, e por iso aparecen titulares de xornais agora que din que as fortunas galegas aforrarán 12 millóns coa rebaixa do imposto de patrimonio. Desta maneira, evidentemente, haberá unha

insuficiencia orzamentaria e polo tanto non haberá cartos suficientes para atender as necesidades das estradas galegas. Mentres vostedes sigan gobernando para as elites, teremos problemas para investir no mantemento das estradas galegas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Bo día.

Señor Cal, desprezo é o que fai o Grupo de En Marea a esta Cámara e ao noso grupo con insultos constantes. Aínda estamos esperando a que pidan desculpas por chamarnos asasinados e outras lindezas que temos que escoitalles, e encima din que os desconsiderados son os outros. Os desconsiderados son os que insultan cada pleno, cada pleno, porque non teñen outros argumentos. (*Aplausos.*)

Señor Álvarez, o pasado pleno creo que tanto a conselleira como o presidente deron boa conta das actuacións previstas para levar a cabo. Faino puntualmente nesta Cámara, non só o outro día. Compareceu en dúas ocasións a conselleira, por petición propia; unha para falar exactamente de estradas e outra para todas as liñas do seu departamento. Pero sobre todo creo que tivemos ocasión o outro día, no debate de defensa dos orzamentos para este ano, de saber as principais actuacións que vai desenvolver a Consellería nos próximos meses. Polo tanto, podemos dicir que esta Cámara creo que ten cumprida e detallada información sobre estes investimentos, tanto por escrito como en comparecencia.

En canto aos temas concretos da súa moción, no punto primeiro parece que pretende vincular na redacción a necesidade de facer o Plan director de estradas coa data de agosto de 2019, cando a lei non o establece así. Pero resulta simpático que os que piden estes temas de cumprimento de planeamento sexan os do PSOE, que cando gobernan teñen unha lixeireza bastante grande en cumprir estas cousas. Podemos ter centos de exemplos. O PXOM de Vigo pode ser un deles. Claro, o señor Bará, Xosé Lois Bará, dixo uns cantos documentos aprobados por este Goberno. Por desgraza non podemos dicir ningún do Bipartito. É dicir, planificar tamén é facelos. Podían facer algúns. E, evidentemente, a lei anterior de estradas tamén obrigaba a facer ese plan de estradas. O Bipartito nin moveu un papel tampouco.

Respecto do punto segundo, pois xa se fai. Xa se dicía: o instrumento que mellor recollen eses investimentos xa foi presentado, son os orzamentos. E aí esperámoslos para calquera aportación. Estaremos dispostos a traballar nesas aportacións que poidan facer durante a súa tramitación. Pero o que non vemos e non esperamos son os orzamentos xerais do Estado. Fálase moito pero pouco se sabe. Por certo, sabemos que van negociarlos cos presuntos golpistas á cadea.

Pero, señor Cal, xa que fala tanto de orzamentos e de Fomento, o que podía facer é explicarnos de que vale o apoio do Grupo de En Marea, ou como se chame, aos orzamentos do Estado. Podía explicalo, podía explicar en que vale aos galegos e a Galicia ese apoio. Xa llo digo eu: en nada, jen nada!

Pero está ben que se volvan preocupar por esas infraestruturas. Espero, señor Álvarez, que isto sexa porque agora nos acercamos a unhas eleccións municipais e non porque agora gobernan en Madrid. Espero que esa non sexa a razón pola que agora se esqueceron de Fomento e volven ás infraestruturas galegas.

Dicía «unha resposta en serie». ¡Home!, resposta en serie eu creo que a reflicte unha realidade, a que deixaron aos galegos, unha realidade bastante crúa. Esa si que é unha serie. Esta serie de débedas si que son unha realidade. Esa si que é unha serie: 1.000 millóns en concesións, todas as infraestruturas que fixeron deixáronas a pagar en concesións —xa van pagados 400 millóns—; 900 millóns nas xestures, 900 de débeda; 2.175 millóns de liquidacións negativas... Iso si que é unha serie, iso si é unha serie, da que falaba vostede. É unha serie de débedas para pagar polos que cheguen. Porque, claro, é fácil dicir que se fan obras, pero todas, todas, a pagar polos que veñan.

E tamén creo que lle explicaron —que non se parece en nada ao que relatou vostede— que si, que o 83 % da sociedade está xa a 15 minutos dunha vía de alta capacidade, con 208 novos quilómetros de autovías sen peaxes, todas libres de peaxes no momento peor da crise. Ese é o balance que pode dicir o Goberno de Feijóo, porque non deixou, coma outros, a pagar polos que veñan, en concesións.

Eu celebro, como dicía vostede o outro día, que é bastante aceptable o Plan Move como elemento de planificación de infraestruturas. Alégrome de que lles guste. Pero a ver se axudan tamén un pouco onde gobernan, porque algunha das obras necesita dos gobernos socialistas. A vía ártabra, na Coruña, gustaríalle á Xunta facela, e necesita esa autorización do Ministerio de Fomento, agora socialista. E ¿que vai pasar en Viveiro? Unha ponte de 100 millóns de euros. ¿Que di o concello socialista? Volve poñer trabas, como leva facendo nos últimos dez anos, trabas e trabas a todas as opcións que lle propoñen.

Pero, claro, que veñan falar de peaxes xusto a semana en que empezamos a pagar o que acordou o goberno socialista no 2011... Díciallo o outro día: o goberno de Zapatero ¿que foi o último que fixo? Aprobar a subida das peaxes que empezamos a pagar esta semana. E ¿que foi o primeiro que fixo o outro goberno socialista, o de Sánchez, en estradas en Galicia? Facelo efectivo e empezar a pagar. Nos sete anos de goberno de Rajoy, digan o que digan, non as pagamos. Empezamos a pagar esta semana o acordo de Blanco de 2011. (*Aplausos.*) ¡Eses son os acordos!

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Remato xa, señor presidente.

Mire, á Xunta non lle gustan esas peaxes. De feito non implantou a Xunta ningunha. Este goberno de Feijóo foi o único goberno que implantou subvencións para abaratar os custos

das peaxes en Carballo e tamén no sur. Por certo, cando gobernaron vostedes no Bipartito —PSOE e BNG—, nin unha axuda, nin unha subvención a esas peaxes, que existían igualmente. Tivo que chegar este goberno para baixalas.

Polo tanto, máis de 200 quilómetros libres de peaxes creo que xustifican esas subvencións. E loitaremos e seguiremos loitando por facer unhas infraestruturas máis accesibles. Esperámoslos nos orzamentos para calquera aportación que poidan facer.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Saudamos os alumnos do Ciclo Superior de Administración e Finanzas do Instituto Muralla Romana, de Lugo. Benvidos ao Parlamento, e os seus profesores e acompañantes tamén. Grazas por estar aquí.

Agora si ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Saúdo tamén, ¡como non!, os alumnos, alumnas e profesorado do IES Muralla Romana, centro que, por certo, coñezo por razóns de profesión.

Un inciso, señor Fernández Prado. Non sei para que nos esperan, nin a nós nin ao Bloque nin a En Marea, no debate dos orzamentos, porque nunca nos aproban nada. (*Aplausos.*) Entón poden estar esperando alí sentados, con comodidade, porque o resultado vai ser exactamente o mesmo.

Por ir por orde de intervención, señor Bará, efectivamente, o Plan Move era un instrumento propagandístico. Vostede referiuse a el como instrumento de ciencia ficción. Eu falo de obsolescencia programada; é dicir, sabían que non ía ir a ningún sitio e aínda así o publicaron, porque era un instrumento de mera propaganda. Iso si, é unha mágoa que non exista o dereito ao olvido, porque aínda se pode encontrar, non sen certa dificultade, o Plan Move nalgunha *web* dalgunha outra administración. Evidentemente, non da Xunta de Galicia, que foi a súa autora e, polo tanto, quen tiña que telo posto aí para facilitar a consulta de calquera das persoas.

Con respecto ás súas propostas de engádega, ímolas aceptar todas integramente na súa redacción. Porque, ademais, en concreto no punto 5 —que tanto lle doe ao señor Fernández Prado—, este grupo parlamentario presentou unha proposta de resolución no debate do estado da Autonomía —recentemente celebrado— na liña de suprimir esas peaxes. Aínda que, evidentemente, sei que o Partido Popular nos esperaba cos brazos abertos e por iso votou en contra, simplemente para non decepcionarnos, porque é o que fan sempre con calquera proposta que levamos.

O que si é certo é que o incumprimento do Plan Move e a redacción do Plan Move ten uns responsables políticos, que son evidentemente os membros do Goberno do Partido Popular sistematicamente ano tras ano, incumprimento tras incumprimento.

Con respecto á emenda de En Marea, non lla imos aceptar, e non porque se refira ao Goberno central. Porque estamos de acordo co que se demanda. É dicir, Galicia require unha discriminación positiva, e requírea porque os gobernos do señor Mariano Rajoy deixaron sen executar 1.500 millóns de euros en infraestruturas nesta comunidade autónoma só en tres anos, ¡1.500 millóns de euros! (*Aplausos.*) E iso, señor Fernández Prado, creo que en calquera réxime de contabilidade, por elemental que sexa —basta que haxa alumnos de administración e finanzas na tribuna de invitados—, pasa a formar parte do debe. É dicir, teñen vostedes unha débeda histórica con esta comunidade autónoma. E, por certo, señor Fernández Prado, o seu si que é unha resposta de serie. Dixo vostede que na comparecencia da Consellería de Infraestruturas na Comisión 3ª se aclarara todo. Francamente —non sei os meus compañeiros da oposición— debemos estar en distintas comparecencias, porque alí non se aclarou absolutamente nada de en que se ía concretar o Plan Move na cuestión orzamentaria.

Disparan vostedes sempre no mesmo sentido. Agora xa non é unha resposta en automático, é un disparo en automático, e ademais con repetición. Francamente creo que aos veciños de Sarria, de Burela, de Noia, etc., lles importa ben pouco o que pase co Plan xeral da cidade de Vigo, pero hai que citar Vigo en todos os debates. É o seu mantra permanente.

E di vostede que «todo a pagar polos que veñen». ¿Quere que falemos algún día con calma dos aprazamentos de pago que hai neste momento nos orzamentos da Comunidade Autónoma ata o ano 2040, deses 1.721 millóns de euros do goberno de Feijóo comprometidos ata o ano 2039?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ¿Iso que é? ¿Para os que veñen ou para os que pasaron? Ata o 2039 debe de ser para os que van vir de agora en adiante. Esa é a realidade do Partido Popular. Pero, evidentemente, tal e como era previsible, contamos co seu «non», porque contamos con que vostedes á cidadanía galega non lle queren dicir en ningún momento cal vai ser a liña de goberno nunha cuestión tan estratéxica para a cohesión territorial...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...como son as infraestruturas.

Nada máis, señor presidente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grazas.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, queridos alumnos, alumnado e profesorado, do colexio de Lugo, do Instituto de Lugo.

Bos días, señoras e señores deputados.

Hoxe os socialistas traemos unha moción que se deriva —como ben sabedes— da interpe-
lación feita no pleno anterior sobre o Plan de infraestruturas rurais 2018-2019. Pois ben,
neste caso traemos unha moción de man tendida, unha moción que esperamos —e co que,
ademais, contamos seguramente— que sexa aprobada pola unanimidade desta Cámara;
unha moción que transforme o «ti vai traendo que xa cho vou arranxando» en «todos os
concellos son iguais para a Xunta de Galicia».

A política, señores e señoras do Partido Popular, non é un conto. A Xunta de Galicia ten que
adaptarse á realidade do século XXI, as leis non son novelas de ficción. A política e as leis
están para mellorar a vida das persoas, de todas as persoas, independentemente de onde
vivan e de quen governe o seu concello. (*Aplausos.*) Por iso vos pido que entre todos e todas
aprobemos esta moción para que estas prácticas do «ti vai traendo» desaparezan dunha
vez por todas. Para que se governe con transparencia, para que se governe con xustiza, e
para que se governe con igualdade de oportunidades. Supoño que nisto estaremos todos e
todas de acordo, ¿verdade? Supoño que si, que será así.

Este plan, segundo manifesta a propia Xunta de Galicia, é un plan para mellorar as condi-
cións de vida da poboación dos núcleos rurais, un plan para fixar poboación no rural, un
plan para facilitar o asentamento poboacional e un plan para dinamizar o mundo rural. Pero
estaremos de acordo en que queremos un plan para todos os galegos e para todas as galegas
que queiran vivir ou que xa vivan no noso rural, no rural galego. Polo tanto, tendo a segu-
ridade de que este é o obxectivo máis importante, temos que aprobar entre todos esta moción
para que a política do Partido Popular na Xunta de Galicia deixe de ser unha maquinaria
electoral ao servizo do seu propio partido, (*Aplausos.*) para que a Xunta de Galicia mude de-
terminadas formas de gobernar. Aprobando esta moción é como poden amosar vostedes,
deputados e deputadas do Partido Popular, que teñen un compromiso coa transparencia, co
bo goberno e coa igualdade de oportunidades.

Miren, o Grupo Parlamentario Socialista pedimos mudar e, fronte a un plan que o Goberno
de Galicia do Partido Popular non publica en ningures, que coñecemos pola nota publicada
nos medios que se colga na páxina *web* sobre os acordos do Consello da Xunta de Galicia,

que di que «a Xunta destina 2,7 millóns de euros a mellorar infraestruturas rurais en 65 concellos», fronte a iso, os socialistas propoñemos nesta moción elaborar un plan de infraestruturas rurais para un período de cinco anos no que se establezan os obxectivos perseguidos e a tipoloxía dos concellos nos que se pretende actuar, indicando a orde de prioridades para cada un dos exercicios, e se atenda a todos os concellos de menos de 10.000 habitantes. E recórdolles, señores e señoras do Partido Popular, que temos 258 concellos de menos de 10.000 habitantes, é dicir, 8 de cada 10 concellos galegos teñen menos de 10.000 habitantes. E, deses 258, 201 son de menos de 5.000 habitantes. Polo tanto, contéstenme vostedes. Supoño que saberán perfectamente que todos eses 258 concellos, como mínimo, teñen necesidades e urxencias varias para poder ser incluídos dentro dun plan de infraestruturas rurais por parte do Goberno galego, que se supón de todos e todas as galegas. Nós tamén pedimos que se publique na páxina *web* da Consellería do Medio Rural.

Fronte a un plan no que o mesmo día en que se publica o plan se activan os concellos e se activan os importes, un plan no que a presentación de solicitudes é presencial, na que os alcaldes ou alcaldesas galegas teñen que ir pedir, ¡pedir! —tal así nos dixo o director xeral de Desenvolvemento Rural—, á conselleira —neste caso ao conselleiro, pero vou falar do pasado, no que era a conselleira de Medio Rural— o proxecto que considere, fronte a un plan no que a comisión de valoración era a propia conselleira ou a persoa de confianza en quen ela delegara, (*Aplausos.*) un plan no que os criterios para adxudicar as subvencións eran «ti vai traendo que nós imos metendo en función da urxencia e da necesidade», e no que o criterio subxectivo era ter un goberno do Partido Popular, salvo algunha pequena, moi pequena, excepción —e este último criterio era o que máis pesaba, a ponderación maior, e recórdovos que de 65 concellos, 56 eran do Partido Popular, é dicir, 9 de cada 10 concellos beneficiados con este plan eran do Partido Popular; non eran, ¡son do Partido Popular!; e, por certo, hai 22 concellos (tamén todos do Partido Popular) que xa foron beneficiados en 2017 con este mesmo plan, ¡con este mesmo plan!, incluíndo unha única cidade, a cidade de Ourense, no 2017 e no 2018 (gustaríame tamén que nos explicaran por que), e volven ser agraciados neste Plan 2018-2019—, fronte a isto, os socialistas propoñemos aprobar unhas bases para convocar, cada un dos anos de vixencia do plan, as subvencións en concorrencia competitiva de acordo coas prioridades establecidas, e establecer nas bases da convocatoria pública de subvencións a contía orzamentaria para cada exercicio, os requisitos e os criterios obxectivos de distribución.

Fronte á transparencia, fronte á forma de entender a transparencia e o bo goberno da Xunta de Galicia, na que o propio director xeral de Desenvolvemento Rural nos di que, evidentemente, cumpren coa transparencia porque, se non, non me enteraría deste plan, este «ti vai traendo que xa cho vou arranxando», os socialistas propoñemos que publiquen xa neste mes na páxina *web* da Consellería do Medio Rural o listado e as contías outorgadas a cada un dos concellos beneficiados no Plan de infraestruturas rurais 2018-2019; e que, unha vez que se outorguen as que nós contemplamos nese real plan, se publique no prazo dun mes a listaxe cos concellos beneficiados, así como as contías concedidas a cada un dos concellos.

Por certo, aínda non recibimos ese listado que nos dixo o director xeral de Desenvolvemento Rural que nos ía achegar. Aínda non nolo achegou. E hoxe pola mañá —á primeira hora polo menos— seguimos sen atopar ese listado na páxina *web* da Consellería.

Señores e señoras do Partido Popular, Xunta de Galicia, Goberno galego, ¡deixen de facer plans que non son plans! Traballen con seriedade porque o rural do noso país non é un conto. A Consellería do Medio Rural é unha consellería fundamental para o noso país. Galicia esmorece perdendo da orde de 10.000 persoas ao ano, desangramonos demograficamente. E, mentres, vostedes están pendentes de axudar os gobernos amigos.

Hai que rematar con este clientelismo no que os recursos públicos, os recursos que son de todas e de todos, se empreguen como maquinaria electoral. Recórdolles: no Plan Urbe, 13 millóns, 9,4 de cada 10 concellos son do Partido Popular; na subvención para investimentos destinados á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia, 2,5 millóns de euros, 8 de cada 10 son do Partido Popular; nas subvencións para a creación ou mellora de infraestruturas e equipamento nos concellos de Galicia, 4,4 millóns, 8 de cada 10 dos concellos son do Partido Popular; no Plan de infraestruturas rurais 2017, 3,3 millóns de euros, 9 de cada 10 concellos son do Partido Popular; no Plan de infraestruturas rurais 2018-2019, 2,7 millóns de euros, 9 de cada 10 concellos son do Partido Popular. Catro programas —cinco incluíndo a anualidade de 2017—, estamos a falar de 26 millóns de euros en dous anos de lexislatura, que o goberno do PP na Xunta de Galicia distribúe segundo conveña, cos criterios subxectivos que eles consideran e apoiando os gobernos locais que son da súa mesma cor. Por certo, contradicindo un acordo aprobado pola unanimidade de todos os grupos políticos na comisión executiva da Fegamp desenvolvida o 14 de febreiro de 2017, coa que vostedes din unha e outra vez que teñen unha relación magnífica —non sei o que dirá a Fegamp respecto disto—, cun documento coas demandas en materia de financiamento local que se denomina «Resumo executivo da comisión de análise para o estudo e propostas de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais», no que, entre outras, se establece...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señor presidente— acadar un acordo coa Fegamp para o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia a favor das entidades locais garantindo a igualdade de acceso e a aplicación de criterios obxectivos.

Nada máis nesta primeira parte e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

A pasada semana tiñamos a comparecencia dos presidentes das deputacións —non de todas— para nos explicaren as liñas mestras dos seus orzamentos e, de paso, renovarmos posicionamentos políticos a respecto destas institucións ao noso ver decrépitas e caducas.

A respecto da Deputación da Coruña, desde o BNG faciamos ver que no acordo de goberno PSDG-BNG unha das nosas condicións foi a de reducir dun 24 % a un 5 % as nominativas escandalosas que permitían un reparto de fondos públicos arbitrario e caciquil.

O PIR, Plan de infraestruturas rurais, vén sendo iso, un plan de nominativas ao dispor do conselleiro de turno que lle permite ir facéndolle ver á poboación a quen lle convén votar. Caciquismo en definición pura. O mesmo conselleiro engruñaba os ombreiros o outro día eludindo responsabilidades na interpelación, cun decreto que se remontaba ao ano 1992 do século pasado. E xustificaba así a súa existencia: pertencía ao pasado, á tradición máis enxebre. Pasaba, iso si, polo Bipartito, que xa sabemos que é a referencia que lle proe ao PP, pois aí comezou o mundo. Antes era a nada; é dicir, a dereita das cavernas.

O Plan marco leva 16 millóns de euros de orzamento e responde a criterios preestablecidos que todos coñecemos, e acóllese á transparencia debida, dentro dunha orde. O PIR é o complemento necesario para que se vexa quen ten a chave dos cartos e quen son os agraciados con bonificacións dos amigos do Goberno, a quen han ter que votar. Isto no rural funciona e non se pode negar, porque o PIR vén sendo a nominativa do Plan marco —Plan marco, 16 millóns; nominativa complementaria para os amigos, PIR, 2,7 millóns—.

Dicir que no medio rural estamos afeitos a estas manobras, sendo verdade, non lle dá carta de lexitimidade. Antes ben, afírmanos na urxente necesidade de lle dar a volta ao conto. Por iso imos apoiar a moción que presenta o Grupo Socialista, facendo fincapé en que estamos nunha dúbida: non sabendo quen foi primeiro, se o ovo ou a galiña, no tocante ao medio rural tampouco sabemos se precisamos mellorar as nosas infraestruturas e servizos na crenza de que así non quedaremos sen xente por falta delas ou se, pola contra, deberíamos apostar en seriedade polo desenvolvemento económico do rural para que a xente tivese que exixir máis e mellores infraestruturas *in crescendo*. Certamente no BNG estamos nesta última, nunha aposta polo desenvolvemento do rural, un devolvernosa vida, un reparo dunha inxustiza e dun abandono que resulta incomprensible para a xente que alí resistimos.

Por iso son tempos de eliminar as nominativas con nome de PIR, Hurbe e un listado significativo. E non valen desculpas. A urxencia valórase en libre concorrència e con criterios obxectivos, non con cacicadas vestidas con decretos e con lexislación obsoleta e noxenta. O que aquí deberíamos debater e discutir é a pertinencia ou non das liñas políticas, e debería darse por sabida a lección de que non valen amasadas e que a transparencia debe presidir toda xestión pública. Claro que isto non é fácil para un partido que utiliza a corrupción como sistema político de recadación de votos e que apuntala as súas maiorías en prácticas e plans de subvencións como as que estamos a debater nesta moción hoxe aquí.

Un, que é can vello nisto das subvencións, recorda o uso que se lles deu ás inxentes cantidades de cartos que viñeron de Europa e que marcharon polas cloacas do clientelismo do Partido Popular, que antes do principio dos tempos xa gobernaba. Naquela época saíamos tuteladamente da noite do fascismo e do atraso, e non tivemos goberno que mirase polo país en conxunto e con visión de futuro. Pero xa foi, e, ¡trapalatrá, Marica non chores!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señoras deputadas, deputados, convidados da tribuna, o 28 de marzo do ano pasado o director xeral de Desenvolvemento Rural reuníase coa xunta de voceiros da Federación Galega de Municipios e Provincias, da Fegamp, co fin de intentar avanzar no deseño e execución do Plan marco de melloras de camiños municipais para o ano 2017 e 2018, un plan dotado con case 16 millóns de euros.

A xuntanza de traballo intentaba buscar o consenso posible á hora de establecer os criterios que hai que seguir para a asignación dos fondos que corresponden a cada concello, tales como deberían ser a poboación, a superficie, o grao de despoboamento, grao de envellecemento, o peso que ten o agro en cada municipio, etc. Tratouse de fixar un baremo de reparto destes 16 millóns de euros de fondos propios dos orzamentos da Xunta de Galicia para esta finalidade para os anos 2017 e 2018. Así, habería unha achega fixa por municipio de 15.000 euros, aos que se engadirían outros fondos segundo os seus habitantes e entidades de poboación. A superficie de cada termo municipal, a importancia das actividades agrogandeiras e forestais que existen en cada concello, a evolución demográfica ou o grao de envellecemento ían corrixir o total desta asignación que lle corresponderá a cada concello. Anunciaba o director xeral de Agader que a execución do plan permitira o ano pasado o arranxo duns 810 quilómetros de vías públicas en 293 concellos galegos.

O paradoxo deste programa xorde cando, na resolución do ano pasado, cunha cantidade fixa de 19 millóns de euros, case 20, aportados por AXE, Feader e Xunta, estimaban un total de 713 camiños arranxados que alcanzarían máis de 1.300 quilómetros. Isto vén dicir que se executaron moitos menos quilómetros de camiños dos previstos, un 38 % menos do proxectado. Non sabemos se esta redución tamén se trasladou ao investimento executado.

Na comisión do venres día 2 de xuño do ano pasado, o director xeral de Agader gabábase do papel desenvolto no marco anterior e anunciaba o Plan marco de melloras de camiños para o 2017-2018. Díciános que ía contar cunha cantidade de case 8 millóns de euros para cada ano. Isto é menos da metade do que viñan percibindo os concellos. ¡Fíxense vostedes cal é a magnitude do recorte que ata o señor Dubois deixou quedar ben o anterior director xeral, o señor Crespo, cousa que xa non era fácil! Gabouse deste papel desenvolto mentindo, igual que mentiu o presidente da Xunta de Galicia no pleno do estado da Autonomía do ano pasado e no pleno do estado da Autonomía deste ano. ¿Por que? Porque se fixeron menos camiños, menos quilómetros e hai moitos menos fondos.

A súa aposta polo rural é unha brincadeira, está claro, e redúcese a catro medidas propagandísticas que arranxan cero problemas ás e aos que vivimos alí.

Eu penso, señora Rumbo, que esta moción hoxe vai saír para adiante, porque penso que pedir que se publique na páxina *web* da Consellería o listado e as contías outorgadas a cada con-

cello beneficiario é transparencia. Non creo que o Partido Popular se opoña á transparencia ou a outras cousas que pide, como establecer nas bases da convocatoria pública de subvencións a contía orzamentaria para cada exercicio, ou os requisitos e os criterios obxectivos de distribución. Iso é un reparto xusto, e non creo que o Partido Popular se opoña a un reparto xusto.

Por iso, dende En Marea xa defendemos aquí neste Parlamento hai un ano que se fixera unha nova convocatoria na que lles deran aos concellos do país un plan como de verdade merecen e non unha esmola. E entón por iso imos apoiar esta moción. Pola nosa parte nada máis. Só vou deixar aquí... Isto é case unha adiviñanza. ¿Non sei se saben vostedes cal foi este ano a única cidade de Galicia que quedou sen este plan marco por non xustificalo? Foi a cidade de Ourense.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Rodríguez Estévez, vostede non falou para nada do Plan de infraestruturas rurais, falou do Plan marco. Non sei se se confundiu porque esa mesma intervención a tivemos, como di vostede, hai un ano na comisión.

Como vostedes dixeron, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, ao abeiro do Decreto 246/1992 e do artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, vén aprobando o Plan de infraestruturas rurais, coñecido como PIR, con carácter anual para a execución con fondos propios de actuacións urxentes solicitadas polos concellos con carencias ou con infraestruturas rurais en mal estado. Así, o PIR do ano 2018 contempla actuacións en 65 concellos, cun importe total de 2,7 millóns de euros. Os protagonistas deste plan son os concellos, son os que solicitan as obras, son os que redactan os proxectos, son os que os aproban nas xuntas de goberno local, motivando a súa urxencia e necesidade, e tamén son os que dan conta nos plenos das corporacións municipais.

Os concellos envían toda a documentación, que ten que pasar polo Servizo de Supervisión de Proxectos, dirixido por funcionarios, non por políticos, e son os que os avalían. E o convenio, despois, pasa á Asesoría Xurídica e, co informe favorable desta, pasa en última instancia á Intervención.

Estas actuacións son complementarias co plan do que tamén se falou aquí, o Plan de mellora de camiños, o Plan marco, que conta con 16 millóns de euros para favorecer a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais de toda Galicia, cunha aportación mínima de 15.000 euros por concello e cos criterios co que vai aumentando, de acordo coa Fegamp.

Señora Rodríguez Rumbo, pide vostede un novo plan para cinco anos, pero vostede esquece que xa temos outros programas. E ademais sabe que este plan o que quere é ter unha vía máis áxil para que os concellos poidan resolver eses problemas de carácter urxente. Polo tanto, vostede comprenderá que non se pode planificar en cinco anos a urxencia dos problemas que teña un concello.

Eu, feitas as explicacións, non alcanzo a comprender por que lle preocupa tanto esta cuestión á señora Rodríguez Rumbo. Quizais, ao mellor, escoitándoa a vostede hoxe e o outro día, o obxectivo parece claro: o de sempre, facer pasar o Partido Popular e o Goberno como os malos malísimos que non cumpren a lei, que utilizan criterios e procedementos administrativos ao seu antollo ou conveniencia; en definitiva, uns caciques. E ¿sabe que lle digo, señora Rodríguez Rumbo? Que quizais teña vostede razón. Pero tamén lle pregunto: ¿malos con respecto a quen?, ¿caciques con respecto a quen?

Vostede recordoume ese fenómeno chamado en psicoloxía «proxección ou reflexo», que consiste en ver nos demais os propios defectos, que cando criticamos os demais estamos falando de nós mesmos. Por iso cando un partido político lle dá a outro leccións de como se teñen que facer as cousas, en honor á honestidade e á coherencia ben faría en utilizar o exemplo. Por iso vostede puido dicir: Vostedes fano todo moi mal e nós facemos da seguinte maneira. Por iso lle digo: critican o procedemento deste plan de infraestruturas, o mesmo que fixeron vostedes no 2007 e 2008, no Goberno Bipartito; pero, iso si, empregando o dobre de cartos, 5 millóns de euros. Polo tanto, se nós somos malos, vostedes serán o dobre de malos; se nós somos caciques, vostedes serán o dobre de caciques do que somos nós. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostede dicía: Muden as leis. ¿Por que non as mudaron vostedes? ¿Por que manifestan esta hipocrisía política? Vostedes criticaban as subvencións en concorrencia non competitiva. E o señor Rivas, que é do Bloque Nacionalista Galego, e vostede olvídanse da orde do 16 de maio de 2006 onde están as axudas para concellos de menos de 6.000 habitantes —en concorrencia non competitiva, señor Rivas, ¡que cacique é vostede, eh!— en concorrencia non competitiva, respectando a orde de presentación ata esgotar o crédito dispoñible. Este é o exemplo do que facían cando gobernaban.

Miren, o das obras que benefician os concellos do PP é outro mantra. Mire, na provincia da Coruña supoñen o 26 %, cando o Partido Popular goberna en máis do 46 % dos concellos. En Lugo supoñen o 26,9 % cando o Partido Popular goberna case no 50 % dos concellos. En Ourense supoñen o 22,6 % cando o Partido Popular goberna no 75 % dos concellos. E en Pontevedra, o 24,2 % cando o Partido Popular goberna o 50 % dos concellos.

Se nós fomos coma vostedes, ¿sabe o que ocorrería? Pois, mire, o que ocorre na Deputación de Pontevedra. (*Fortes murmurios.*) Vostede non falou, porque dixo que as administracións teñen a obriga de ser transparentes e de poder ofrecer igualdade de oportunidades. (*Murmurios.*) Mire, na deputación de Pontevedra, 15 millóns para PSOE e BNG; e para o Partido Popular, que goberna o 50 % de concellos, 400.000 euros. (*Murmurios.*) ¡Oian! ¡Que equidade!, ¡que equidade! Por iso, eu digo: ¿cal é o modelo ese que temos que imitar? Cando vostede fala da firma de convenios, ¿imitamos o modelo, por exemplo, da Deputación de Lugo? Mire, voulle

dicir: 33 concellos que goberna o Partido Popular, e os concellos do Partido Popular reciben o 14 %; os concellos do PSOE gobernan en 28 e reciben o 70 %; e o BNG, que goberna en 3 concellos, recibe o 14 %, ou sexa, o partido que goberna en 3 concellos recibe o mesmo que o que goberna en 33. E veñen aquí a darnos leccións ¿de que?, ¿leccións de que? *(Aplausos.)*

Falan vostedes de que as administracións teñen que ser transparentes, de que os alcaldes teñen que ter un trato igualitario. ¡Oian!, a señora presidenta da Deputación de Pontevedra, que se agachou por segunda vez e non quixo vir dar a cara ao Parlamento de Galicia e que vostede hoxe estivo criticando na súa intervención porque a puxo en evidencia, Carmela Silva, di: «Non vou recibir a ningún alcalde produto dunha moción de censura». ¡Oia!, pero isto... Ademais engade ela: «Porque sería lexitimado». Pero ¿de onde saíu o Goberno do señor Sánchez? ¿Non dixo vostede aquí en sede parlamentaria que as mocións de censura son lexítimas? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: Mire, señora Rodríguez Rumbo, eu agora, despois de escoitala a vostede na súa intervención, non sei que quere que imitemos. Pero o que si lle podó dicir é que ao mellor entendemos por que non quixo vir a señora Carmela Silva a comparecer no Parlamento. Igual cando escoitou de vostede todas as críticas, colleu medo e dixo: Se a miña compañeira dixo todo isto, se opina todo isto de min, ¡que dirán os outros partidos! Así que leccións, ningunha.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

Polo grupo autor da moción, a señora Rodríguez Rumbo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Deixe a cousa tranquila hoxe. *(Fortes murmurios.)*

Deixe a cousa tranquila e non se dea por aludido, ademais. ¡Por favor, señor Losada, non se dea por aludido! *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Non se dea por aludido porque é peor para vostede neste caso. *(Murmurios.) (Risos.)*

Señora Rodríguez Rumbo, cando queira. Ten tres minutos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

O señor voceiro do Partido Popular parece que se equivocou, de todas formas, de debate. Hoxe estamos falando dun tema diferente. *(Murmurios.)*

En primeiro lugar, señor voceiro do BNG, agradézolles o seu apoio, e recordo, como fixo vostede, que a Deputación da Coruña, que acaba de comparecer nestas comisións, nos falaba

dun plan único para o 2019 dotado con 61,5 millóns de euros para ¡todos! os concellos galegos, que aglutina unha serie de subvencións que se viñan facendo en concorrencia competitiva e que no ano 2018 chegou a 84 millóns de euros. E, ademais, un plan de emprego de 10 millóns de euros para todos os concellos. Fronte a isto temos unha Xunta de Galicia que dota 313 concellos con 112 millóns de euros no Fondo de cooperación local.

E, respecto do voceiro de En Marea, estamos totalmente de acordo, estamos totalmente de acordo. Aínda que o presidente da Xunta de Galicia e algúns conselleiros que saen aquí din que esta é a lexislatura do rural, estamos a vivir a lexislatura do esmorecemento do rural, ¡do esmorecemento do rural! (*Aplausos.*) E estou de acordo tamén co señor voceiro en que deberían aprobar esta moción. É unha moción de man tendida, non trae ningún truco, absolutamente ningún truco.

Señor voceiro do Partido Popular, vostede fala de que son fondos propios. Pois por iso, ao ser fondos propios non hai ningún problema para que os destinen a facer unha convocatoria pública de subvencións para que todos os concellos poidan optar a ela en condicións de igualdade. Vostede fálame de que é algo que teñen aí, como un caixón de xastre, para as carencias urxentes. ¡É que non sei se rir ou botarme a chorar! ¡Todos os concellos de Galicia teñen carencias urxentes, absolutamente todos, absolutamente todos! (*Aplausos.*)

Ademais, vostede dime que os protagonistas son os concellos. ¿Que concellos?, ¿os do Partido Popular? Porque, mire, estes que teñen os *puntitos* en vermello, estes, (*A señora Rodríguez Rumbo amosa un documento.*) son o Plan de infraestruturas rurais 2017, ¿entende? E vostedes levan gobernando dez anos, nove anos, ininterrompidamente. Estes son os de 2017. E estes que teño tamén aquí, cun *palito* vermello —non sei se o ven ben pero, se non, facilítollo despois ao presidente para que o vexan—, son os concellos do Partido Popular, 22, que estaban aquí e que tamén están aquí (*A señora Rodríguez Rumbo amosa sucesivamente dous documentos.*); outra vez do Partido Popular.

Vostede di que estes proxectos que piden os alcaldes e alcaldesas, que van alí a pedir, ¡a pedir! —é que vostedes xa o din—, os avalían os técnicos, que fan informes técnicos. ¡Home, é que só faltaría! ¡Só faltaría, señor Paradelo, que aínda enriba non tiveran que pasar polos técnicos da propia Consellería para darlles avais, para avalar este tipo de subvencións! ¡Só faltaría! ¡É que me parece ata inconcibible que esa sexa a defensa deste plan!

Claro que pedimos un novo plan, un novo plan que desbote esta forma de actuar. Vostedes poden ter unha parte que sexa máis áxil, pero non 2,2...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...máis 3,3; é dicir, 5,5 millóns de euros para os concellos aos que vostedes deciden aportarlles cartos para que fagan as obras que vostedes consideran urxentes.

E, ademais, mire, vouldo recordar: na Deputación de Ourense, que está gobernada polo Partido Popular, pois un 23,4 % de investimentos son para os que non son da mesma cor política.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Vostedes benefician unha e outra vez os que teñen o mesmo goberno que o da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 39426

Emenda de adición.

Engadir o seguinte punto:

“Iniciar de inmediato na mesa sectorial do Sergas a negociación da recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais, conxelados desde o ano 2010.”

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois dúas semanas máis, señorías, dúas semanas máis sen resolver a situación dos puntos de atención continuada. Dúas semanas máis dende o último pleno nas que practicamente non houbo nin sequera ocasión —porque a Xunta non o quixo— de sentarse a negociar. Hoxe había unha xuntanza na que practicamente non se propuxo ningún tipo de solución por parte da Consellería. A estas horas aínda estaban sentados algúns dos traballadores e traballadoras. Dúas semanas máis nas que, lonxe diso, o que aplicaron foi o máis absoluto desprezo polos dereitos dos profesionais e das profesionais. Vímolos durante todos estes días.

Xa lles lembrei no pasado pleno, na intervención daquela interpelación, aquela frase ou aquela intervención do voceiro do Partido Popular que na Comisión de Sanidade dicía que «a ver se a folga non ía producir problemas asistenciais». E quen produce problemas asistenciais é precisamente a Xunta de Galicia cos seus recortes e coas carencias de persoal, que, de xeito impresentable, mantén descubertos os puntos de atención continuada. É dicir,

menos persoal do que debería haber para cubrir as necesidades básicas, igual que cando faleceu José Manuel Brey no PAC da Estrada, ¡igual, absolutamente igual!

¿Que país pode permitirse o risco de que falezan máis persoas ou que existan persoas que non teñen atención nun centro sanitario, nun punto de atención continuada? ¿Que goberno pode obviar esta situación e nin tan sequera sentarse a negociar cales son as medidas polas que vai incrementar os profesionais ou, polo menos, fidelizar aqueles que fan a súa formación para que queden e non marchen pola precariedade? ¿Canto vale a vida dunha galega e dun galego para que se poida obviar esta situación e que transcorran meses sen que se tome ningún tipo de medida?

O día que debatemos a interpelación de En Marea, eu trasladei o que nos trasladaran as profesionais ou os profesionais, o que era público, os múltiples descubertos, os múltiples puntos nos que, a pesar de existir folga e servizos mínimos, non había persoal suficiente. A Xunta non está dispoñendo de persoal nin tan sequera para cubrir os servizos mínimos, mínimos dun cen por cento, e non hai profesionais para cubrilos nin plan, dende logo, para ter á disposición profesionais, igual que é necesario durante o resto do ano. E isto é porque durante todo o ano se atopa o persoal baixo mínimos, e porque a Xunta de Galicia carece dun plan de continxencia e dunha planificación da necesidade de profesionais dispoñibles para os puntos de atención continuada. E aqueles exemplos que existían naqueles días, hai dúas semanas, eran relativos ao PAC da Guarda, ao PAC de Moaña, ao PAC da Parada, á Casa do Mar da Coruña, Cambados... Todos estes centros quedaron, igual que aconteceu aquel fatídico día na Estrada, sen os profesionais necesarios nun día de folga, ¡nun día de folga!

Pasaron dúas semanas e seguimos na mesma situación. É unha mágoa que non estea aquí o conselleiro de Sanidade, porque entendemos que tampouco se está ocupando de negociar as medidas necesarias para intentar cubrir este problema tan grave que ten a nosa sanidade pública.

E eu preguntome: na Consellería ¿son uns necios ou son uns temerarios? Porque en servizos mínimos non somos capaces de cubrir as necesidades. E o propio domingo, este pasado domingo —xa imos poñer exemplos máis concretos—, na Coruña, en Moaña, estaban sen servizos mínimos. É o habitual, e aquí non pasa absolutamente nada ata que volva acontecer unha desgraza.

En troques de asumir a necesidade de sentarse a negociar cunha proposta real e non sentarse a negociar para liar a situación e non chegar a ningunha proposta de acordo, en troques de falar co persoal, de ter en conta as propostas —presentáronlles un posible cálculo de xornada máis adaptado, presentáronlles a posibilidade dun plan de continxencia—, a Xunta non quere saber absolutamente nada. En troques diso, ¿que é o que fan? Como non lles chegaba con incumprir a lei en materia de descansos, ademais tamén incumpren a lei no tocante ao dereito á folga, como vimos durante todos estes días no punto de atención continuada de Vigo.

¿Non hai persoal para cubrir as gardas? Non se preocupan de buscalo, o que fan é dobrarlles a xornada aos profesionais que están nos puntos de atención continuada. Non é normal o

que aconteceu en Vigo: a Xunta, a Consellería de Sanidade, actuando de escravistas. ¿Que atención sanitaria se pode ofrecer traballando cinco días con 65 horas de xornada laboral, ¡65 horas!, sometendo os profesionais á extenuación física e ao cansazo mental da responsabilidade e do traballo de estar todas esas horas atendendo as urxencias sanitarias? Non hai dereito nin para os profesionais nin, dende logo, para as persoas usuarias. Preguntámonos se estamos no século XIX e é posible o escravismo dentro do sistema sanitario público. Iso aconteceu no PAC de Vigo, e é absolutamente intolerable.

E sen dereito a conciliar. O outro día tivemos a comparecencia do conselleiro de Sanidade na Comisión de Economía para falar dos orzamentos, e enchíasele a boca falando de conciliación. Pero ¿que conciliación pode ter unha traballadora, un traballador, unha médica, un médico, un enfermeiro, unha enfermeira, cando ten que estar todo o día en disposición de que en calquera momento o obríguen ir traballar, sen unha planificación previa? ¿Por que non escoitan os profesionais e as propostas que teñen para cubrir as suplencias e a necesidade de persoal dos puntos de atención continuada? ¿Por que non se sentan a escoitar? ¿Onde está o dereito ao descanso? ¿Onde está o dereito a conciliar? E, por suposto, ¿onde está o dereito á folga —unha folga con mínimos que nin sequera se cobren—? ¡Obrigatoriedade de traballar!, ¡o que diga o patrón! Aquí o que diga o conselleiro de Sanidade.

¿Por que o Partido Popular reiteradamente maltrata os profesionais públicos? Non serve con dicir que son bos profesionais. Hai que cumprir e hai que pagarlles o seu salario. Débenlles un 20 % dende o 2010, das noites e dos festivos, cun salario base de 1.100 euros, ¡1.100 euros! E débenlles as noites e os festivos. Non hai persoal suficiente e obríganos a facer horas. Dá igual o que teñan na súa casa, se poden ou non poden, se poden ou non poden conciliar, porque non hai unha planificación dende hai anos. A vostedes parece que lles dá absolutamente igual.

É un maltrato aos profesionais públicos. O mesmo que se viviu e que se sentiu nesa fallida comisión de investigación cando rexeitaron que os profesionais dos puntos de atención continuada e as persoas usuarias puideran vir a este Parlamento a falar. Dixéronnos que non eran especialistas en recortes. Claro, os especialistas en recortes son os que están sentados nas bancadas azuis. Eses son os especialistas en recortes, e por iso temos precisamente esta situación. Dicían que non era interesante, que non tiñan nada que aportar. Hoxe non poden estar aquí porque non temos convidados, pero están na sala de convidados e poden ir falar vostedes mesmos. O conselleiro de Sanidade, se habita, se está por aquí nestas salas contiguas, pode ir falar con eles, ou mesmo o presidente da Xunta de Galicia, que eu creo que estarían encantadas e encantados de explicarlles de primeira man a problemática que teñen, porque ninguén os escoita, ninguén as escoita. E temos unha situación que é un perigo para a saúde pública, que é unha situación inxusta para quen está traballando, que cremos que se pode mellorar substancialmente se se adoptan algunhas medidas. É un desprezo e unha falta de sensibilidade. Tampouco quixeron nin tan sequera que puideran vir familiares da persoa que faleceu no PAC da Estrada a comparecer á comisión de investigación, porque para vostedes dá igual, non teñen nada que aportar. Son insensibles á dolor do resto das persoas, aos problemas dos profesionais, son absolutamente insensibles.

Son profesionais que están traballando e solicitando mínimos para facer o seu traballo, un traballo que está incrementado, como xa explicamos —e obviamente como explican eles e

elas á perfección—, derivado tamén dos recortes na atención primaria, porque a lista de espera de sete días, ou de dez días, que hai nalgúns centros de saúde para ser atendidos, fai que se frecuenten máis as urxencias de atención primaria. Polo tanto, no que derivan os recortes é nun empeoramento do resto do sistema. Os recortes na base do sistema, que é a atención primaria, empeoran o resto do sistema. Por iso, de maneira reiterada, e hoxe unha vez máis, pedímoslles que se elabore un plan de mellora da atención primaria, dotándoa de persoal, de equipamento e de acceso a orzamentos; e, dende logo, que se recuperen as xerencias de atención primaria. Recoñeceron vostedes nalgún momento —o Partido Popular— que se equivocaran seguramente na supresión desas xerencias. Non vemos ningún tipo de medida nin na Lei de acompañamento nin, dende logo, na memoria dos orzamentos nin tampouco nas partidas dos propios orzamentos. Necesitamos un plan de mellora. Non collan o que había do Bipartito, sabemos que pasaron moitos anos. Fagan un plan propio, e que poidamos aportar, que poidan aportar os profesionais, que teñan medios, que se incrementen o persoal. Porque esta situación é absolutamente insostible.

Queremos que se doten os PAC de equipos completos, que se dea cumprimento ás directivas europeas en materia de descanso. ¡Fíxense que cousa estamos demandando, que cousa levan demandando dende hai meses!: que se dote de persoal suficiente, axeitado ao volume de traballo, á dispersión territorial, á idade da poboación, que se mude o cómputo horario. Non é xusto que as incapacidades temporais, que as baixas, computen á hora de contabilizar a xornada. ¿Por que teñen que devolver un traballador ou unha traballadora as horas de cando está enfermo, de cando ten un permiso? E, dende logo, que se escoite os profesionais e se elabore ese plan de continxencias que permita manter persoal dispoñible durante todo o ano para cubrir as ausencias.

Necesitan vostedes fixar, dende logo, o emprego, mellorar a calidade no emprego, e non facilitar que marchen os profesionais que estamos formando. Dende logo, hai que facer que os que están teñan emprego estable, escoitar os profesionais, facer un plan para que non existan eses descubertos que poñen en perigo a atención sanitaria.

Máis nada por agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Efectivamente, a situación laboral do persoal da sanidade pública de Galiza vén sendo motivo de preocupación e de ocupación do BNG. E é evidente que ao Partido Popular pois lle dá pánico que se coñeza en realidade cal é esa situación. Pretende agochar esa realidade nas mores de propaganda, non quere que se coñeza esa realidade. Quere impoñer o seu relato, o seu relato fraudulento, e agochar co seu rodillo de maioría absoluta esa realidade. Se non tivera nada que agochar, non tería ningún problema en escoitar o que teñen que dicir os profesionais. Pero, como si ten moito que agochar, non quere escoitar as voces deses profesionais, e por iso fai valer a súa maioría absoluta.

Nove anos de gobernos do Partido Popular supuxeron un retroceso nas condicións laborais sen parangón: perda de dereitos, precarización, unha política de costas viradas a estes profesionais —á maioría, cando menos, destes profesionais—, ouvidos xordos, prepotencia, ordeno e mando, imposición. E cada día son máis os e as profesionais que están a dicir «ata aquí cheguei e isto é insostíbel», ¿non? Teñen a moitos destes profesionais mobilizados e revelándose diante desta situación, pois non aguantan máis. Están en folga os profesionais dos PAC, do 061, ambulancias e outros colectivos profesionais.

Efectivamente, é unha situación á que vostedes sempre intentan buscar algún tipo de xustificación para o que é inxustificábel, situacións que os profesionais teñen denunciado como insostíbeis. Acaba de dicilo a deputada de En Marea. Titular de prensa: «O Sergas ordena 65 horas de traballo en cinco días a unha profesional do PAC —unha profesional con dous nenos menores— por necesidades do servizo». Claro, e ¿que din os profesionais? «Non podemos negarnos», sen posibilidade de réplica. Non é posible dicir «non», e o tema é que non é unha excepción, non é un caso puntual. Desgraciadamente é a tónica nas últimas semanas, nos últimos meses: condicións laborais extremas, obrigados a traballar sobrepasados de horas, extenuados, o que inflúe directa e negativamente na calidade asistencial. Véñeno denunciando dende hai meses, e por iso se constituíu unha mesa para negociar. E ¿que atopan nesa mesa? O desprezo, simplemente unha mesa para dilatar a situación, unha mesa na que se encontran con que non é posible prosperar nunha negociación seria, na que se atopan con que esa mesa simplemente é para convocar outra mesa, para convocar outra mesa meses despois, onde se encontran co valado do Partido Popular, na que se atopan co desprezo continuo do Partido Popular. Dez meses negociando infrutuosamente coa Consellería de Sanidade. Séntense maltratados, séntense maltratados continuamente.

É unha situación na que cada certo tempo denuncian eses descubertos, que non é unha situación puntual. A situación do PAC da Estrada pode pasar en calquera outro momento, porque nesas situacións de descuberto, nas que non se cobren esas presenzas de persoal sanitario, é continua. Podemos volver facer ese listado de centros nos que son continuos eses descubertos: Moaña, Cambados, A Guarda, A Parda. É continuo, mais o Partido Popular encóllese de ombros, ¡bueno, que volva pasar outra situación!

O BNG vai apoiar esta iniciativa que presenta hoxe aquí En Marea, e presentamos unha emenda simplemente para lembrar, para volver lembrar, que no 2008 había un acordo asinado que o Partido Popular deixou en suspenso no ano 2010 por mor, teoricamente, da crise. O Partido Popular di que a crise é historia. Se é historia, é necesario recuperar eses acordos suspendidos no ano 2010, que lembro que eran acordos retributivos, especialmente, en canto a complemento específico, en canto á atención continuada, en canto a acordos de equiparación salarial —por exemplo do persoal dos PAC—; acordos na atención continuada: noites, festivos, domingos, feriados, nos que teñen dereito a cobrar o cen por cento das quendas porque as traballan, e resulta que o Partido Popular só lles paga o 80 % cando fan o 100 % das quendas, por exemplo. Cando o persoal do Sergas traballa noites, domingos e festivos, resulta que non cobra proporcionalmente o mesmo que lle correspondería cobrar, igual que noutros sistemas de saúde, ou igual que no complemento específico que cobran o resto de traballadores da Administración da Xunta de Galiza. ¿É xusto que cobren igual? Ao BNG párecenos que si, e parece que ao Partido Popular lle parece que non. Por iso resulta que lles

roubou dereitos e non está disposto a devolvérllelos. Dende o BNG consideramos que si, e por iso presentamos esta emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Dende o PSdeG imos apoiar esta moción independentemente de que se acepte a emenda ou non. Cremos que a moción representa as demandas naturais que están facendo os profesionais dos PAC, e que concordan co que nós vimos defendendo neste Pleno. Na Comisión 5ª este mesmo xoves os socialistas levamos unha proposta que trata tamén sobre esta mesma circunstancia dos profesionais dos PAC, e cremos tamén que a emenda enriquece a moción. Polo tanto, independentemente de que se faga coa emenda, imos apoiar a moción, cremos que é necesaria.

Facémolo porque consideramos que a reivindicación dos profesionais dos PAC é non só natural senón necesaria. A defensa que están facendo da súa estabilidade e das cuestións máis básicas sobre o seu traballo é absolutamente natural. Cabe lembrar, aínda que todos os profesionais do sistema sanitario teñen un labor evidentemente encomiable, que nalgúns casos, ás veces —incluso pola dificultade coa que as persoas accedemos ao sistema—, pois valóranse de xeito especial. E no caso dos PAC falamos de persoas que fan un traballo inxente en termos de horarios, de tensión, de nivel de estrés, que resolven e axudan cun nivel de eficiencia marabilloso. Pero estamos saturando o seu traballo como profesionais, estamos exixíndolles por riba do que é necesario e case decente. E ademais é unha cuestión de déficits do sistema. Cando reforzamos os PAC, cando reforzamos a atención primaria en xeral —pero neste caso estamos falando dos PAC, que é ao que se dirixe fundamentalmente esta moción—, estamos resolvendo os problemas dos hospitais, evitando as saturacións das urxencias dos hospitais. Polo tanto, é máis eficiente se o que se busca é a eficiencia do sistema; que un comeza a ter a sensación de que ás veces non é ese o obxectivo do Goberno.

Polo tanto, defendemos que as condicións estean dentro do natural, dentro do razoable dun sistema sanitario, no que os profesionais necesitan unha atención especial. Porque seguen ocorrendo cousas nos PAC de Galicia que son preocupantes. Así ocorreu aquel fatal desenlace que ocorreu este verán na Estrada. Pero pode volver ocorrer, porque seguen quedando PAC cun equipo só en poboacións onde deben estar dous polo menos, ¡polo menos! Segue ocorrendo, segue ocorrendo, como pasou na Estrada en agosto, como pasou nese mesmo PAC días antes, como pasou hai pouco tempo noutros PAC —aquí citáronse algúns e hai máis—, e como segue pasando neste sistema. Hai PAC que teñen que ter como mínimo dous equipos e que só teñen destinado un. E iso é o que está ocorrendo neses PAC.

Por certo, cousas como esta, que son as que afirman os profesionais, que son as que se poden demostrar con documentación nítida, son as que levan, entre outras, a facer o esperpento que fixo o Partido Popular coa Comisión de Sanidade, que basicamente se limitou a unha expresión moi nítida: que hai xente que aquí non pode vir a falar. Porque hai xente que pode contradicir a realidade, que é basicamente que está ocorrendo algo que nin legalmente pode ocorrer nin decentemente pode ocorrer. E converteuse naquel circo —utilizando esa desafortunada expresión que utilizou algún voceiro do Partido Popular— no que basicamente esa comisión de investigación de sanidade se converteu nun acto do PP no que persoas do PP van preguntarlle ao Partido Popular que tal o está facendo o Partido Popular. E a iso se vai reducir, lamentablemente.

E podía falarse destas cousas, salvo que agora, con esta proposta do Partido Popular que se aprobou, cando hai que falar dos PAC e do que sucedeu no PAC da Estrada, vaise avaliar sen ninguén que traballe na Estrada e sen ninguén que traballe nun PAC. ¡Brillante! ¡Brillante maneira de demostrar que a un lle interesa o que ocorre nos PAC de Galicia! ¡Fantástico! Imos estudar os PAC sen preguntarlle á xente dos PAC, porque esa era a xente que non podía falar, esa é a xente que se vetou para falar aquí.

É coherente co Partido Popular, porque, cando quixeron sentarse a falar co conselleiro ao principio das súas reivindicacións, botáronos da sala. E esa é a xente que está defendendo o traballo digno dos PAC e dos profesionais que están nos PAC de Galicia.

Polo tanto, hai un problema real que o Partido Popular coñece, que o Partido Popular se nega a afrontar e que oculta. E por iso lle pasan as cousas que lle pasan: que non quere que haxa xente que o poida contar. E non quere evidenciar se realmente as versións oficias, que lamentablemente ao final lles botan a culpa aos profesionais —se alguén se equivocou, se o outro non fixo, se o outro non foi...—, foron ou non foron verdade. Que non o foron, non o foron.

Polo tanto, iso é o que se pode demostrar, e por iso se bloquean as comisións como se bloquearon, e por iso o esperpento que vivimos por parte do Partido Popular nesta comisión. Porque, se os profesionais dos PAC puideran falar das cousas que están ocorrendo nos PAC, doutra cuestión poderíamos falar os demais. Pero esa é a realidade, hai profesionais que teñen unhas situacións laborais indefendibles, indefendibles, saturados, cun número de horas absolutamente exaxerado, cunhas condicións de recursos materiais e humanos que non son aceptables para un sistema sanitario público dun mínimo de dignidade, e que salvan o sistema porque son uns profesionais encomiables a pesar dos seus dirixentes, que aquí se dixo que os explotan —que é certo— e que se aproveitan dun modelo laboral exaxeradamente forte, exaxeradamente abusivo. Estamos abusando dos nosos profesionais e estamos facendo que estean os profesionais rotos persoalmente por defender un sistema no que non cren os seus dirixentes. E iso é o que defende esta emenda e iso é o que nós seguiremos defendendo, por iso a apoiamos. E valla, se acaso —aínda que só sexa un símbolo—, para dicir que nós si —ao contrario do Partido Popular—, nós si lles agradecemos aos profesionais o que fan. Nós si lles agradecemos que queiran dar voz á realidade do sistema sanitario, aínda que haxa xente aquí que crea que hai xente do sistema sanitario que aquí non debe vir a falar. Porque hai xente que cre que ten dereito a dicir quen pode falar e quen non. E iso aínda, ¡aínda!, non é aceptable.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Miren, señorías, da comisión de investigación levantáronse vostedes. Desde logo, non tiñan ningún interese en falar de recortes, non propuxeron un só experto. Aquí non se pode falar de recortes con rumores, como lles dixen na comisión de orzamentos. Os rumores son moitos pero as cifras son as cifras, e esas son imposibles de rexeitar. (*Aplausos.*)

Vostedes pensaron tamén que o presidente e o conselleiro se ían agochar e non ir á comisión. E cando souberon que o presidente decidiu ir e o conselleiro tamén, parece que tampouco lles gustou moito. E son vostedes os que terán que explicarlles a sindicatos e a todos eses colectivos que protestan tanto contra as políticas do Partido Popular —e que estaban nesa oferta que lles fixo o Partido Popular— que non puideron falar na comisión e non os puidermos escoitar pero porque vostedes non quixeron.

E con respecto ao tema dos PAC, este tema debateuse na comisión hai aproximadamente tres semanas. E aquí podíamos falar moito do inicio dos PAC. Eu xa o falei na comisión. A primeira oferta do Insalud no ano 1990-1991 foi que o médico do centro de saúde fixara as gardas de 24 horas sen libranza e traballar ao día seguinte. Despois, diante das protestas dos profesionais, ¿que se fixo? Contratáronse dúas persoas —polo menos no meu PAC, no PAC de Carballo— que traballaban noite si e noite non en condicións lamentables. Parece que iso xa se olvidou.

Desde logo, todos os traballadores públicos tivemos que sufrir as consecuencias da crise. E, desde logo, afectou as nosas condicións económicas e as nosas condicións laborais por medidas tomadas por diferentes gobernos. Sempre esquecemos que a única baixada de soldo que tivemos non foi do Partido Popular, foi do goberno do señor Zapatero. Pero tamén é certo que coa mellora destes últimos anos se recuperaron moitos deses dereitos: a devolución das pagas extra, do complemento das mesmas, os días de libre disposición, os adicionais de vacacións, incrementos salariais, OPE, plan de estabilidade, pacto de contratación, concursos de traslados abertos ou carreira profesional.

No mes de febreiro, os traballadores dos PAC reuníronse cos grupos e tamén foron recibidos pola Dirección Xeral de Recursos Humanos, á que fixeron chegar esa táboa reivindicativa que tiñan. Nese mesmo mes, nunha mesa sectorial, acordouse a constitución dunha comisión técnica delegada, que mantivo unha primeira reunión o día 9 de marzo, na que estaban presentes os representantes sindicais —como non podía ser doutro xeito— e persoal dos PAC para expoñer as súas demandas específicas. Houbo máis reunións, en abril, en xuño, en xullo e en setembro.

Si se avanzou, señorías. Avanzouse e a Consellería aceptou varias das reivindicacións dos profesionais: o aboamento de dietas de domingos e festivos de comida e cea, a eliminación de obxectivos da porcentaxe de derivación hospitalaria —aínda que todo o mundo sabe que ese é un indicador de calidade asistencial—, o problema da roupa de traballo ou dos equipos de protección individual. E a proba diso é que na PNL que presentou a señora Solla hai unhas semanas na Comisión 5ª figuraban estes puntos e na moción xa non figuran. Explicouse e debateuse entre Administración e traballadores o sistema de cómputo de xornada, que está axustado á normativa vixente. Dende logo, hai discrepancias e haberá que chegar a un acordo, pero iso está aí. Tamén se estudaron nas reunións as diferentes variables asistenciais que puideran xustificar un incremento de prazas. O incremento de prazas non parece un problema xeneralizado na maioría dos PAC de Galicia. Tamén iso é sen prexuízo da posibilidade de dotacións puntuais e reforzos nos PAC cando a demanda asistencial así o precise. A aprobación da carreira profesional vai representar para os 22.000 traballadores do Sergas, incluídos os traballadores dos PAC, un incremento do 6 % nas súas retribucións. Valórase constantemente por parte da Consellería a evolución dos indicadores de atención nos PAC, que é o que ten que xerar realmente o incremento ou non de prazas.

E, por certo, falan sempre de recortes. Dende o ano 2008 ao ano 2018 incrementouse o persoal dos PAC en 110 efectivos —51 médicos de familia e 59 enfermeiras—: 498 médicos no 2008 e 549 no 2018; 432 profesionais de enfermería no 2008 e 491 no 2018. Todos os PAC están atendidos polo menos por un equipo completo de médico e enfermeira. E o que si que está claro é que incrementar os profesionais en todos os PAC nas circunstancias actuais de persoal implicaría unha reorganización dos mesmos, implicaría ter que cerrar PAC e acumularlos con incremento da isócrona, con incremento da poboación atendida.

E algo semellante propúñase naquel famoso informe que lle encargou o Goberno Bipartito a prestixiosos profesionais —neste caso, neste capítulo, ao doutor Pablo Baamonde e ao doutor Manuel Martín, que, por certo, non puideron vir á comisión porque vostedes non quixeron—. Aí falábase de que había demasiados PAC e que eses PAC existían pola presión feita dende os concellos. ¿Está vostede de acordo con esas suxestións dos expertos, señora Solla? Eu penso que vostede non estará de acordo. ¿Coñece vostede as dificultades que hai hoxe mesmo para cubrir as prazas dos profesionais? Creo que as coñece.

A Xerencia de Vigo —falouse aquí da Xerencia de Vigo— vén de ofertar aos profesionais dos centros de saúde a posibilidade de facer gardas voluntarias para cubrir esas ausencias. A día de hoxe —segundo publican os medios de comunicación— o 15 % do persoal deses PAC está de baixa, e ademais hai unha OPE neste mesmo mes, o que dificulta moito a contratación de persoal eventual que se vai presentar ao exame. E ¿sabe que? Un sindicato, Comisións Obreiras, recorreu esa convocatoria, ou esa posibilidade de prazas voluntarias. Eu espero que non teñan que facer como pasou no ano 2008 e 2009: o burofax 24 horas antes dunha fin de semana con aviso de expediente a quen rexeitara esa oferta.

Miren, señorías, nós estamos pola negociación. Pensamos que se debe continuar negociando entre traballadores e Administración. E esperamos que esta negociación vaia polo bo camiño e que se resolvan os problemas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Polo grupo autor da moción, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, eu quero agradecer o apoio dos grupos da oposición. Imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego, por suposto. Teñen que negociarse nesa mesa sectorial o resto de dereitos que foron detraídos aos traballadores e traballadoras e devolveos. E é hora xa, unha vez que se preconiza continuamente o incremento ou a mellora económica, a pesar de que, como vemos nos orzamentos, esta situación de perpetuidade dos recortes parece que se vai manter.

Señor voceiro do Partido Popular, mal de moitos..., xa sabe. A realidade é que cremos que debemos tender a mellorar o sistema sanitario e non ao revés, non ir cara a atrás. Por suposto, se vostede vai cara aos anos sesenta aínda a cousa estaba moitísimo peor, é obvio. Pero deberíamos estar mellorando e non empeorando, como leva acontecendo na última década. Esa é a situación actual. E é unha situación que está empeorando nos últimos oito anos, porque a frecuentación dos puntos de atención continuada se incrementa e vostedes non fan nada, non fixeron nada durante todo este tempo para mellorar e axustar as plantillas ás necesidades de atención. E é máis —e dígollo, é un punto da propia moción—, se vostedes recortan a atención primaria, se hai lista de espera na atención primaria, increméntase a xente que vai ás urxencias dos puntos de atención continuada. Resulta unha circunstancia obvia para calquera persoa.

E non se necesita ser un experto co carné do Partido Popular para vir comparecer a unha comisión. Porque parece ser que os carnés de expertos en recortes agora os dan vostedes. Vese —e xa o dixen antes— que vostedes son bastante expertos en recortes. Levan recortando ata a extenuación a sanidade pública nos últimos dez anos. Por suposto que vostedes teñen moitos na Consellería de Sanidade, teñen expertos en recortes, moi bos expertos en recortes, señor voceiro.

Estaría ben tamén que o señor presidente fora comparecer á Comisión de investigación do Marisquiño. Talvez non lle apetece tanto falar de López Veiga nunha comisión.

Pero eu preguntome se é necidade cando se fala aquí de incremento e de melloras salariais relativas aos profesionais da sanidade pública. Porque, mire, señor Centeno, que, cobrando 1.100 euros de salario base, vostedes non se dignen nin a pagar o 20 % que lles deben dende o ano 2010 das noites e dos festivos aos profesionais, ten tela, señor Centeno. ¿De que incremento salarial me fala? ¿Se os teñen vostedes escravizados e nin sequera lles pagan as noites e os festivos! ¡Por favor! ¿Que 6 % van incrementar os salarios dos profesionais? Tivemos o outro día a comparecencia na Comisión de Economía —Programa 412B, a partida relativa aos salarios estatutarios, capítulo I, artigo 2—, e pódeo comprobar vostede: o incremento non chega nin ao 3 %, nin ao que se incrementou durante estes anos o PIB, señor

Centeno. É que non dá nin para pagar a carreira profesional. ¿Que profesionais van aumentar? ¿Que incremento salarial vai haber? ¡Non é certo! Está posto nos orzamentos, señor Centeno. Eu pídolles que deixen xa de enganar a xente e os profesionais, porque non é certo.

E, dunha vez por todas, tomen medidas xa para arranxar esta situación, porque non podemos correr máis este risco. Teño que rematar xa. Os profesionais propuxéronlles un cómputo, unha fórmula de calcular os salarios, propuxéronlles varias fórmulas. E, dende logo, propuxéronlles e lévanlles reclamando —e está nesta moción tamén— un sistema que sirva para ter profesionais dispoñibles e, dende logo, que se incentive esa dispoñibilidade. Non se pode esperar á voluntariedade e obrigar os profesionais a traballar 65 horas en 5 días, porque iso é inhumano.

Resolvan xa esta situación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate sobre as mocións, procedemos á súa votación.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas.

Aceptouse a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non a do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación do texto transaccionado sobre a Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais.

Non se presentaron emendas.

Votación da Moción, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal.*

Aceptouse a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado sobre a Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Suspendemos a sesión ata as 16:15, as catro e cuarto.*

Suspéndese a sesión ás dúas e dezaioito minutos e retómase ás catro e quince minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: *Reanudamos a sesión.*

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro

O señor PRESIDENTE: *Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 27687).

Emenda de adición.

Engadir os seguintes puntos:

<<- Elaboración dun Plan Funcional negociado coa Comisión de Centro e acordado co equipo multidisciplinar, adaptado á realidade asistencial e que contemple a utilización do 100% do espazo na área de urxencias con dotación de persoal de maneira estábel.

- Creación dun grupo de traballo de avaliación continua.

- Elaboración de protocolos para a asistencia de doentes pendentes de ingresos.

- Priorización das interconsultas que sexan urxentes.

- Cobertura do 100% das ausencias d@s traballadores/as.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Sentimos profundamente ter que traer este tema unha vez máis aquí, seis meses despois de interpelar o conselleiro de Sanidade, de preguntar por este asunto, de facer propostas, e seis meses despois de que nada acontecese en positivo en relación coa situación que se vive nas Urxencias do Clínico en Santiago de Compostela.

As súas señorías son coñecedoras de toda a exposición de motivos, de todas as problemáticas que se levan arrastrando durante dez anos no Servizo de Urxencias do Clínico e que foron trasladadas aquí en múltiples ocasións, non só polo noso grupo, senón polo resto de voceiros e voceiras da oposición.

Unha situación que motivou protestas durante meses dunha plantilla esgotada, cansada de sufrir continuamente o desprezo das súas demandas. Unha situación que desgraciadamente, e tal e como denunciámos pola mañá na moción que facía referencia á situación dos puntos de atención continuada, no caso das Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela tivo tamén consecuencias fatais. Ata tres denuncias por falecemento na Fiscalía por parte dos propios profesionais denunciando mortes que aconteceran nos corredores. E como saben as súas señorías nese hospital, que goberna a señora Eloína Núñez, a última desas denuncias na Fiscalía motivou que se trasladase esta situación ao xulgado de instrución, porque a fiscal observou indicios, dende logo, de delito. Unha situación moi grave porque estamos falando de falecemento de persoas.

Pero tamén estamos falando doutras tantas que afortunadamente non faleceron, pero que pasaron moitísimas horas, e mesmo días, nos corredores das urxencias. Insisto que a deficiencia estrutural se arrastra durante anos.

Foi no último ano, ano e algo, que os traballadores e traballadoras insistiron aínda máis nas demandas e na problemática denunciando o que estaba a acontecer. Mesmo temos copias de correos que foron remitidos ás xerencias advertindo de que a carencia de persoal neses

días podería causar un problema. Efectivamente, e como xa trasladamos aquí no mes de maio, o día en que faleceu a última persoa que foi denunciada na Fiscalía e, posteriormente, abertas esas dilixencias no xulgado de instrución, os profesionais médicos advertiran á Consellería de Sanidade, neste caso á xerencia, de que algo ía acontecer porque non había persoal suficiente e había moitas persoas agardando nos corredores do servizo.

Despois de todas estas protestas, das veces que trouxemos este asunto aquí, as únicas melloras que a Consellería de Sanidade —a señora Eloína e toda a súa caterva de axudantes— se dignou a poñer en marcha son simplemente algúns simples medios materiais e un celador, creo recordar, para poñer en quenda de noite, que non suplían a globalidade das demandas.

E eu quero recordar aquí, por facer memoria, porque hai seis meses que non debatemos desta situación, que o propio director de Procesos Asistenciais lles recoñeceu aos traballadores e traballadoras a carencia estrutural, fundamentalmente de profesionais de enfermería e técnicos auxiliares de enfermería. Evidentemente, tamén médicos e médicas, pero fundamentalmente destes profesionais, algo que figura por escrito nas actas das reunións dos traballadores coa dirección do centro.

Esta circunstancia foi trasladada ao xerente previo e foi trasladada á xerente actual. En varias ocasións prometéronse melloras e mesmo en setembro do ano pasado —hai máis dun ano xa—, nunha xuntanza das auxiliares de enfermería coa xerencia, se lles dixo que se ían implementar melloras e que ían poñer máis profesionais. Chegaron a ofrecer, mesmo a incrementar en cinco o número de profesionais médicos do servizo.

Nada diso aconteceu, o único, practicamente, á parte diso que acabo de mencionar, que fixeron durante os últimos meses foi facer unhas obras no Servizo de Urxencias, que obviamente se ben os profesionais non as rexeitan, non solventan a carencia estrutural de persoal. Polo tanto, o único que fan é seguir abondando no empeoramento do servizo.

Cando mudou a xerencia do centro e a señora Eloína tomou posesión, a partir de aí empezaron novamente as xuntanzas; díxoselles aos profesionais que había a intención de mudar a estrutura, o funcionamento do traballo, pasar dun funcionamento que tiña naquel momento máis compartimentado a un funcionamento por equipos. A plantilla do centro dixo dende o inicio que non se negaban en absoluto a que houbera cambios ou a traballar en equipo, pero que eses cambios e esas modificacións pasaban, inescusablemente, por incrementar o número de profesionais, porque se xa tiñan dificultades antes, obviamente ao necesitar funcionar en equipo ían necesitar máis reforzo. Díxoselles que non, que mellor implementar primeiro os cambios e despois xa veríamos se se puñan máis profesionais.

O que aconteceu nos últimos meses foi que se implementaron cambios, se fixeron obras e non se puxo máis persoal. E a situación é aínda peor que antes dos cambios, tal e como vaticinaban os profesionais, porque hai un cambio organizativo e a maiores diso hai que traballar en equipo, co cal necesitan máis profesionais e non menos, como estaba a suceder anteriormente. O resultado: un desastre, estamos outra vez ás portas do incremento da carga asistencial polas enfermidades respiratorias nun proceso no que xa hai estruturalmente problemas no servizo.

Algúns dos profesionais médicos —fundamentalmente porque saben vostedes que primeiro se convocou unha folga dun sindicato médico e, posteriormente, o resto do servizo tamén convocou folga, porque están cansadas das promesas baleiras— pedíronme hoxe que lembrase aquí que a situación á que os somete a Consellería de Sanidade é a dun almacén; un almacén no que están persoas que obviamente sofren e padecen igual que os demais, e traballadores e traballadoras que teñen que xestionar un almacén para poder manter camas pechadas nas plantas, como aconteceu en verán, e continúa acontecendo; un almacén para que a Consellería xestione de costas a ese sufrimento das persoas e dos profesionais o seu servizo para non implementar melloras.

Recordarán vostedes que en marzo foi noticia que o hospital que dirixe a curmá do señor Núñez Feijóo tiña doentes nos corredores no chan, porque non había nin sequera camillas suficientes nin cadeiras de rodas. Unha situación terceiromundista, unha situación que avergoñaría absolutamente a calquera e unha situación na que non só non se incrementaron os profesionais, senón que, desgraciadamente, nin sequera o máis básico do que se pedía, que eran os materiais, non se puxeron nin sequera todos os que se necesitaban.

Hoxe volvemos pedir aquí que se doten as Urgencias do CHUS de medios humanos e de medios materiais para poder dar unha asistencia de calidade, porque como dixen pola mañá non hai dereito a someter a ninguén a traballar nesta situación de estrés, nesta situación de presión, e non hai dereito a que persoas teñan que sufrir as esperas tiradas nun corredor, a que unha persoa poida falecer ante a mínima sospeita de que se houbera máis profesionais podería ter sido atendida antes, ¡jante a mínima sospeita! E reitero, tres denuncias na Fiscalía, dilixencias abertas no xulgado.

Pero con independencia do que aconteza con iso, eu creo que non se pode desprezar unha situación como esta, e unha situación que levan denunciando os profesionais tantísimo tempo que viñeron aquí en múltiples ocasións, que fixeron protestas, que se puxeron diante da Consellería, que se puxeron diante do Parlamento de Galicia.

Seis meses despois nada mudou, aínda en troques empeorou, e a dificultade con esta xerente é a mesma que acontecía en Ourense. Se antes había problemas, intentar reunirse ou falar con esta señora é absolutamente imposible, se ben moi difícil. E ninguén dá unha resposta e, desgraciadamente, os profesionais e as profesionais cando se poñen en risco a vida de persoas e cando están sometidos a este estrés non teñen máis remedio que acudir á única ferramenta que teñen á man, que é unha folga.

Créanme que, como xa dixemos noutras ocasións... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Hai moito ruído.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Si, demasiado, a verdade.

O señor PRESIDENTE: Moito ruído, si.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Como dixemos noutras ocasións non creo que ningún profesional nin ningunha profesional teña como unha primeira opción ter que ir á folga, e saben

vostedes que hoxe había xuntanza para fixar os mínimos, que obviamente, e unha vez máis, serán do cen por cento. Está por ver se vai acontecer como nos puntos de atención continuada, que nin sequera hai profesionais suficientes para cubrir os servizos mínimos porque durante todo o ano traballan absolutamente en mínimos.

Hai unha serie de demandas dos profesionais, foron trasladadas á xerencia con arranxo á nova situación, con arranxo ao novo funcionamento, á necesidade de, polo menos, cinco profesionais médicos máis; a necesidade de que se incremente un celador, unha celadora en cada quenda; a necesidade de que se incrementen as presenzas das técnicas auxiliares de enfermería, que, reitero, a propia dirección recoñeceu que facían falta máis profesionais, pero non se poñen. O incremento tamén de varios profesionais de enfermería, a elaboración dun plan funcional co que se conte cos profesionais. Algo tan revolucionario como escoitar os profesionais á hora de elaborar o plan funcional.

E unha serie de medidas, dende logo, nas que se substitúan —remato xa— nun cen por cento as ausencias, é dicir, as incapacidades temporais, as baixas, os permisos, algo básico e elemental nun servizo de urxencias.

Eu hoxe pido, unha vez máis, que por unha vez se escoiten os profesionais. E esas persoas que hoxe estaban reunidas e que non poden estar hoxe aquí na bancada, están pendentes tamén de que por unha vez —seis meses despois— se lles dea, dende logo, polo menos, unha solución satisfactoria ou inicialmente se senten a negociar algo que é absolutamente de mínimos.

Máis nada por agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Efectivamente, temos que volver falar da situación do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario de Compostela, un tema que abordamos aquí neste pleno e en comisión e que obtivo por parte do Partido Popular, e por parte do Goberno, por parte do propio conselleiro, a total displicencia, a non consideración dos problemas que hai neste servizo: non escoitar os profesionais do servizo de urxencias, non escoitar as súas demandas, non escoitar as súas denuncias que veñen realizando desde o ano 2012, que veñen realizando ante as distintas direccións, que realizaron ante a Valedoría do Pobo, diante da Consellería, sen obter resposta ás súas demandas.

Chegaron a unha situación extrema diante da cal optaron por realizar mobilizacións, optaron por trasladar a situación aos grupos parlamentarios con representación aquí no Parlamento galego e, efectivamente, fixeron uns pequenos —pero nin sequera— parches, atenderon tan minimamente as súas demandas que case nin parches se poden chamar.

E diante desta situación a comisión de centro tomou a decisión de facer un chamamento, unha convocatoria de folga a iniciar o vindeiro luns día 12 se as súas demandas non son atendidas. Demandas —insistimos— máis que xustificadas polo tempo que levan reclamando as mesmas e pola entidade destas. Demandas a respecto da situación do persoal, demandas de material, demandas de recursos, demandas de medios.

Unha situación dun servizo de urxencias dunha moi alta demanda, con moi pouco persoal, cunhas ratios moi baixas con respecto a outros servizos de urxencias, un servizo de urxencias que atende unha poboación realmente moi elevada e que se atopa continuamente nunha situación de colapso, xa non en momentos puntuais, en épocas de gripe, nos picos de verán ou en cuestións puntuais, senón que é xa un problema estrutural, como na maioría dos servizos de urxencias, pero no caso do CHUS xa dun xeito especial.

A situación do material é tremendamente deficitaria, cun nivel de deterioración moi importante, obsoleto en moitos casos, sen recambios, cun déficit de dotación en materiais básicos. O persoal tremendamente insuficiente, e no espazo houbo un aumento en canto a este espazo, pero non foi acompañado dun aumento de recursos.

Por iso, imos apoiar esta iniciativa de En Marea, insisto, que vai na mesma dirección das iniciativas que trouxemos noutras ocasións ás que presentamos unha demanda con esa actualización que se fai desde esta convocatoria actual de folga por parte da comisión de centros.

E a emenda que presentamos pois vai nesa dirección, que se proceda á elaboración dun plan funcional negociado coa comisión de centro e acordado cun equipo multidisciplinar e adaptado á realidade asistencial que contemple a utilización do cen por cento do espazo na área de urxencias con esa dotación de persoal de maneira estábel, non con parches e non cunha dotación a tempo parcial.

Que se cree un grupo de traballo de avaliación continua, de como está funcionando este servizo de urxencias, e ademais o que pon a iniciativa, que é a dotación suficiente de persoal en todos os colectivos e a reposición do material.

E teño que lembrar que, por exemplo, o día 29 de outubro entraron catrocentos corenta e oito pacientes e ingresaron sesenta e un. Estamos falando dunha carga asistencial realmente brutal. Pedimos na nosa emenda que se elabore un protocolo para asistencia de pacientes pendentes de ingreso mentres permanezan na unidade, minimizando os tempos de estancia na mesma e adecuándoos aos tratamentos. Hai moitos doentes que permanecen un tempo moi prolongado no servizo de urxencias, co cal é necesario que existan estes protocolos.

Outro punto é a priorización das interconsultas que se xeran en urxencias. Moitas veces, desde este servizo pídense interconsultas que non son atendidas na medida en que son necesarias facelas cunha priorización que non están a ter en conta.

E outro último punto é a cobertura do cen por cento das ausencias dos traballadores. Están a traballar con servizos, con cadros de persoal baixo mínimos, e é evidente que cando falta

algunha destas persoas do cadro de persoal é necesario a cobertura do cen por cento, porque se non xa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...os cadros non dan servizo tan necesario neste servizo de urxencias.

É evidente que aínda que non se acepte esta emenda imos votar favorablemente esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Continuando cos debates referidos ás cuestións sanitarias, imos dende o Grupo Socialista apoiar esta iniciativa, tamén independentemente de que se acepte ou non a emenda, que consideramos que non varía o noso voto en ningún dos casos.

E pola mañá falabamos dunha situación dos traballadores e traballadoras dos PAC que están en folga, falamos agora dos profesionais dos servizos de urxencias do Hospital de Santiago, que a semana que vén teñen convocada unha folga que non é a primeira, que xa fixeron outra hai un tempo. E preguntamos no servizo se dende o Goberno galego, dende o Partido Popular, cren que os traballadores da sanidade convocan folgas por deporte ou é porque consideran que o seu servizo pode ser mellorado. Porque igual consideran que fan folgas, como se suxeriu aquí algunha vez, porque están manipulados, porque están en contra do Goberno, porque queren menosprezar a sanidade pública na que traballan ou algunha cuestión desas que soan verdadeiramente a piruetas lingüísticas.

A verdade é que os traballadores o que fan é pelexar basicamente polo seu servizo e por dar unha maior atención sanitaria o mellor posible aos cidadáns aos que atenden. E o que consideran é que nas condicións nas que están, están sobresaaturados e non é posible facelo dunha maneira minimamente digna para o nivel de calidade que o noso sistema merece e pode ofrecer. E iso é o que din os profesionais. E calquera que se poida pasar polo servizo pode comprobar que é certo.

Porque teño suxerido moitas veces que se estes debates os tiveramos nunha sala de espera dun hospital, ou dun centro de saúde, a realidade que se sostén aquí algunhas veces é imposible de defender, imposible. Porque alí mesmo é fácil de comprobar como é imposible co mesmo persoal, ou menos, atender máis espazo e un nivel de aparellos que moitas veces non mellora o existente ou que se o mellora non existe nin formación nin capacidade persoal para facelos en termos de número, porque máis espazo co mesmo persoal e peor servizo. En termos xerais, menos persoal e peor servizo.

E os traballadores fixeron propostas, e tiveron a vontade notoria de facer propostas que, de verdade, non son unha cousa exaxerada, non están plantexando a lúa nin comprar maquinaria último modelo e dedicar todo o orzamento a que se lles equipe todo o servizo de urxencias. Son propostas bastante sensatas, propostas tentando de axustarse a ser realistas, para poder contribuír á mellora do sistema. E o caso que se lles fai é practicamente nulo, mínimo; entón a realidade dos traballadores é que están defendendo un sistema no que comprobamos que os seus dirixentes non cren, e iso é o que se comproba dende aquí.

Por certo, con pouca presenza da xerente da EOXI. Vostedes vana repartindo como a lotería, primeiro déronlla a Ourense, logo a Santiago, e a verdade é que é unha lotería que a xente non quere que lle toque, porque é complicada. Por certo, unha das persoas que non queren que compareza aquí. Nese caso non creo que sexa porque non quixeran escoitar o que dicían, senón que probablemente non querían escoitar o que lle queríamos preguntar. (*Aplausos.*) ¡Probablemente!

Pero como hai persoas que están protexidas no sistema, protexidas, como a xerente da EOXI, cando pasou o que pasou na Estrada, están protexidas e non se pode falar delas, non sei por que.

Por certo, sobre as cuestións que se mencionaron da Comisión de Sanidade, a proposta do Partido Popular está aí, está votada e está aprobada. Eu pídolles que non mintan co que propuxeron, están aí, os vinte e seis comparecentes son os que son, ninguén máis. Imos ser serios con este tema.

Pero vostedes defenden, como defende o señor Núñez Feijóo, que estamos —creo lembrar, ou corríxame se non é certo— no mellor momento da sanidade galega. Están de folga os PAC, van estar de folga as Urxencias do Clínico de Santiago, pero non pasa nada. Fálase de que hai mil cincocentos profesionais máis, non están orzados, deben de vivir do aire, non pasa nada.

Xente esperando no Hospital do Salnés, terceira planta pechada, xente esperando días nos box de urxencias, non pasa nada. Están de folga as ambulancias, non pasa nada. Povisa chantaxea o sistema, non pasa nada. Aos pediatras querenlles meter unha modificación pola porta de atrás que se ten que envainar a Consellería, porque non falou con ninguén, non pasa nada.

O Consello de Contas di sistematicamente que os orzamentos da Consellería son mentira e que trampean as contas e que orzan mal a propósito para poñer en partidas cousas que non son para logo modificar, facelo opacamente e que non presentan un plan que sexa fiable, non pasa nada. A Defensora del Pueblo ridiculiza e avergoña todo este sistema co que dixo do centro de Conxo, non pasa nada. Os usuarios dinnos que somos a terceira peor sanidade de España e que aumenta o número de cidadáns que prefiren xa a privada que a pública por culpa da deterioración que se está sufrindo con este goberno, non pasa nada. Falece un paciente na Estrada, non pasa nada. Hai sentenzas xudiciais que din que este goberno ampara xefes de servizo que contratan a discreción os seus amigos e que poñen tribunais que son para nada imparciais, como pasou en Pontevedra, e non pasa nada.

E seguimos escoitando que aquí non pasa nada. E nós preguntámonos ante esta, como outras situacións, señores do Partido Popular, ¿en que mundo viven vostedes?, ¿en que mundo? Porque a sanidade deste país está ao límite e vostedes están forzando para que rompa, e isto non é aceptable. Nós imos apoiar esta iniciativa, como outras moitas neste mesmo sentido, como algunhas que temos levado tamén nesta mesma liña, porque é indefendible someter os profesionais sanitarios a que sexan os únicos responsables da defensa da calidade do sistema. Por se non se dan conta tamén, quen dirixe un sistema é responsable da súa calidade. Polo menos, xa que tanto o din, escoiten os profesionais, no caso de hoxe escoiten os profesionais de Urgencias do CHUS.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Traen hoxe unha proposición non de lei sobre as reivindicacións do persoal sanitario do Servizo de Urgencias do CHUS.

E señora Solla, fala vostede dunha situación caótica, de descontrol e de abandono na que se atopan as urgencias deste centro hospitalario. Nada ao que non nos teña acostumados nas súas intervencións. Pero custa traballo dixerir o que vostede di, realmente é difícil de entender, sobre todo polos milleiros de persoas que acoden aos servizos de urgencias dos hospitais do Sergas.

Mire, eu xa sei que vostede se mira no espello doutro modelo de sanidade, doutras latitudes, e iso ás veces pode confundila. Fala de falta de medios materiais e de persoal, de desidia da dirección do hospital, e o que me parece moito máis grave é que vostede diga que isto provoca tensión entre o persoal de urgencias e que ademais empeora a calidade asistencial repercutindo sobre os doentes. Isto que vostede di é moi grave, non creo que meditara moito esas verbas.

A calidade asistencial do doente está por riba de todo, está por riba de todo iso, e iso sabémolo ben os sanitarios; mais que estean saturadas as urgencias, esas tensións que vostede di, señora Solla, non pode repercutir nunca, nunca na calidade asistencial. O doente está por riba de todo.

Fala de ratios e de materiais. Ben, imos á realidade, o Servizo de Urgencias do CHUS no ano 2017 atendeu 154.763 doentes, 80 % deles adultos e vinte pediátricos. Este volume de urgencias distribúese en horarios de mañá, de tarde e de noite, e o 83 % das solicitudes de atención ocorren durante o día, desde as oito da mañá ás dez da noite. Para atender este servizo, conta con corenta e cinco médicos máis un coordinador, setenta enfermeiros, co-

renta e catro auxiliares de enfermería e trinta e cinco celadores. E en urxencias hai que recordar que hai tres quendas: mañá, tarde e noite, cada unha delas atendida por diferentes facultativos.

Se a demanda da atención é moi alta sempre se reforza con máis persoal, de acordo coas necesidades. O persoal de profesionais ten unha dimensión adecuada para atender a demanda actual, e vostede sabe que as sociedades científicas calculan que unha media de 2.992 pacientes por ano, que dá unha media de 13,6 pacientes por médico e día.

Perdón, estes 2.992 pacientes é o que sae a media que se atende nas Urxencias do CHUS, porque as sociedades científicas estiman unha media de 4.445, así que o tempo é correcto e a espera media cúmprese perfectamente segundo os estándares establecidos polo sistema de selección Manchester en función do nivel de urxencias asignados.

Quero recordar aquí, tamén, o Plan de estabilidade asignado no ano 2017 por todos os sindicatos, excepto pola CIG.

Quería recordar —porque vostede falaba que os tempos non eran— que no sistema de triaxe que se usa, o sistema Manchester, ningún paciente de ningún nivel, tanto do 1, 2, 3, 4 e 5, agarda máis do tempo necesario establecido. Cúmprense así os estándares establecidos.

Se ten algo que dicir, pode vir aquí e dicilo.

Nos últimos dous anos —ademais nos últimos dous meses—, pois tamén o dixo vostede aquí, houbo melloras neste servizo. O Servizo de Urxencias do CHUS está suficientemente equipado tanto en termos de profesionais como en recursos materiais para proporcionar a asistencia urxente que os pacientes demandan coas normas de calidade e seguridade adecuadas. Todo é mellorable, é verdade, e ademais na sanidade temos que ser reivindicativos, pero sempre mirando a realidade.

Mire, señora Solla, vostede mesma recoñeceu aquí que isto mesmo o levou á Comisión 5ª, e nesa Comisión 5ª nós fixemos unha emenda que vostede rexeitou. Se vostedes estiveran realmente preocupados pola atención aos doentes aceptarían a emenda que lles propuxemos e non presentarían de novo esta mesma iniciativa. Nós tomamos en serio aquela proposta que fixemos e, como demostran os datos actuais, estanse a reforzar os medios materiais e estase a reforzar o persoal cando as circunstancias o requiren. E esta é a diferenza, a que hai entre quen quere ofrecer chegar a acordos e aplicarlos e quen prefire rexeitalos e seguir na protesta, algo que xa vimos nestes últimos días.

E señor Torrado, e señores da oposición, non confundan, non confundan a xente. Vostedes son os únicos responsables de que na Comisión de Sanidade non compareceran persoas que vostedes mesmos propuxeron e que logo se volveron atrás, rexeitaron e levantáronse.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Agradecer, primeiro, aos grupos da oposición o seu apoio; imos aceptar a emenda. Trasladei algunha parte na intervención, porque é certo que, unha vez que se aplicaron eses cambios funcionais e estruturais no servizo, tamén as demandas se axustan á situación que hai agora.

Eu non sei se a voceira do Partido Popular se sente satisfeita coa súa intervención. Non sei se considera vostede que serve para algo o que veu facer aquí, que a intervención mellora nalgunha cuestión a situación que teñen os traballadores e traballadoras, que van a empezar unha folga o día 12; se vostede se sente satisfeita, se descansa ben pola noite con este tipo de intervencións e se mentir en canto aos datos serve para algo aos profesionais.

E eu preguntoo porque o que acabamos de vivir aquí é ridículo. Descúlpeme, pero é que tivemos varios debates sobre esta situación e eu xa dixen nalgún deles que vostedes tiñan uns datos de tempos de atención que non eran os que daban os profesionais, e que tiñan un problema de xestión. E ese problema de xestión chega a día de hoxe: hai unha folga convocada e non poden continuar mirando cara a outro lado. E se non me quere facer caso a min, señora Amigo, vuelle ler o que din os profesionais, porque, polo menos, xa que eles non poden vir aquí, a ver se ten que escoitar algo do que din os profesionais.

Hai xa preto dun ano que se nos anunciou, por parte da Xerencia, a intención de levar a cabo unha reorganización funcional do servizo, que conlevaría unha reordenación estrutural do espazo físico e un cambio drástico nos actuais circuítos de atención ao paciente. Aquel plan pouco ten que ver co que agora botan a andar, creando certo caos entre os propios traballadores: os equipos de traballo, que eran o principal pretexto que se utilizaba, perden agora forza, xa que a obstinada negativa por parte da xestión ao aumento de persoal impide a creación de tales equipos de forma estable.

Vimos de observar con perplexidade diversas informacións nos medios de comunicación en que se eloxian as obras coma unha importante ganancia no espazo, traducida –din– nun aumento do número de bolsas de asistencia que permitirá unha maior axilidade na atención. Dá a impresión de que aos xestores do complexo só os desasosega a difusión nos medios de comunicación de imaxes mostrando as colas de pacientes no pasillo de Urxencias, e por iso levan a cabo obras co fin de buscar novos espazos onde poder ubicalos, pero sen preocuparse de se estes son axeitados e dignos para unha correcta asistencia, nin de se están dotados de persoal suficiente para poder atendelos axeitadamente. É absurdo e irresponsable —din eles— pensar que se pode mellorar a calidade da asistencia atendendo só á reestruturación do espazo físico.

Vostedes queren un almacén, sen poñer profesionais, para que non se vexan os doentes que están nos corredores. A realidade é esa: tres denuncias na Fiscalía e a apertura de dilixencias polo último dos falecementos.

Señora Amigo, non nos veñan aquí contar películas, senten cos profesionais. Hai unha situación que eles definen coma un caos e, ¡claro que si!, cando non poñen persoal non se

pode dar a mesma calidade asistencial. Non sei se vostede estivo algunha vez nas Urxencias do Clínico; eu si, e cónstame que o resto de voceiros da oposición tamén. Debería ir alí e falar cos profesionais, e de paso dicirlle tamén á señora Eloína que, por unha vez, deixe de semmentar o caos polos hospitais polos que pasa e sente a escoitar os profesionais, que son os que saben de que vai o traballo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar

O señor PRESIDENTE: Hai emendas de todos os grupos con representación na Cámara.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir á parte resolutive o seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar un informe que inclúa toda a documentación e material elaborado para aspirar a acoller en Galicia o laboratorio europeo de control bacteriolóxico de bivalvos, e que refira todas as xuntanzas realizadas ao respecto coas persoas involucradas no proceso.»).

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada dona María Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir á parte resolutive o seguinte punto:

«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a presentar un informe a este Parlamento no que consten as causas de non terse asinado aínda o protocolo para nomear ao INTECMAR como Laboratorio Nacional de Referencia a nivel estatal para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción, toda vez que, segundo se manifesta, o mesmo estaba redactado hai cinco meses.»).

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Julia Torregrosa Sañudo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei .

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutive polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social para tramitar a sinatura e aplicación do protocolo entre AECOSAN e o INTECMAR que permita designar ao INTECMAR como Laboratorio Nacional de Referencia, no ámbito nacional para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción. Esta tramitación incluírá un informe que será ademais remitido a este parlamento, que recolla a certificación de todas as xestións realizadas por parte da Xunta de Galicia para acoller no noso territorio o laboratorio europeo de control bacteriolóxico e bivalvos, perante a UE e o Estado, así como a documentación das xuntanzas realizadas con este obxectivo.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Ben, grazas presidente.

Boas tardes, señorías.

Nesta intervención vou intentar ser clara na explicación de que é o que pedimos exactamente nesta PNL, facer un pequeno percorrido cronolóxico dos acontecementos e as razóns polas que é importante e —un pouco— dar a coñecer por que estamos aquí. Logo, na rolda de réplica, falarei das emendas que teñen presentadas os tres grupos.

Unha vez coñecido o desencadeamento da desconexión do Reino Unido do resto da Unión Europea, a Xunta de Galicia —e, nomeadamente, a Consellería do Mar—, no ámbito das súas competencias, traballou desde o primeiro momento na obtención de máis argumentos —como xa temos dito e explicado aquí— para defender os intereses pesqueiros, para minimizar o seu impacto en Galicia e para facer unha oportunidade deste proceso inédito en Europa.

Trázase, polo tanto, unha folla de ruta, e fanse e utilízanse diferentes vías. Nun primeiro momento encárganse unha serie de informes para analizar aspectos do eido económico, como o posible impacto por cesamento da pesqueira e de acceso ás augas, principalmente dos buques que faenan nas augas británicas e nas Malvinas. Concretamente, foron encargados informes á profesora de Economía Aplicada e experta en Economía Pesqueira da Universidade de Santiago, María do Carme García Negro e, por outra banda, encárganse informes ao Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga da Universidade da Coruña, para avaliar as consecuencias do *Brexit* para a pesca galega. Todas estas accións encádranse no obxectivo —como digo— de seguir afondando en argumentos para que Galicia e España poidan atopar unha oportunidade neste *Brexit* e, polo tanto, para estar tamén nas posibles negociacións e comités de traballo que se fagan a raíz deste desencadeamento do Reino Unido coa Unión Europea.

No estudo do Salvador de Madariaga, ao que fixen referencia, vese a oportunidade de traer para España e para Galicia o laboratorio de bivalvos. Polo tanto, o proceso do *Brexit* trouxo como consecuencia a supresión do Laboratorio Comunitario de Referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos dos moluscos bivalvos, actualmente outorgado a un centro no Reino Unido, o CEFAS.

Non foi a eliminación dese laboratorio, senón que foi unha disgregación das competencias; polo tanto, supostamente, razóns de carácter organizativas e económicas levaron a Comisión Europea e os estados membros a disgregar as funcións dese CEFAS en catro centros por toda Europa, e en función dos seus cometidos e especialidades atópase o laboratorio español encargado deste cometido, situado en Galicia, en Vigo, que é ademais o Laboratorio Nacional de Referencia nesta materia.

No futuro pos-*Brexit*, o cometido deste laboratorio sería dar seguimento ao control das zonas de produción, materia na que Galicia está sobradamente preparada e ten moita experiencia a través do Intecmar, derivada da circunstancia de que a nosa comunidade autónoma posúe unha maior produción de moluscos bivalvos a nivel europeo. É dicir, a Galicia tocoulle nesa disgregación das catro competencias a parte máis importante e máis ampla do traballo que ata agora viña realizando o CEFAS, situado no Reino Unido.

De aí, polo tanto, a necesidade de colaboración entre Galicia —a Administración autonómica— e o Estado central. Polo tanto, póñense enriba da mesa as posibles sinerxías, as colaboracións no cumprimento dunha lexislación comunitaria para o control das zonas de produción de moluscos bivalvos. Foi iso o que motivou que Galicia, nun momento dado, se ofrecese a apoiar a realización dos cometidos encargados de alcance nacional. Ese ofrecemento plasmárase nun protocolo entre a Aecosan —que é a Axencia Española de Consumo e Seguridade Alimentaria e Nutrición, responsable do laboratorio— e o Intecmar —que é o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, como vostedes saben—, no marco de que ambos acordarían coordinar accións e intercambiar coñecementos cara a unha maior eficacia nos distintos campos de acción.

En concreto, ¿que se pedía ou que se solicitaba? En primeiro lugar, por unha parte, a Aecosan designaba o Intecmar como Laboratorio Nacional de Referencia para Biotoxinas Mariñas e control e clasificación das zonas de produción e, por outro lado, o Intecmar comprometéase a tres puntos: un, a facilitar o acceso ás mostras necesarias para a organización de ensaios interlaboratorios comparados ou ensaios de aptitude periódicos que o Laboratorio Comunitario de Referencia necesite; en segundo lugar, a aceptar visitas formativas para o persoal do Laboratorio Comunitario de Referencia e compartir a experiencia xestora nas zonas de produción en Galicia coa Aecosan, e, en terceiro lugar, a cumprir coas funcións e responsabilidades do Laboratorio Comunitario de Referencia de moluscos bivalvos.

No momento do cambio do Goberno central, o protocolo —ese protocolo que acabo de explicar entre a Aecosan e o Intecmar, entre o Goberno e a Xunta— estaba redactado e en estudo para a súa tramitación por parte do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social. Ante o cambio acaecido no Goberno central, o Grupo Parlamentario Popular presenta esta iniciativa, e realmente o que pedimos aquí é que se lle dea continuidade á tramitación dese protocolo, que se poida asinar e que se leve adiante, polo interese de Galicia e polo interese que temos nesta materia de pesca na Unión Europea.

Polo tanto, isto é máis xa que o que Galicia tiña. Non obstante, nós sempre defendemos que queriamos a totalidade das áreas do Laboratorio Comunitario de Referencia, sempre estivemos detrás da totalidade das áreas, pero —como dixeran— non houbo unha desubi-

cación dese laboratorio, senón que se dividiu en catro competencias. De aí que, en xaneiro, a conselleira do Mar se reunise en Bruxelas co director xeral da DG SANTÉ da Unión Europea, que é o director xeral de saúde e seguridade da Unión Europea, e nesta xuntanza a conselleira expuxo os seguintes puntos ao director xeral con total transparencia: un, o interese de Galicia por facer un seguimento da evolución e do alcance da decisión da Unión Europea de dividir as competencias dese Laboratorio Comunitario de Referencia en catro estados membros a partir do 1 de xaneiro do 2019; en segundo lugar, faloulle da experiencia das institucións galegas no eido dos moluscos bivalvos, dada a relevancia socioeconómica do seu cultivo en Galicia, e, en terceiro lugar, falou tamén da oportunidade, ante unha hipotética reconsideración da decisión, de atribuír aos centros radicados en Galicia as funcións propias do laboratorio europeo de referencia para seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos de moluscos bivalvos. O director xeral da DG SANTÉ expuxo á conselleira, entre outros aspectos, a posibilidade de que o laboratorio de referencia de Vigo sente as bases para establecer un protocolo de traballo conxunto con Intecmar, e isto é de vital importancia para Galicia.

Galicia continuou traballando co Goberno central, porque, neste caso —como digo—, xorde o protocolo, a ex-ministra de Sanidade amósase convencida de colaborar no control das zonas de produción e ese protocolo pásase ao Ministerio, e xa estaba en tramitación. Nós escoitamos as manifestacións do ministro Planas, que onte estivo en Galicia, e vémolos bastante receptivo, vémolos receptivo ademais ante os desafíos do *Brexit* e, polo tanto, confiamos en que o novo Goberno central continúe e cumpra co apalabrado co anterior Goberno.

E con este protocolo —insisto— Galicia só gaña, os galegos só gañamos. A Axencia Española de Consumo e Seguridade Alimentaria e Nutrición derivaría no Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño —insisto en que está en Vigo, que está en Galicia— boa parte das funcións do Laboratorio Nacional de Referencia para Biotoxinas Mariñas e, polo tanto, deste xeito involúcrase na Unión Europea, e como referente europeo, a Comunidade Autónoma galega —a través do Intecmar—, e ademais melloran tamén as relacións propias co Laboratorio Nacional de Referencia.

Nós seguimos na mesma liña, nós seguimos solicitando o mesmo, pero queremos que, desde Galicia, se vexa no Goberno central que estamos neste parlamento todos apoiando esta iniciativa.

E Galicia e o Intecmar, ademais, están preparados. Agora estivemos nun debate de orzamentos e vimos que se reforza o orzamento do Intecmar: a suba da transferencia a realizar a este centro medra nun vinte por cento. Son os orzamentos máis altos dos últimos sete exercicios: son 3,3 millóns destinados a ese centro. Refórzase ademais o seu funcionamento, verificado con acreditacións. Este instituto revalidou sen problema a acreditación da Enac —que é a Entidade Nacional de Acreditacións para estes centros—, superou con éxito a auditoría da Food and Veterinary Office da Unión Europea e recibiu o recoñecemento da FDA dos Estados Unidos —que é a Food and Drug Administration— como centro capaz de cumprir os requirimentos legais de control dese país. Polo tanto, está cumprindo perfectamente os requisitos internacionais para ser o laboratorio, para colaborar coa Aecosan e para ser referencia en toda a Unión Europea.

Nós temos a autoestima ben alta, sabemos que somos os mellores neste campo. Creo que, ademais, das competencias que se repartiron do CEFAS esta é a que ten maior importancia —que é o control das zonas— e, polo tanto, nós esperamos que todos os grupos apoiem esta PNL polo interese de Galicia na Unión Europea.

Logo falarei das emendas que —como digo— presentaron todos os grupos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Durante o ano 2017, asistimos a aquel vodevil, a aquel fiasco da candidatura de Galiza ao laboratorio europeo para o control bacteriolóxico de bivalvos, que, coa saída do Reino Unido da Unión Europea, debía abandonar ese país. Deixou en evidencia a escasa credibilidade, a falta de garantías, a desconfianza, pois, no Goberno galego, e deixou sobre todo en evidencia como non se deben de facer as cousas. Xeráronse falsas expectativas sabendo que se estaban xerando esas falsas expectativas, estívose enganando a poboación cando se sabía que se estaba enganando a poboación. Bruxelas xa tiña decidido suprimir o centro e o Goberno español non só xa o sabía, senón que votara a favor de suprimir o mesmo, cando o Goberno galego, a conselleira e o presidente da Xunta seguían con titulares e con anuncios de que Galiza tiña todos os boletos para que ese laboratorio viñera para Galiza; é dicir, o ridículo máis espantoso. Na primavera do 2017 mantiñan que estaban traballando para que o laboratorio europeo viñera para Galiza. Bueno, anunciaron unha candidatura que non era posible. Dixeron que estaban traballando nunha candidatura, que non existía e que non era posible. É dicir, realmente unha actuación lamentable. E —insisto— a pesar do discurso oficial da conselleira e do presidente do Goberno, nunca houbo ningunha candidatura, nunca houbo ningunha petición ao respecto da mesma. É dicir —insisto—, lamentable.

E o seguinte capítulo foi a conselleira neste Parlamento dicindo que non pasaba nada e que España ía desempeñar a parte máis importante das funcións dese laboratorio, pois a Unión Europea tomara a decisión de repartilo en catro partes e que o Estado español ía desempeñar, por decisión do Cefas, a clasificación e seguimento das zonas de produción de mariscos bivalvos. E que o comisario do laboratorio lle encomendara que se solicitara que este viñera para o Estado español, que se estaba neses traballos e que se solicitaba que o Intecmar tivera un papel aí relevante.

En suma, eu o que vexo é que non aprenderon absolutamente nada, que, en vez de traballar por conseguir as cousas e logo de conseguidas dicir «temos aquí isto», pois seguen a repetir a mesma escenificación. E de aí vén a emenda que presenta hoxe o Bloque Nacionalista Galego. O normal é que nun país coma o noso e nunha nación como a galega —é dicir, un referente a nivel mundial en produción de bivalvos, e moito máis podería selo se non tiveramos o Goberno que temos, que renega de potenciar ese enorme potencial, valla a redundancia, e de explotar esa riqueza inmensa que son as nosas rías en canto a produción de bivalvos— pois sería non só que tiveramos estes laboratorios de referencia senón que foramos autén-

ticos referentes en investigación e noutras moitas cousas. Pero, lonxe diso, andamos un pouco mendigando as frangullas. Pero, bueno, iso será obxecto doutro debate.

En todo caso, o que nos escandaliza no BNG é que se diga hai cinco meses, cando o Goberno do Partido Popular caeu froito dunha moción de censura, que estaba todo practicamente atado e, segundo a iniciativa do Partido Popular, só faltaba asinar e que veña hoxe aquí o Partido Popular pedir que este Parlamento aprobe unha iniciativa para que inste o Goberno galego a que retome non sei que negociacións. Parécenos realmente pouco serio que cinco meses despois de que aquilo estaba practicamente para asinar se veña con esta iniciativa. Co cal a emenda que presentamos é que efectivamente se saque a adiante que o Intecmar sexa o laboratorio de referencia a nivel do Estado. ¡Que menos xa que somos unha potencia na materia! Pero que se presente un informe neste Parlamento de por que cinco meses despois isto non está feito. ¡Que menos!, ¿non? ¡Que menos que se lle explique a este Parlamento cales son as razóns de que, se isto estaba practicamente para asinar, cinco meses despois non estea feito! Creo que merecemos unha explicación de quen son os responsables e de por que isto está paralizado cinco meses despois, de por que hai que traer a este Parlamento unha iniciativa para instar o Goberno a que demande do Goberno español que isto se efectúe. Non nos parece para nada de recibo. E, se está paralizado ¿quen son os responsables?, ¿que pasou no medio de todos estes meses de paralización desta cuestión?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Pois agardamos, cando menos, unha explicación ao respecto. E o BNG está a favor de que o Intecmar sexa o laboratorio de referencia pero tamén a favor de todas as explicacións e de luz e taquígrafos. Dende logo, outro ridículo como o vivido cremos que o pobo galego non o merece.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Cabe recoñecer un mérito: a capacidade de disimulo, ou de intento de disimulo, é asombrosa. É obvio que esta iniciativa está traída aquí para intentar defender un relato falaz do que ocorreu, para intentar escabullirse. Porque o ridículo feito coa candidatura galega ao laboratorio europeo de bivalvos foi asombroso, aquel que Feijóo anunciou no Intecmar máis ou menos polas mesmas datas nas que anunciou o candidato de Vilagarcía. E parece xa que vai polo mesmo rego a cousa. *(Aplausos.)*

Naquelas datas fíxose aquel anuncio que non existiu. E sorprendentemente aquel anunciou presumiuse aquí de que si se fixo pero logo non se fixo, de que non se presentou porque si se presentou, de que non había papeis porque non se fixo. E logo fíxose porque non sabemos

o que pasou. E a culpa era dun comisario europeo lituano —socialista, por suposto— que dixo que votou pero que non votou. E ao final ninguén sabe na Xunta o que pasou.

A verdade é que é sorprendente pretender traer aquí este protocolo agora. Porque, ademais, vostede sabe, señora Egerique, que este protocolo non procede, non se pode apoiar esta iniciativa. Xa sei que a vostede lle parece un pouco divertido que non se poida apoiar. Non se pode apoiar por tres razóns.

A primeira é que non temos as funcións que aquí nesta iniciativa se di que temos. Non son así. Elabóranse unhas guías científicas, de soporte científico, non se fai o control das zonas. Primeira mentira.

A segunda é que vostedes pediron isto onde non era. Claro, agora un explícase o que pasou coa candidatura europea. É que vostedes, que se supón que coñecen do tema, e a consellería, que se supón que sabe con que apartados ou departamentos dos ministerios ten que falar, fóronlles pedir a Aecosan que lles pasara unhas competencias que a Aecosan non ten porque dependen do Ministerio de Agricultura e Pesca. ¡Vostedes pediron onde non era! O laboratorio europeo que querían pedir igual o pediron nunha visita a Shanghái. É que hai que saber a quen hai que chamar.

Pero é máis —é que me sorprende, é que xa tomei nota da súa intervención—, a ministra Dolors Montserrat estaba moi preocupada de traballar neste acordo. ¡Pero se non era a súa competencia! Tamén é certo que vendo as últimas intervencións da señora Montserrat no Congreso é normal que estea un pouco desorientada. (*Aplausos.*) ¡É normal! (*Aplausos.*) É mellor, primeiro, que se atope a si mesma. Pero estaba traballando en firmar un protocolo que non lle competía.

E estes serían argumentos suficientes, pero voulle dar un máis, señora Egerique, porque hai unha cousa que non podemos facer, que é falsear o relato. ¿Sabe o que pasa? Que vostedes isto xa o saben. Este protocolo xa non existe. ¿Sabe por que? Porque o Goberno Rajoy xa lle contestou á Consellería e xa lle dixo que non procedía —29 de maio—. Hai unha resolución da Aecosan —seguramente vostede sabe perfectamente quen é o señor Castrodeza, que dirixía a Aecosan, o director executivo— que xa contestou a este protocolo que se pide aquí. Pide que apoiemos agora un protocolo ao que o señor Castrodeza, que dirixía Aecosan cando gobernaba o Partido Popular, xa respondeu e dixo —permítome ler literalmente— sobre a primeira cuestión: «*Es importante señalar que el control de las zonas de producción de moluscos bivalvos no es competencia del Ministerio de Sanidad*» —que vostedes aquí din que si—. Conclusións: «*No procede firmar el protocolo de colaboración*». ¡Non procede!

(*O señor Torrado Quintela diríxese ao señor presidente da Cámara para deixar un documento.*)

Señor presidente, creo que facilita o debate se lle deixo o informe.

O señor PRESIDENTE: Ou complícao.

O señor TORRADO QUINTELA: Ou complícao, si, para vostedes complícao. (*Risos.*)

¡Non procede! É que o seu goberno, señora Egerique, lle contestou á súa consellería que non se podía asinar este convenio porque non procede. É máis, díxéronlle: Mire, entre outras cousas, non é aquí, é na porta do lado.

E vostedes hoxe aquí, ¡cinco meses despois!, veñen propoñer que lle digamos ao Ministerio de Sanidade, que non ten competencias, que continúe a tramitación dun protocolo. E o Ministerio de Sanidade dirá: ¡Home!, eu continúo pero aquí non vai dar saída a ningún sitio. ¡Pero falen con quen hai que falar!

Por certo —xa llo garanto eu—, este Goberno vaise preocupar de que ese protocolo —se vostedes chaman á porta que é— poida saír a adiante, seguramente porque hai unha boa vontade. ¿Sabe o que pasa? Que hai unha diferenza pequena —pero unha diferenza—: este Goberno, cando di que se presenta a unha candidatura, asínaa; cando di que asina un protocolo, ten que telo diante; e cando di que quere traer algo e defendelo para Galicia, faino. Non o presume nos periódicos para logo acabar en ridículo.

Polo tanto, señora Egerique, esta iniciativa —que eu creo sinceramente que, despois desta explicación, debería ser retirada— non se pode aprobar porque este protocolo non existe, está morto. E vostedes sabíanos porque o mataron vostedes. Vostedes presentárono onde non era e o Goberno do PP díxolles: Non é aquí, e ademais estas funcións non son. E cinco meses despois tráennos unha iniciativa para defender un protocolo que saben que non é sobre iso, que non é nesa competencia, pero que hai que defender a Galicia. ¡Empecen por saber onde está Galicia! Pero ¿vostedes saben realmente o que están propoñendo aquí e que están defendendo un protocolo que non existe? ¿Sábeno? E, se non, ten o informe o presidente. Xa sei que complica o debate pero é conveniente ter o informe. (*Murmurios.*)

O PP pregúntalle ao PP e pídelle unha cousa. O PP contéstalle ao PP, e agora vén propoñernos aos demais que apoiemos algo ao que o PP di que non.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TORRADO QUINTELA: Ao final vai ser que imos votar todos a favor e vostedes en contra. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ¡Señora Egerique, un pouco de seriedade no debate! (*Aplausos.*) ¡Están propoñendo votar algo que non se pode votar e que vostedes negaron! (*Fortes murmurios.*) Polo tanto, retiren esta iniciativa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: E, mire, creo que sería bastante sensato que trouxeran a mesma iniciativa pero pedida ao ministerio que é. Por certo, lembren, se traen unha iniciativa para asinar un protocolo, enviar o protocolo. Igual que o que pasou coa candidatura eu-

ropea, que non a enviaron. Os correos electrónicos ás veces non saen, hai que mirar na bandeja de enviados.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, se traen esta iniciativa, imos estar de acordo porque o Ministerio está a favor de poder facilitar un labor moi bo —que é o do Intecmar—. Pero, claro, para iso alguén ten que preguntarlles.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: E hai que preguntar onde é. Hai que saber o que se fai, señora Egerique.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Pouco podemos engadir máis. Esta proposta eu penso que está claro que é desconcertante, canto menos. E máis aínda a súa exposición da versión dos feitos. Desconcerta que se solicite, ¿como non?, unha vez máis, ao Goberno central unha oferta de protocolo que parece ser que se redactou antes do cambio de goberno. Mentres que a primeiros de setembro o *Faro de Vigo* publicaba a noticia de que o pasado 14 de agosto o comisario de Saúde e Seguridade Alimentaria, Vytenis Andriukaitis, en resposta a unha pregunta remitida polo eurodeputado socialista José Blanco, repetía o que xa afirmara con anterioridade: que a Comisión non recibira ningunha petición oficial da Xunta de Galicia nin do Goberno español. Desta forma tallante, a Comisión negou por segunda vez que existisen contactos para que Galicia puidese asumir as tarefas que ata o 31 de decembro desempeñará o Cefas. Dixo: «Despréndese unha mala xestión nun tema de suma importancia», tal e como vostedes recoñecen na propia proposta e do que xa se tratou na comparecencia da directora do Intecmar en comisión. Tamén nos chegaba en prensa a información que leo textualmente: «O Goberno de España ocultou durante meses, entre maio e outubro do ano pasado, que coñecía a decisión de Bruxelas de eliminar o laboratorio e que mesmo votou a favor de suprimilo pese ao interese manifesto de Galicia en albergar este centro. Durante ese período, a Xunta mantivo unha campaña para defender as potencialidades tanto do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, o Intecmar, como do laboratorio de Vigo. O máximo mandatario galego, o señor Alberto Núñez Feijóo, chegou a proclamar as opcións do Intecmar nun acto solemne durante o XXV aniversario do centro en outubro, cando Galicia xa non tiña ningunha opción. Nin desde os departamentos de Pesca e Sanidade» —como falamos aquí— «entón en mans de Isabel García Tejerina e Dolors Montserrat respectivamente, se aclarou por que se ocultou esa decisión de Bruxelas, primeiro, e non se opuxo á mesma despois».

E, ante isto, tivemos que conformarnos cunha foto da señora Quintana falando co señor Andriukaitis e escoitar xustificacións da voceira do seu grupo de que non existía posibilidade de procedemento oficial de solicitude, parecendo que había que entender que a única xestión posible era negocialo nos corredores. Todo ineficacia, e xustificar un erro tras outro non suman dous.

Esta iniciativa do 16 de setembro segue no mesmo punto. Xa que esta proposición nos parece moi importante, presentamos unha emenda á súa proposta, para que aclaren nun informe remitido a esta Cámara todas as xestións que realizou a Xunta de Galicia para acoller no noso territorio o Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos para a Unión Europea e o Estado, así como a documentación das reunións que se realizaron para tal fin.

Din que aumenta un 20 % o orzamento de Intecmar. Si, pero parécenos por iso que é necesario coñecer ditas xestións, ademais de que nos expliquen como pode ser que desa partida orzamentaria no capítulo VI, onde se determinan os investimentos reais, por exemplo o investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos e gastos de carácter inmaterial se vexa reducido en 200.000 euros cando se prevé lanzar devandito protocolo para designar Intecmar como laboratorio nacional de referencia, o que fai sospeitar que tamén vai ser unha nube de fume para disimular unha xestión ineficaz que nos levará a un fin da historia cando remate este ano.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Brevemente, antes de falar das emendas, á señora Prado.

Teño que dicirle que o que vostede chama engano e expectativas altas, chámase ambición, sa ambición deste Goberno da Xunta e sa ambición deste Grupo Parlamentario Popular. E vostedes sempre que non, sempre deixando pasar as oportunidades. Quererán e votarán en contra desta iniciativa para que perdamos esta oportunidade de ser o laboratorio de referencia nacional. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, sempre están en contra e deixan pasar as oportunidades. Eu non estaba na lexislatura pasada, pero escoitando os debates, non teríamos hoxe nin carga de traballo no naval, nin teríamos hoxe un hospital público novo en Vigo, nin teríamos nada, porque sempre están á contra e votando na contra.

Ao Partido Socialista, mire, señor Torrado, a competencia de Aecosan, para empezar, é de sanidade, iso o primeiro. Creo que o que non se entera de nada aquí, quizais sexa vostede. Entón, vén aquí tipo Club de la Comedia facer unha intervención simpática que non ten nada de gracioso, dime que me parece gracioso... Non, non, paréceme impresentable. Paréceme impresentable que vostede sexa hoxe aquí o que quere escorrer o vulto e o que di os argumentos totalmente contrarios aos que dicían cando estaba no Goberno central o Partido Po-

pular. Os que non cambiamos aquí somos nós. ¡Claro!, iso de actuar tipo son simpático, non se enteran de nada, o Partido Popular di que di e non di que di, é unha maneira moi clara de escorrer o vulto, e fano claramente na emenda, porque vostede non emendou, nada do que dixó aquí está emendado. Se tan seguro está do que di vostede, ten tan claro como é o procedemento e ten tan claro como ten que ser o protocolo, ¿por que non emendou?

Vostede aquí o que fai é unha emenda totalmente contraria ao que se fala hoxe, polo tanto, cambian de tema. E xa teño aquí apuntado que non cómpre aceptar esta emenda cando vostedes están falando dun tema totalmente contrario, que non ten nada que ver con isto. Estamos falando do protocolo, e aquí vostede fala doutra cousa diferente. Polo tanto, Galicia nunca presentou candidatura porque non ten cabida como tal ao non se tratar dunha axencia, senón dunha decisión que adopta a propia Comisión Europea polo reparto de competencias.

Entón, como vostede non emenda en relación co que aquí expón, nós non o entendemos e non imos aceptar, por suposto, a súa emenda de adición.

En canto á emenda do Bloque Nacionalista Galego, que si que explicou aquí vostede, señora Prado, a verdade é que esas explicacións ten que dalas o ministerio. Xa expliquei eu que iso está en mans do ministerio. Aecosan é competencia do Ministerio de Sanidade, e non lle corresponde á Xunta de Galicia neste momento informar das medidas e das causas que vostedes nos solicitan nesta emenda de adición.

En Marea presenta unha emenda de modificación falando e pedindo tamén información puntual. Fixeron seis preguntas neste Parlamento e cinco delas foron respondidas no pleno; é dicir, xa teñen información dabondo, o que pasa é que veñen aquí cun discurso dicindo que mentimos, dicindo que non dicimos a verdade e dicindo que non foi como foi. Polo tanto, non van votar a favor de que teñamos a posibilidade e a oportunidade de colaborar. Eu xa sei que aquí hai grupos parlamentarios —ao PSdeG, sobre todo en Galicia— aos que a cooperación lles dá sarpullido. Entón, aí non sei, xa non podo pedir cooperación. Pero o que temos que pedir aquí é que a Xunta e o Goberno central cooperen para que o Intecmar e o Aecosan traballen xuntos e poidamos acadar o laboratorio europeo de referencia en Vigo, ¡europeo! Polo tanto, se vostedes queren votar en contra, poden votar en contra, señor Torrado, non haberá ningún problema. Afortunadamente temos maioría absoluta e podémolo sacar adiante, e o laboratorio estará en Galicia a pesar de vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e nove deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 36781)

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei pola seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Que demande ao Goberno do Estado a eliminación da peaxe de Redondela sen que iso supoña un sobrecusto para os usuarios da AP9.

2) Que no prazo de 3 meses elabore un estudo da viabilidade do rescate da AP-9 para o público, contemplando o seu custe económico, o valor económico do rescate, un estudo de viabilidade, o seu impacto tarifario para o público e as alternativas para o seu financiamento.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta Proposición non de lei. (doc. núm. 36781)

Emenda de substitución.

Substituír o texto orixinal polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Requirir do Goberno do Estado para que a máis tardar no primeiro trimestre de 2019 faga efectiva a supresión da peaxe da AP 9 entre Redondela e Vigo, asumindo o custe desta supresión con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

2. Reclamar do Goberno do Estado que se dirixa a AUDASA para que no prazo máximo de 6 meses de instalen os sistemas de protección acústica nas parroquias de Chapela e Teis, así como en todas as demais zonas en que se detectaron niveis elevados de contaminación acústica.

3. Acordar co Ministerio de Fomento e co concello de Vigo, contando coa participación das entidades veciñais de Teis e Chapela, a realización dos estudos de mobilidade e os proxectos técnicos para a conversión en vía urbana do acceso a Vigo desde a AP 9 á altura das Torres de Padín (límite entre os concellos de Vigo e Redondela).

4. Demandar ao Ministerio de Fomento que se axilicen e se leven a cabo en Traasmañó e Chapela as obras de mellora da mobilidade e da calidade urbana comprometidas polo goberno do Estado e AUDASA como consecuencia do impacto negativo da ampliación da AP 9.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Permítanme que hoxe fale ante vostedes dun tema que me afecta por moitos motivos. Aféctame como parlamentario, aféctame como galego que son, pero aféctame especialmente como veciño de Redondela, e hoxe permítanme que fale como un dos veciños de Redondela. Uns veciños que estamos a sufrir dende hai xa doce anos unha situación inxusta que prexudica o desenvolvemento da nosa comarca, derivada da pervivencia dunha peaxe discriminatoria da AP-9 na nosa vila.

Permítanme que faga un pouco de antecedentes sobre esta situación. A realidade é que todo isto empezou coa eliminación por parte do Bipartito da peaxe entre Vigo e O Morrazo, unha decisión nunca explicada polo Bipartito, que parece ser que pretendía —e parécenos ben— que houbera unha comunicación directa entre os cidadáns do Morrazo e Vigo, e ata aí nada que alegar, pero nunca entendemos que se fixera a custa de prexudicar a competitividade da vila de Redondela, que foi a única peaxe exceptuada da liberación total dese tramo.

Posteriormente, anos despois, o ministro don José Blanco anunciaba a ampliación da ponte de Rande da autopista AP-9, e anunciábo dun xeito que xa temos recordado aquí en distintas ocasións, ¿verdade? Despois do último consello de ministros antes das eleccións, a 24 horas da xornada de reflexión e ocultando á totalidade dos galegos cales ían ser as condicións nas que se ía facer esa ampliación. Cando pasaron as eleccións, perdidas entón polo Partido Socialista, coñecemos que había un novo gravame con esta ampliación para Chapela sen contemplarse ningunha compensación para os seus veciños, e, unha vez máis, coñeciamos que grazas ao PSOE Audasa fixera un gran negocio, unha subida do 1 % anual das peaxes en toda a autovía durante vinte anos, peaxe do 1 % acumulativa durante vinte anos e a un 8 % de interese anual. Non está nada mal o negocio.

O certo é que os redondeláns se fartaron, fartámonos, dixemos basta, e hai que dicir que o concello de Redondela liderado polo seu alcalde, o señor Bas, se puxo á fronte das negociacións, e co apoio dos veciños Redondela obtivo melloras moi importantes na parroquia de Chapela e un compromiso do ministerio: a eliminación da peaxe no verán do 2018. Unha gran noticia que desgraciadamente se veu frustrada por un cambio de goberno, lexítimo, nada temos que dicir nese sentido, pero que tivo consecuencias. Consecuencias moi graves para Redondela. A primeira, un atraso inxustificable na aprobación da venda que contemplaba as melloras negociadas entre o Concello e Audasa; un atraso que se xustificou con escusas e con falsidades, dicindo que faltaban informes —que non eran necesarios e dos que a día de hoxe non temos coñecemento—. Incluso apareceu por Redondela un deputado nacional do Grupo Socialista explicándonos o complicado que era isto. O certo é que os veciños non lle creron, xunto co alcalde se foron a unha concentración diante da Subdelegación do Goberno, firmaron un manifesto que apoiaron máis de 65 asociacións veciñais de Redondela, e, despois desta presión veciñal, o que non se puido facer en cinco meses, foi posible en cinco días. Hoxe xa está aprobada esa emenda, hoxe xa se está traballando no novo colexio, na gardería, nos novos viais, xa hai un asfalto de baixo impacto sonoro, xa se está traballando nas pantalla antirruído, etc. Pero queda

outro adiamento sen solucionar: o adiamento sen data concreta do compromiso da eliminación da peaxe.

Un pregúntase por que non se toma unha medida sobre a que existía unanimidade nesta Cámara. O PP, teño que dicilo, deu as máximas facilidades. Nós o que pedimos é o mesmo, governe quen governe. Pedímoslle ao anterior goberno, e pedímoslle a este que elimine a peaxe e que determine cal vai ser o modelo para a eliminación desa peaxe.

É certo que outros grupos foron máis específicos. O PSdeG, En Marea e BNG pedían, exían, que iso se fixera con cargo a orzamentos. E non só que se fixera con cargo a orzamentos a eliminación da peaxe de Redondela, senón tamén que se asumira con cargo a orzamentos o custo das obras para evitar a subida do 1 % anual durante vinte anos. ¿Por que non se fixo?

Recentemente escoitamos algunhas declaracións que aclaran isto. Eu permitinme bautizalas como a doutrina Calvo, esa que di que o que se dixo na oposición non é cousa dos que estamos no goberno. Porque vostedes transmutan no momento en que se produce unha moción de censura. O que era xefe da oposición transmutou, Pedro Sánchez opositor non existe, agora é Pedro Sánchez el presidente. (*Murmurios.*) E o presidente non se vai ver vinculado por menudencias que dixo cando estaba na oposición. (*Aplausos.*) ¡Cousas estrañas! É unha cuestión á xa nos teñen vostedes acostumbrados.

E, claro, a eliminación obrigada da peaxe de Redondela é unha eliminación non prioritaria. A subida de peaxes en toda a AP-9, que era ilegal, ¿recordan?, que non se facía porque non estaban rematadas as obras, as obras seguen exactamente igual, pero agora resulta que é unha obriga legal e soben a peaxe; a que non subira o Partido Popular, por certo. E as obras que se tiñan que subir con cargo aos orzamentos, agora xa se asumen a través de peaxe. Iso si, a pesar de que están negociando uns novos orzamentos cun incremento dos ingresos do Estado de máis de 6.000 millóns de euros. Isto recórdanos que, cando había 7.000 millóns máis de orzamento con Xosé Blanco, isto facíase con cargo a peaxes. Despois, cando estaba gobernando o Partido Popular, entón xa non, entón tiña que asumilo o Goberno do Partido Popular con 7.000 millóns menos. E agora, con 6.000 millóns máis de novo, outra vez hai que asumilo con cargo a peaxes, ¿por que? Porque o que dixeron vostedes na oposición non vincula a ninguén que estea agora no goberno. ¡Esa é a doutrina Calvo!

¿A doutrina Calvo se importa a Galicia? Permítanme que lea algunhas cousas. Miren, 9 de maio de 2017, sesión plenaria. «Señorías, é xusto que a Administración xeral do Estado compense a Galicia polo déficit de investimentos realizados nestes últimos catro anos. É xusto que esta compensación deixe sen efectos a suma acumulativa do 1 % e mesmo se recupere a bonificación do 7 % suprimida en 2012. Se isto se consolida e non se corrixe, aceptando propostas como as que estamos a debater, acusaremos o señor presidente da Xunta de irrelevante en Madrid e consentidor das desigualdades que exerce o señor Rajoy discriminando negativamente as galegas e os galegos». Home, cambien Rajoy por Sánchez, cambien Feijóo por... Ben, Feijóo por Caballero non o cambien, pero imos facer a ficción, ¿onde quedaron as exixencias? ¿Onde quedaron, señorías?

Teño aquí unha foto de dous Caballeros, un Caballero máis novo e un Caballero maduro. Na miña opinión moi maduro ademais, teño que dicilo. Decía algunhas cousas certamente curiosas. *La liberación de este tramo era obligada. ¿Cómo vamos estar en un área metropolitana con una autopista de peaje para comunicar una ciudad de 300.000 y una de 30.000? ¿Cómo puede ser esto?* Caballero transmutado. Oia, mire que foto... ¡Que alegría, que felicidade aquí ao lado do ministro!, despois de dicirlle que a demora no AVE de Cerdedo vai ser de tres anos, que teñen que facer un estudo novo, e que a peaxe de Redondela... ¡home!, irémolo mirando. Declaracións do ministro, irémolo mirando. Pero: *Pese a una falta de concreción respecto a los proyectos de la infraestructura, el alcalde de Vigo mostró su satisfacción por la disposición.* ¡Que cousas pasan!

Mire, señoría, teño que dicilo, xa para falar do futuro, non teño ningunha dúbida de que a peaxe de Redondela vai desaparecer e vaino facer máis pronto que tarde. A cuestión hoxe é decidir se vostedes van estar ao lado dos veciños para facer iso realidade, ou imos ter que facelo sen vostedes.

A cidadanía de Redondela non vai parar ata que isto se consume, pero é certo que ten certos motivos para a preocupación. Miren, declaracións do ministro Ábalos nunha entrevista a Faro de Vigo —creo que é unha boa referencia— que fixo na súa última visita. *Tienen que lidiar con Audasa como con la promesa de liberar el peaje de Redondela. Nos hemos dirigido a Audasa en dos ocasiones sin éxito. Ahí el problema que nos vamos encontrar es que va a concentrar mucho tráfico, igual tenemos que ir a una ampliación, a un tercer carril.* Eu lin isto e a min o do terceiro carril soábame, e dixen: eu isto lino nalgún lado. ¿E onde o lin? *Estudio de los efectos sobre el tráfico en la AP-9, realizado por Audasa.* Este que dicían vostedes que non existía. Existe, ¿e saben cal é a proposición de Audasa? ¡A que nos traslada o ministro Ábalos! ¡Home!, eu xa sei que o do PSOE con Audasa é unha historia de amor e desamor, ¿pero non se enamoraron demasiado pronto? ¿Acaban de volver ao Goberno e xa están defendendo a postura de Audasa, vostedes que tan duros eran, cando estaban na oposición, (Aplausos.) contra Audasa? Señorías, francamente preocupante, é francamente preocupante.

Eu espero —vendo as emendas que se presentaron e que debateremos logo— contar co apoio unánime de todos os grupos porque aquí non hai cambio de postura, todos estamos de acordo niso, e espero tamén que teñamos a oportunidade de que os grupos que hoxe gobernan, un no Goberno e outro como socio prioritario, asuman a súa responsabilidade cos veciños de Redondela, dean o paso adiante, non apliquen a doutrina Calvo e manteñan, agora que están no poder, o mesmo que dicían cando estaban na oposición.

A doutrina Calvo definiuna moi ben hai moitos anos un vello profesor, Tierno Galván, que acuñou aquilo de: «Las promesas electorales están para no cumplirlas». É unha forma moi sutil de chamarlles parvos aos cidadáns. Eu espero que hoxe vostedes non lles falten ao respecto aos cidadáns da miña vila, cumpran exactamente os mesmos compromisos que tiñan cando non gobernaban en España e asuman que teñen que apoiar esta solicitude ao Goberno para que concrete cando se vai eliminar a peaxe de Redondela e como se vai eliminar esa peaxe.

Polo de agora, máis nada. Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

A verdade é que foi abraiante —como dirían os portugueses, espantosa— a intervención do señor Pazos, con esa actitude reivindicativa do Partido Popular en relación coa AP-9 e co Goberno central.

Falaba vostede de transmutación, pero o que vimos aquí no caso do Partido Popular foi case unha transubstanciación. Porque, claro, faltoulle a vostede poñer o sombreiro e a pluma de Robin Hood e vir aquí cunha bandeira en defensa da xente humilde fronte aos abusos de Audasa. ¡Que cousas se ven!

¡Claro!, ¡mágoa que non practicaran cando estiveron no Goberno esta actitude combativa e reivindicativa fronte ao Goberno central e puxeran freo aos abusos de Audasa, porque daquela vostedes estaban calados, achantando. Vostedes son pouco cribles, porque estiveron no Goberno do Estado defendendo e protexendo os intereses de Audasa; e tamén desde o Goberno da Xunta, desde o Partido Popular de Galiza, protexendo eses intereses; e son responsábeis de todas as decisións, ou da maior parte das decisións, lesivas para Galiza que se tomaron nos últimos vinte anos. Vostedes son responsábeis da ampliación da concesión en vinte e cinco anos. Agora hai autoestradas da xeración da AP-9 que van quedar sen peaxe a partir do ano que vén, pero aquí seguiremos pagando ata o 2048 ¡grazas ao Partido Popular!

Vostedes son tamén responsábeis da privatización de Audasa, do veto por tres veces nesta lexislatura da transferencia da AP-9, e son tamén responsábeis, (*Aplausos.*) os maiores responsábeis, da suba abusiva das peaxes dos últimos dez anos, que chegou o 42 %. Porque, deses dez anos, vostedes gobernaron no Estado oito anos. Polo tanto, non veña aquí dar leccións de nada, nin sequera a dar leccións da loita pola supresión da peaxe de Redondela, que é un logro, sobre todo, da xente, das mobilizacións veciñais de Chapela e Redondela. Na última, por certo, vostede non estivo. Non sei se ten algún problema coa parroquia de Chapela porque non vai moito por alí. Ese é un mérito da xente, da mobilización.

Está moi ben traer aquí unha iniciativa que fala da supresión da peaxe entre Redondela e Vigo, pero o primeiro que tería que facer o partido Popular é pedir perdón por non tela eliminado, que tiveron tempo abondo para facelo. Deberían pedir perdón, para empezar. E tamén polo incumprimento das numerosas resolucións e acordos deste Parlamento en relación coa AP-9, que tamén estiveron gobernando todos estes anos e estamos agardando aínda que se cumpran eses acordos.

Xa non vou falar da transferencia, que é un tema excesivamente manido, pero poderíamos falar do privilexio do 95 % da bonificación do IBI que aprobamos aquí e estamos agardando. Ou das bonificacións, do expediente á concesionaria, da auditoría das obras de Rande, do estudo sobre o rescate da concesión. En fin, estaríamos falando toda a tarde destas cuestións

que foron aprobadas aquí e que non valeron para nada. Xa lles dixemos unha vez que teríamos que aprobar os acordos en papel de lixa para que non lle dean o uso que lle dan vostedes.

E claro, aínda por riba, a semana pasada —isto é responsabilidade doutro goberno, do Partido Socialista, pero vostedes farían exactamente o mesmo— o Consello de Ministros aprobou dúas novas subidas, do 2 %, que son consecuencia de convenios asinados polo Partido Socialista e polo Partido Popular no goberno con Audasa. Dos dous. No 2011, o Partido Socialista do señor Blanco, e no 2013 o Partido Popular da señora Pastor, asinaron un convenio con Audasa que nos trouxo este ano un agasallo da suba do 1 %, do 0,8 % para o 2019 e do 0,18 % para o 2020. Polo tanto, asuman tamén as súas responsabilidades, non lle boten a culpa só aos demais.

Dito isto, o BNG presentou emendas que esperemos que teñan en conta, porque entendemos que melloran o texto orixinal e concretan, sobre todo, a cuestión dos prazos. A primeira emenda ten que ver coa redacción da súa proposta. Queremos que figure que ese incremento non vai ser a conta dunha nova subida das peaxes, porque levamos tres este ano, do 4 %, e vai vir outra a principios de ano do IPC e mais do convenio, dos dous convenios que asinaron o PSOE e o PP. Ademais queremos, como defendemos sempre, que se faga con cargo aos orzamentos do Estado. Diciámolo antes e dicímolo agora, non cambiamos de opinión. E queremos tamén prazos, señor Pazos, ¡prazos!

Queremos tamén que se inclúan aquí as cuestións pendentes, que foron aprobadas neste pleno e que están aínda sen cumprir, como a eliminación dos ruídos, as pantallas antirruído, a urbanización do acceso a Vigo ou as obras pendentes en Chapela e Trasmañó que están sen facer. E vostedes teñen tamén moita responsabilidade niso porque estaban gobernando nestes últimos meses e nestes últimos anos e non o fixeron. Son cuestións pendentes porque o Partido Popular as deixou sen resolver.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Eu teño que recoñecerlle, señor Pazos, que estou farto deste xogo de cinismo ao que nos pretenden facer xogar.

E si, si que é certo que hai unha cuestión na que podemos estar medio de acordo, que é no cambio de papeis en Madrid. Iso é certo. Pero xogan os dous ao mesmo xogo, vostedes e o Partido Socialista, lamentablemente. Entón, non nos metan a nós nese xogo. Nós imos defender o mesmo antes, despois, aquí e en Madrid. E iso é algo que deberían facer vostedes. Nós non imos xogar a ese xogo.

Vostede empezou dicindo que hai doce anos que temos un gravísimo problema en Redondela. Nos últimos seis gobernaron vostedes, o Partido Popular, e non resolveron tampouco ese

problema. O señor Rajoy estivo no Goberno seis anos e non resolveu ese problema. E agora vén con moita présa pedir que se resolva o que nin os deputados galegos do Partido Popular en Madrid votaron a favor de resolvelo. (*Aplausos.*)

Nisto, vostede debería ir con moita máis humildade e vir con moita máis humildade falar aquí, porque teñen un historial bastante grave con respecto a Audasa. Si, moi grave, de corrupción e de utilizar as institucións para beneficiar empresas amigas.

Vostede falaba da historia de amor e desamor do Partido Socialista, pero a de vostedes é de amor só, de amor. O amigo do señor Rajoy, Andrés Muntaner, cando era pública esa empresa xa era director xeral, cando se privatizou seguiu sendo director xeral e viviu moi tranquilo. Esa é unha historia de amor que nos custou moitos millóns.

Vostedes teñen nas súas costas a responsabilidade dunha privatización a prezo de amigo, de agasallar a unha empresa cunha infraestrutura sen competencia posible que gana, despois de pagar os impostos, un de cada tres euros. E é responsabilidade súa, do Goberno de Aznar, cando estaba o señor Feijóo de conselleiro de Política Territorial e non dixo nin mu, e está-molo pagando ata agora. Vostedes son responsables de prorrogar desde 2023 ao 2048 a concesión da AP-9, por iso agora en todo o Estado español están liberando das concesións todas as autoestradas menos aquí en Galicia, que temos a máis importante ata 2048 cunhas condicións leoninas. Responsabilidade que tamén teñen a cara de negar cando nos soben agora o tarifazo, nun ano, do 3,9 %, que é responsabilidade compartida do Partido Popular e do Partido Socialista. Se un decreto asinado por Pepe Blanco supón a suba das peaxes do 1 % polas obras de Rande e polas obras de circunvalación de Santiago, o outro 1 % é dun decreto, o 104/2013, asinado por Ana Pastor. Polo tanto, non veñan aquí a botarse balóns, a xogar e a non resolver nada. Porque neste xogo o que pasa é que Audasa está moi tranquila. Cando falamos disto e non o vemos en global, Audasa está moi tranquila, nunca perde, é un xogo no que Audasa nunca perde.

Vostede falaba da ampliación de tres carrís. ¡Perfecto! Liberamos a peaxe de Redondela, págano os outros usuarios. Soben as peaxes na AP-9, e, aínda por riba, como aumenta a demanda, facemos un carril. E con ese carril ¿que facemos? ¿Ampliamos a concesión máis anos ou lle subimos as peaxes máis? É un xogo no que Audasa sempre gaña, e vostedes iso nunca están dispostos a poñelo en cuestión.

As iniciativas que hai que traer aquí son para acabar con ese xogo no que Audasa ten unhas condicións consolidadas, polas sucesivas decisións de gobernos socialistas e populares, e quitarlles os privilexios dos que goza. ¿Como é posible que unha concesión pública que se lle dá a unha empresa estea calculada do xeito que esta empresa saque de beneficios a metade do que factura? ¿Como lle chama vostede a iso? ¿Pode contestarme con honestidade cando suba aquí e dicirme como é que se privatiza nesas condicións unha AP-9 e nós non poidamos dicir que iso é corrupción? ¿Como é posible? ¿Como é posible que non se prevexan os beneficios que poida ter esta concesionaria e se lle permita que teña eses beneficios inmoraís?

Levamos insistindo en que hai que falar do rescate da autoestrada para o público e levamos pedido un estudo para saber os números reais, segundo a Lei de contratos, do que podería

custar o rescate da AP-9, para poder valorar non só aquí, senón na sociedade galega, se sería un negocio rendible para o interese xeral. E vostedes néganse sistematicamente a aceptar que se faga ese estudo. Nunca o fixeron. Nunca queren. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, infórmese ben, ¡nunca o votaron nin o fixeron! Infórmese ben... Infórmese ben. Pregúntelle ao señor Fernández Prado a ver se votaron ou non votaron.

Polo tanto, vaíamos ao fundamental. É dicir, se a xusta demanda da eliminación das peaxes de Redondela se fai a base de subirlles as peaxes ao resto dos usuarios, estaremos facendo un mal negocio. Por iso nós presentamos unha emenda á súa proposición dicíndolles que si, que se libere a peaxe de Redondela, pero que non sexa a custa de subir aínda máis as peaxes ao resto de usuarios.

E pedimos tamén que haxa un estudo para a viabilidade do rescate para o público desta infraestrutura, o único xeito de acabar con esta historia da chantaxe e da estafa de Audasa que vostedes mesmos lle deron por decisións políticas do Partido Popular fundamentalmente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E remato xa.

Por último, vai haber unha votación no Congreso dos Deputados sobre unha proposición de lei aprobada unanimemente aquí, señor Pazos. Vostede dicía que se sorprendía, ¿como é posible que non se leve adiante unha proposición aprobada unanimemente nesta Cámara? ¿Como é posible que aínda non se debatese a transferencia da AP-9 no Congreso dos Deputados? Foi posible porque votedes bloquearon ata tres veces a tramitación dunha lei aprobada aquí unanimemente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e vostedes aquí dixeron unha cousa e alí dixeron outra.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Está por ver aínda que neste debate vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...digan unha cousa aquí e despois fagan outra.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E hai que ver —e xa remato— o que fai o Partido Socialista, porque tamén teño que dicir que as declaracións do ministro Ábalos con respecto á AP-9 non son tolerables. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Pazos, vou empezar por citalo literalmente porque me chamou poderosamente a atención. Dixo vostede literalmente: «Un cambio de goberno lexítimo. Nada temos que dicir nese sentido.» *Pazos dixit*, fin de la cita. A ver se toman nota algúns dos seus colegas no Parlamento de Galicia que falan algunha que outra vez de golpe de Estado.

Si, desgraciadamente algún deles fala de golpe de Estado, pero cada un emprega a dialéctica que considera pertinente.

Falou vostede de que había un problema de enamoramento rápido con Audasa por determinados acordos. Se iso é así, como lle acabo de recordar ao señor Sánchez, esa prórroga durante vinte e cinco anos, do ano 2023 ao 2048, firmada polo señor Aznar —recentemente resucitado desde o punto de vista ideolóxico— e o señor Álvarez Cascos, se o anterior era enamoramento, isto é amor eterno, esta é a realidade da concesión de Audasa.

Falou antes do Club da Comedia a señora Egerique, e agora vostede fixo unha especie de emulación falando da doutrina Calvo. Eu voulle dicir: fale tamén da doutrina Feijóo, fale da doutrina Feijóo, que consiste en aplicar toda a intensidade que antes existía dende Galicia, respecto do Goberno central, de submisión, transformada e invertida en aplicación á demanda de cousas que antes non se tiñan en conta para nada. É o mesmo, é o mesmo, fale vostede tamén da doutrina Feijóo.

Hai un acordo unánime deste Parlamento para a eliminación da peaxe entre Vigo e Rande, nomeadamente entre Redondela e Vigo, e nós imos votar que si a esta proposición non de lei do Partido Popular. O problema é que, por moito que o señor Íñigo de la Serna, ese ministro que viña semestralmente a Galicia como se estivera cursando un grao —que non todos os dirixentes do Partido Popular parecen ter cursado— (*Aplausos.*) a examinarse ao final do semestre, el viña e contaba as travesas do AVE que ían postas, os quilómetros de catenaria que tiñan postos etc., etc., etc. A iso viña. Pero resulta que nos orzamentos do ano 2018 non atopamos absolutamente nada que indique que había vontade política de eliminación desa peaxe plasmada a nivel orzamentario. Nalgún sitio debía estar, pero, desde logo, hai que ser iniciado na lectura dos orzamentos para ver onde estaba ese compromiso político que dicía que existía. Dixo o señor Íñigo de la Serna que ía ser un procedemento longo. Á hemeroteca nos remitimos.

O certo é que o novo Goberno ten xa listo un proxecto de real decreto, cun novo convenio que se lle remitiu —como vostede creo que sabe perfectamente e oculta deliberadamente— o 9 de xuño á concesionaria. É dicir, falamos de poñer problemas a poñer solucións, problemas versus solucións. Esa é a realidade.

E o certo é que unha acción tomada inicialmente para facilitar a mobilidade en Galicia precisamente hoxe, que trouxemos unha moción preabocada ao fracaso sobre o Plan MOVE, unha iniciativa tendente a facilitar a mobilidade entre Vigo e O Morrazo, como vostede sabe

perfectamente —moito mellor ca min porque é desa zona—, pero en todo caso para eliminar unha volta ao fondo da ría de Vigo de aproximadamente 60 quilómetros e de máis dunha hora de duración, atravesando a nacional 550 e 554 e a carretera de Pontevedra 551, transformouse mediante ese acordo nunha viaxe de aproximadamente 27 quilómetros e media hora cruzando a ponte de Rande.

É certo que esa medida razoable supuxo unha certa inequidade, desde o punto de vista territorial, con respecto aos veciños de Redondela. Esa inequidade é consecuencia desa medida, e estamos de acordo, é unha peaxe que debe de ser eliminada. Pero igual que lle dicimos que debe ser eliminada a peaxe de Redondela a Vigo e de Vigo a Redondela, onde existe certa continuidade urbana entre unha cidade e outra poboación, ese mesmo impulso ao mellor tamén o poderían dirixir vostedes para que a Xunta de Galicia elimine a peaxe entre Vigo e Nigrán, (*Aplausos.*) porque desa maneira tamén comunicamos e facilitamos a mobilidade entre a xente que se move entre estas dúas localidades, entre esta cidade e esta localidade. Porque, claro, sabe vostede perfectamente que a alternativa á viaxe entre Vigo e Nigrán, evitando a peaxe da A-57 —por certo, é o de menos, pero ten un custo superior ao que existe entre Vigo e Redondela, Vigo-Rande son 90 céntimos, se non estou mal informado, e Vigo-Nigrán é 1,10, polo tanto, é superior, pero insisto en que iso é o de menos—, tamén se trata dunha cuestión de equidade. Se nós recoñecemos que hai unha inequidade porque se lles cobra unha peaxe a uns veciños, tamén demandamos esa mesma equidade, e tamén poden vostedes utilizar ese mesmo impulso para demandarlle á Xunta de Galicia que libere a peaxe entre Vigo e Nigrán porque, se non, os veciños deben sufrir a sempre lenta e colapsada carretera —autonómica, por certo— Pontevedra 552.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente, señorías.

¡Que mala é a falta de memoria!, teño que dicirlle. Vou empezar polo señor Bará. Preguntábase o señor Bará quen se preocupará da xente humilde. Dígollo eu, ¿quen conseguiu que en Redondela se estea construíndo un colexio sen custo para a Xunta nin para o Concello? ¿Quen conseguiu e comprometeu a gardería de Chapela? ¿Quen conseguiu que se solucionasen os temas dos viais? ¿Quen conseguiu as medidas antirruído? ¿Quen conseguiu o compromiso dun Goberno de España da liberalización da peaxe?

Nós, os que estabamos ao lado da xente humilde. (*Aplausos.*) A pregunta é onde estaba vostede. Dígolle eu onde estaba vostede, vostede estaba no Goberno que liberou a peaxe de Vigo ao Morrazo establecendo como única excepción Redondela. E vén vostede agora a exercer aquí, ¿de que? (*Murmurios.*) ¿De pirómano-bombeiro? Vén dicirnos como hai que solventar o problema que creou vostede, o seu goberno, si, o Bipartito? ¿Pero quen tomou esa medida, se non foron vostedes? ¿Ou non gobernaban no 2006? Ocorréuselle. ¡Demasiados mojitos! Vai ser iso.

Mire vostede, hai que ter un pouco de sentido común, porque vostedes queren comparar as actuacións e os convenios que asinamos uns e que asinamos outros. Non, mire, uns comprometeron unha subida do 1 % anual durante vinte anos, acumulativa, cun 8 % anual de beneficio. Iso é o que comprometeron. E outros comprometemos un incremento durante tres anos a cambio dunha bonificación do 50 % nos tramos para os usuarios habituais. ¿Queren vostedes eliminar esa bonificación? Porque deberían dicírllelo aos usuarios habituais.

Eu creo que hai cousas..., e permítame que llo explique tamén ao señor Sánchez, que nos dicía que non van xogar a este xogo. Señor Sánchez, xogan, xogan, ¡vaia se xogan! Mire, a primeira vergoña deste documento é que apareza o Goberno de España ao lado do símbolo dun partido. Xa me gustaría saber se lles parecería ben a vostedes que para o ano os orzamentos da Xunta aparezan ao lado do logo do Partido Popular, porque parece ser que para vostedes isto é normal. Eu estiven buscando aquí, eu non sei de que parte da confluencia está vostede, non sei se é parte dos golpistas, dos que se defenderon do golpe, dos que lle fan caso en Madrid, dos que en Madrid non lles fan nin puñetero caso —perdoen a expresión—, pero a verdade (*Murmurios.*) tampouco sei onde está vostede, pero non se preocupe, seguro que, se nos fan un plano, nos imos enterando. (*Aplausos.*)

Claro que forman parte. ¡Oia, aquí está o documento, 6.000 millóns máis de ingresos! ¿Onde está a Axenda galega? Porque o seu nome vino aquí, está en pequeniño, En Marea, debaixo de Podemos, pero está en pequeniño. ¿E onde está a Axenda galega? Non a coñecemos.

Preocúpanlle as ampliacións. É que ampliaron vostedes a concesión. Sempre se esquecen de contar unha cousa. É que foi a cambio de obra, da ampliación da AP-9 de Coruña a Ferrol e a de Vigo a Tui. (*Protestas.*) Non, ¡claro home, claro! Despois non me estrañan os cálculos que fai o seu compañeiro, ese que me estaba berrando deste atrás, que fai os cálculos de rescate dicindo: eu computo os ingresos, ¡os gastos xa os asumirá alguén! Total, como dicía *la señora del pichi*, (*Murmurios.*) *como el dinero público no es de nadie...*, no computa. En fin, é un pouco...

E por último, brevemente, para o señor Martínez. ¡Claro que recoñecemos que o cambio de Goberno é lexítimo! E criticar como se fixo, coa representación popular que se fixo, e dicir que é un pacto de perdedores, tamén é absolutamente lexítimo. (*Murmurios.*) Non, golpe de Estado estabamos dicindo que están intentando dar algúns en Cataluña, Non se líe, non se líe vostede.

Por certo, falábame de doutrina Feijóo. Mire, é tal o grao de cinismo dalgunha xente, que non me resistín a traer un recorte deste domingo. Quero lerllo porque paga a pena: «Caballero responsabilizó a los gobiernos del PP de la situación de la autopista del Atlántico. Sobre el convenio del 2011, firmado por el entonces ministro socialista José Blanco, aseguró: Si efectivamente lo hubo, yo lo ignoro, pero debería haber sido revocado por el Gobierno de Rajoy que gobernó seis años.» ¡Pero hai que ter jeta para dicir que ignora!

O señor PRESIDENTE: Emendas, emendas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ¿Emendas? Pois, sinceramente, eu estou disposto...

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta ou non as dúas?

O señor PAZOS COUÑAGO: Non, en principio non, cunha aclaración, porque hai unha que fai alusión á mobilidade, á mellora da mobilidade, facendo urbana a vía dende Torres de Padín, e como os señores do PSOE dixeron que a apoiarían, non sei se a introducimos. Como eles non queren a ampliación dende Torres de Padín, hai que valoralo.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta ou non?

O señor PAZOS COUÑAGO: En principio non, pero imos falalo porque aínda queda pleno, señor presidente. Aínda queda pleno.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Pendente. Exactamente. Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de negociación que se está a desenvolver para o establecemento dun novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

O señor PRESIDENTE: Non hai emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todas e a todos.

Hai practicamente un ano e un mes, o pasado 5 de outubro de 2017, os traballadores e traballadoras da industria auxiliar do naval de Fene-Ferrol iniciaban unha longa folga que durou ata 22 días; unha folga que ademais, dende o principio, foi absolutamente criminalizada pola propia Navantia, que mesmo chegou a levar aos xulgados á Confederación Inter-sindical Galega. Por certo, perdendo esta demanda. Pero ¡vaia exemplo para unha empresa pública! No lugar de aplicar o diálogo e a negociación, aplicou a persecución e o cuestionamento dos dereitos esenciais. *(Aplausos.)*

Isto di moito de Navantia, pero di tamén moito da deixadez da Administración pública. O caso é que daquela, coma hoxe, a reivindicación destes traballadores e traballadoras está de absoluta vixencia e é ben clara: é a exixencia do cumprimento dos acordos do ano 2001; a súa incorporación, para garantilos e para blindalos e salvagardalos, a un marco legal estable, o convenio provincial do metal da Coruña.

Aquela folga hai un ano buscaba recuperar e garantir dereitos, regulalos. Era o momento, ademais, porque viñamos desa lexislatura que o señor Feijóo dixo reiteradamente que era do naval e había un horizonte minimamente estable despois de moitos anos de convulsión,

pero tamén, ao mesmo tempo, unha longa situación tanto de incerteza como de precariedade.

Eu quero insistir en que non é unha decisión fácil para ningún traballador ou traballadora ir 22 días á folga. Non é fácil para ninguén, pero moito menos para aqueles e aquelas que están na corda frouxa, que continuamente están tendo paróns na contratación, uns paróns que non sempre significan estar cobrando o paro ou algún outro tipo de axuda.

É unha decisión complicada, pero era tamén unha decisión valente diante dunha situación absolutamente crítica e, sobre todo, inxusta. Fíxense vostedes que estamos a falar duns acordos que veñen do ano 2001, hai dezasete anos. Dezasete anos nos que o naval non só sufriu o impacto da recesión económica, senón tamén o impacto de duras reconversións forzosas e do abandono das administracións.

Aquela folga foi suspendida hai un ano para continuar co proceso de negociación, pero a verdade é que a día de hoxe vemos como non mudaron as razóns, non mudou a situación, e volvemos estar nun punto moi delicado, á porta novamente dunha nova folga se patronal e Navantia non abandonan a súa actitude hostil.

Cómpre recordar, ademais, que non estamos falando dunha proposta ex novo das forzas sindicais. Non estamos a falar dun aumento dos salarios, simplemente da actualización desas táboas. Non estamos a falar dun novo convenio, que requiriría moita maior complexidade, simplemente falamos de que se poña enriba da mesa algo que xa está acordado entre forzas sindicais, entre CIG, Comisións, UXT e máis de vinte empresas do sector auxiliar. É dicir, a priori podería parecer que a parte difícil, sentar unha parte e outra do marco laboral, xa está conseguida.

Falamos de acordos referidos a táboas salariais e a pluses que deberían cobrar e ter blindados polo marco laboral os traballadores e traballadoras das empresas auxiliares do naval público —e quero insistir, do naval público—, e recordar tamén tres cuestións que nos parecen importantes desde o BNG.

Primeiro, que sen industria auxiliar non hai naval. Iso é claro, estas empresas traballan practicamente en exclusiva para Navantia. Non o digo eu, dino os expertos en economía e tamén incluso a propia patronal do metal. Escoitámolo este ano, recordo unha entrevista a Mallón na que nos dicía que estaban atopando agora mesmo problemas no naval, tanto en Ferrol como en Vigo, para ter persoal especializado para determinadas funcións. Ese é o resultado, precisamente, do impacto desa crise e do baleiramento de moito persoal que colleu as portas e as maletas para emigrar.

Unha segunda cuestión que tamén nos parece importante en relación con isto é que, polo tanto, sen auxiliares non hai Navantia, non poderíamos ter o que constitúe Navantia porque son en si mesmas unha parte intrínseca. É obvio, tamén, pola repercusión e o impacto que ten esta industria, que dá de comer a máis de tres mil traballadores e traballadoras, que sen industria auxiliar non hai comarca de Ferrol. Sería absolutamente diferente o panorama social e económico. É absolutamente incuestionable que calquera cuestión que afecte a esta-

bilidade e as garantías destes traballadores e traballadoras ten unha repercusión brutal en todo este territorio.

E queremos facer hoxe tamén memoria e recordar algo que con frecuencia se esquece por parte deste Goberno do Partido Popular. Vou ler literalmente o artigo 1 da Lei do naval, aprobada por unanimidade neste Parlamento no ano 2010. Literalmente di: «O sector naval de Galiza, entendendo por tal o conxunto de empresas que teñen por obxecto a construción, reparación, reciclaxe e transformación de buques e outros artefactos flotantes, e a súa industria auxiliar, constitúe, nos termos establecidos por esta lei, un sector produtivo estratéxico para a economía de Galiza». Polo tanto, é incuestionable que a industria auxiliar é estratéxica, é tan importante como a principal. Polo tanto, temos que facer o posible por que melloren as súas condicións.

Hai que recordar que durante os peores anos da crise estes traballadores e traballadoras contribuíron a soste este sector, vendo tamén como os seus salarios eran devaluados e descendían sen previa negociación, por exemplo, entre un 24,5 % e un 25 % para un oficial, ou un 5 % para especialista. Tamén sabemos que isto vén de lonxe, que desde as primeiras reestruturacións se ten imposto unha absoluta desregulación do mercado laboral asociado á construción naval, sen ter en conta penosidade, temporalidade e factores de especialización exixidos a este tipo de persoal, que ademais está moi marcado pola temporalidade e demais.

Polo tanto, pensamos que debemos preguntarnos neste Parlamento que é necesario para corrixir esta situación. Pois a cuestión é que hai uns mínimos pactados neses acordos do 2001, e o ideal sería que pasasen a estar integrados no Convenio do metal provincial da Coruña para estar así blindados. ¿E por que? Porque iso contribuiría a rematar coa incerteza que supón que cada día, que cada semana, que cada mes, cando un traballador vai asinar un novo contrato cunha empresa diferente, teña que volver negociar cuestións como o seu salario e algunhas das súas condicións.

Isto tería unha óptica tamén positiva desde o punto de vista do empresariado galego, porque evitaría a competencia desleal de empresas que veñen con convenios de fóra, inferiores ao do metal coruñés, e que compiten. E isto daríanos tamén maiores bases para asentarmos no sector naval no que non queremos competir en rebaixa de condicións dos traballadores e traballadoras, no que non queremos competir en man de obra, senón que queremos competir en valor engadido, en experiencia e en innovación, e para iso é imprescindible incorporar estes acordos e ter unha maior estabilidade que nos permita dar un mellor marco para un ámbito laboral e profesional no que sabemos que, pola gran variabilidade na carga de traballo e demais, é difícil a contratación indefinida.

Nós queremos que deixe de ser difícil, apoiamos as reivindicacións dos traballadores e traballadoras e entendemos que non cabe conformarse cunha eventualidade que é xa absolutamente estrutural. Un marco máis estable podería axudar, e temos na nosa man brindar o noso apoio a que iso aconteza.

A realidade é que un ano despois —dicíao ao comezo da miña intervención— de que aquela folga fora suspendida para continuar coas negociacións, volvemos estar nun mo-

mento no que a situación está absolutamente encallada. Despois de dúas de reunións, negociacións e acordos cunha parte do empresariado, máis reunións coa patronal e máis mobilizacións, volvemos estar ás portas dunha folga. Mentres nós estamos debatendo esta cuestión, estamos á expectativa de se hai novidades por parte do Consello de Relacións Laborais Galego, pero o certo é que os precedentes das últimas semanas fannos ser pesimistas.

Quero recordar que foi precisamente a falta de diálogo da propia patronal o que fixo que o pasado 25 de outubro estes traballadores e traballadoras volveran secundar paros de dúas horas por quenda e desenvolver unha marcha a pé desde os estaleiros á ponte das Pías. Que tamén o pasado mércores se manifestaban na cidade da Coruña diante de dous lugares que deberían deixar de poñer vendas nos ollos e implicarse nesta cuestión: diante da Xunta de Galiza e diante da propia patronal provincial.

Como digo, estamos á expectativa de que resultados poida dar esa reunión no Consello de Relacións Laborais Galego de hoxe. Pero o certo é que, se iso non frutifica, o resultado que imos ter é que mañá vai comezar unha nova folga neste sector, e nós pensamos que iso non é unha boa noticia. Desde logo, non é unha boa noticia para os traballadores e traballadoras volver estar nesa situación, polo que implica para a súa condición económica e persoal. Non é positivo para a empresa, que xa nos demostrou que o tema das folgas non lle gusta en absoluto. Pero o certo é que non é positivo tampouco para desenvolver a carga de traballo en tempo e forma. Non é positivo para a imaxe que se pode dar tamén do propio sector. En suma, non beneficiaría a ninguén.

Polo tanto, desde o BNG entendemos que hoxe todos os grupos, independentemente dos matices que poidamos ter, debemos sumarnos en dúas cuestións moi claras.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Primeiro —remato xa, señor presidente—, un pronunciamento deste Parlamento trasladando o apoio a estes traballadores e traballadoras da industria auxiliar e comprometéndonos coas súas condicións e con apoialos nas súas negociacións.

E, segundo, instar a Xunta de Galicia a que leve a cabo todas aquelas actuacións que sexan precisas, a que negocie e se implique, como xa o debería estar facendo se nalgún momento nestes últimos oito anos tivera cumprido a Lei do naval...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e se tivera implicado na dirección e na administración de Navantia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, señor presidente.

Señorías, moi boa tarde.

A construción naval en Galicia, e máis concreto en Ferrol e a súa contorna, é un sector estratéxico, así como historicamente é a principal industria tractora das pequenas e medianas empresas da comarca. Non só polo número de postos de traballo directos, senón tamén polo gran número de postos de traballo indirectos que xera para a industria auxiliar, así como a importante repercusión que ten no tecido socioeconómico da comarca.

Os estaleiros da ría de Ferrol, dedicados á construción militar e civil, reparación de todo tipo de buques e fabricación de turbinas, supoñen o 22 % da contribución do emprego industrial da provincia, achegando o 24 % do PIB industrial provincial.

Como todos e todas sabemos, Navantia, e polo tanto as empresas auxiliares que alí desempeñan o seu traballo, a pesar das enormes dificultades que atravesou o noso país, souberon evolucionar dende unha construción tradicional iniciada no século XVIII ata a utilización das máis modernas tecnoloxías, sendo un referente mundial no deseño, a construción e a reparación de buques miliares e civís e unha industria clave no sector estratéxico para Ferrol e a súa contorna. Por tanto, temos a obrigaón de aproveitar a tradición e a experiencia dunha cultura do traballo composta por cualificacións e oficios recoñecidos en todo o Estado español e resto dos países.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista queremos transmitir o noso apoio aos traballadores e traballadoras da industria auxiliar da ría de Ferrol no proceso de negociación do novo acordo salarial no que se atopan actualmente. Neste punto, quixera apuntar que é a Xunta de Galicia quen ten responsabilidades en materia de industria e de relacións laborais, e quen ten que intensificar o labor de mediación para que se poida materializar o dito acordo, que xa leva un ano de folga.

Tamén quixera recordarlle ao Goberno galego que debería ser consciente do moito que sufriron as familias e as propias empresas auxiliares con este conflito ao longo dos últimos meses, e das nefastas consecuencias que pode isto ter para todas as súas familias.

Ademais, agora que traballadores e traballadoras das empresas da comarca alcanzaron un acordo na ría de Ferrol, despois de acadar este acordo non ten sentido que sexa bloqueado por parte da patronal coruñesa, traendo unhas consecuencias moi negativas para Ferrol e a súa comarca. Nin a industria auxiliar nin a comarca de Ferrol llo poden permitir.

E por todo isto, solicitámoslle a mesma altura de miras á patronal siderometalúrxica provincial, para que non desprece os traballadores e traballadoras da industria auxiliar da ría de Ferrol. Por todo isto, o Grupo Socialista vai apoiar esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Boa tarde.

En Marea apoia a mobilización dos traballadores da industria auxiliar do naval de Ferrol. Facémolo na rúa, participando nas súas manifestacións, e facémolo nesta Cámara. Igual que apoiamos a mobilización, a folga das mulleres que traballan en elaborados do mar, participando nas súas mobilizacións e no debate que logo haberá aquí. *(Aplausos.)*

Na nosa opinión son loitas exemplares que demostran a falacia do discurso da recuperación. É certo que levamos seis anos de crecemento económico, pero iso non se nota nas nóminas, nin nas condicións de traballo, nin na estabilidade laboral. Son seis anos de crecemento ao mesmo nivel do PIB, pero a participación dos e das asalariadas, dos salarios en definitiva, no PIB aínda está 1.500 millóns de euros por debaixo.

É un modelo inxusto, desequilibrado, de apropiación da riqueza por parte das empresas, por parte da patronal. E iso ten que ver con moitos elementos, pero hai un clarísimo, e é a deterioración da negociación colectiva, da capacidade real que tiñan os sindicatos, os traballadores e as traballadoras, para negociar en pé de igualdade as súas condicións de traballo. Por iso é absolutamente urxente derrogar as reformas laborais e que a negociación colectiva volva ser un instrumento de igualdade, de desenvolvemento e de benestar social.

Noa Presas explicou perfectamente o conflito e eu vou só apoiarme nalgúns datos. As compañeiras de Elaborados Metálicos están falando dun convenio que caducou en 2015, e a patronal négase a negociar. Os traballadores da industria auxiliar do naval de Ferrol están falando dun acordo de 2001, hai dezasete anos. O caso da industria auxiliar do naval —e a pesar de que Noa Presas o explicou perfectamente— é moi difícil de entender, porque hai un acordo asinado polos traballadores e as súas organizacións representativas e por vinte e dúas empresas, que xa se incorporaron dous máis. Todas as empresas reais que traballan no sector e os representantes dos traballadores teñen firmado un acordo, e, sen embargo, vai haber unha folga. Iso é irracional, absurdo.

Nesa convocatoria de folga que se está quentando e que os sindicatos e os traballadores son os que máis perden e non queren facela, hai dous culpables. Un, a patronal do metal da provincia da Coruña; unha patronal artificial, falsa, baleira, que non representa as empresas de verdade deste país, non as representa. Xa sabemos cal é a historia da patronal non galega, pero si da patronal española, e onde están algúns dos seus máis destacados representantes.

Eu vou engadir unha nota no que disinto do que dicía Noa Presas, e é que Navantia tamén está de acordo co acordo. Estano as empresas, os traballadores e o contratista principal que é Navantia. ¿Por que? Porque, tal como está agora a fixación das condicións de traballo, fanse entre empresas concretas e traballadores. E, polo tanto, ao non estar regulado nunha norma global, calquera empresa que veña de fóra distorsiona o mercado con competencia desleal, con baixos salarios. Como é unha empresa pública, ten que facer un contrato público e, polo

tanto, un concurso que se gaña cun nivel salarial, e iso á propia Navantia xéralle moitas distorsións.

Nese sentido, a patronal do metal da Coruña, baleira, incapaz de representar as empresas. ¿E a Xunta que fai? Ou sexa, estase creando un conflito enorme nun sector estratéxico do país, ¿e a Xunta que fai? ¿Cal é a súa intervención? ¿Fai algo para intermediar e que se resolva ese conflito, que é un capricho estúpido por parte da patronal do metal da provincia da Coruña?

Nós pensamos que non, que esta Xunta non ten Consellería de Traballo. Eu téño dito moitas veces. Cando lle preguntamos ao señor Conde, ao conselleiro de Traballo, contesta o conselleiro de Industria, porque el nisto non está especialmente interesado.

Remato. O día 23 bótase un barco en Navantia, e aí si que lle gusta á Xunta de Galicia e aos gobernantes irse facer a foto. Pois voulles dicir algo. Ou fan algo, ou o día 23 non haberá foto. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

Eu creo que non é preciso lembrar nesta Cámara a autonomía da que gozan os axentes sociais, a patronal e os sindicatos na negociación colectiva. Creo que non é preciso recordalo porque así o recolle a propia Constitución española, tan deostada por algúns, e así o recolle tamén o Estatuto dos Traballadores.

Creo que tampouco é preciso lembrar a necesaria neutralidade das administracións públicas no que atinxe á negociación colectiva e á posibilidade de chegar a un acordo sectorial provincial no sector siderometalúrxico, que é ao que nos estamos referindo.

Polo tanto, cremos que o que procede é respectar as partes, que son as que deben chegar a un acordo, as que deben liderar a negociación.

Si que lle corresponde á Administración a posibilidade de mediar na negociación, potestade que ten asumido a Xunta de Galicia a través do Consello Galego de Relacións Laborais. Suñoño que ninguén vai poñer en dúbida o traballo que ten desenvolvido ao longo dos últimos meses o Consello Galego de Relacións Laborais neste sentido. Polo tanto, creo que ese traballo de mediación que se pide na iniciativa que hoxe debatemos xa se fai, xa se está facendo, polo tanto, non se pode instar a alguén a que faga o que xa está a facer.

Nós, desde o Partido Popular de Galicia, estamos en contra da precarización das condicións laborais na industria auxiliar do sector naval da ría de Ferrol. Estamos en contra, queremos

dicilo claramente, e por iso cremos que é moi importante que nos procesos de licitación que faga a empresa pública Navantia as condicións laborais non poidan ser un instrumento para baixar as retribucións dos traballadores. O custo salarial non pode ser un instrumento para competir entre as empresas, e, polo tanto, a quen lle corresponde poñer solución a esta cuestión é a Navantia; é a quen debemos instar. Eu non vexo aquí nesta iniciativa ningunha referencia a Navantia, pero Navantia ten responsabilidade tamén neste sentido.

Polo tanto, do que se trata é de que os custos laborais sexan idénticos para todas as empresas que se presenten ás licitacións. É no que temos que traballar, é o ámbito no que podemos reivindicar. Creo que dende esta Cámara esta iniciativa estaría completa se camiñásemos nesa dirección.

Polo tanto, é verdade que hai un acordo suscrito por parte de empresas auxiliares cos sindicatos na comarca de Ferrolterra. Vinte empresas, dicíao a propoñente. Un acordo que agora cómpre incorporar nese convenio sectorial provincial que se está a negociar. Nós podemos mediar, pero non podemos intervir máis alá. Non debemos, non podemos, dío o Estatuto dos Traballadores e dío a propia Constitución española.

Neste sentido, teño que dicir que temos traballado intensamente dende o Goberno anterior de Mariano Rajoy, guste ou non guste. Aí está o *IV Acuerdo para el empleo y la negociación colectiva*, suscrito por unha ministra de Trabajo socialista pero negociado pola anterior ministra de Empleo. No acto, de feito, estaban as dúas ministras, a do Partido Popular, Fátima Báñez, e a ministra socialista. Ese acordo suscrito con CEPYME, con CEOE, con Comisións Obreiras e con UGT ten dúas cuestións que para nós son clave. A primeira, recuperar a ultraactividade dos convenios. Está recollido nese acordo promovido polo Goberno de España, polo Goberno do Partido Popular. E a segunda, modificar o artigo 42 do Estatuto dos Traballadores para garantir as condicións de traballo das subcontratas, que é o que afectaría á auxiliar do sector naval da ría de Ferrol. ¿Por que non se lle exige nesta iniciativa ao señor Pedro Sánchez que tramite esta modificación se hai un acordo político Partido Popular-Partido Socialista, porque os dous participaron na firma deste acordo? Eu creo que sería moi importante.

Hoxe en día o maior risco que ten Navantia e todo o naval de Ferrol chámase Pedro Sánchez. Nós criticabamos moito desde esta bancada o señor Rodríguez Zapatero porque nos seus últimos cinco anos como presidente do Goberno conseguira cero contratos. Agora temos que falar do señor Pedro Sánchez, que en cen días non é que non conseguira ningún contrato, é que puxo en risco dous contratos importantísimos para o sector naval.

Como agora o BNG está disfrazado con esta fraternidade co Partido Socialista, aos socialistas non se lles critica. Mire, o señor Pedro Sánchez en cen días puxo en perigo o contrato das corvetas de Arabia Saudí, e o señor Pedro Sánchez nestes cen días ten paralizada a orde de execución da construción das fragatas F-110. Iso si que é fundamental para o sector naval da ría de Ferrol. Diso agora non falan estes señores da bancada. Agora se lle exige a todo o mundo menos a quen ten competencias directas no sector naval da ría de Ferrol. Eran moi reivindicativos cando gobernaba o Partido Popular, agora que gobernan os seus, os do Partido Socialista, ¡ai, amigo!, entón non hai problema, imos meternos coa Confederación de Empresarios.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: A min paréceme moi ben, pero metámonos no que temos competencias, falemos do verdadeiramente importante. Neses orzamentos xerais do Estado que deixou aprobados o Partido Popular hai unha partida de 250 millóns de euros destinados ao inicio da contratación das obras da construción das fragatas F-110.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ¿Por que o ten paralizado o Partido Socialista? ¿Por que as Mareas de Podemos calan? ¿Por que o BNG se ocupa de todo menos diso? É verdade que o BNG non está en Madrid e, polo tanto, pouco pode facer. Pero o certo é que nin sequera aquí utilizan este Parlamento de Galicia como caixa de resonancia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Aos socialistas nin tocalos que son dos nosos. Igual...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...algún día temos oportunidade de volver gobernar con eles. ¡Vaia papelón! ¡Vaia oposición!

Nós imos defender o mesmo. O que defendiamos cando gobernaba o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e cando goberna o Partido Socialista. ¿Onde están vostedes? Están...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...de-sa-pa-re-ci-dos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Xa lle gustaba, señor Tellado. Eu sei que lle gustaba que estiveramos desaparecidos, pero é que temos corda para rato. Non se preocupe vostede que somos resistentes e temos corda para rato.

Mire, señor Tellado, con todo o aprecio do mundo, eu podo entender que no fragor do debate todos e todas ás veces estiramos un pouco de máis un argumento. Pero é que di vostede cousas aquí que non teñen nin a máis mínima credibilidade. Se me deran un céntimo por cada vez que desde esta tribuna teño pedido a derogación das dúas últimas reformas laborais, é que xa podía cargar un flotel directamente. (*Aplausos.*) Se quere, trasládeno vostedes, que

son o grupo maioritario. Facemos unha emenda *in voce* ou o mecanismo que cumpra e engadimos tamén a derogación das reformas laborais, e agora mesmo o Partido Popular se sumou a esta cuestión, non temos ningún problema.

Eu referínme en varios momentos da miña intervención aos gobernos centrais e ao seu papel para co naval de Galiza. Eu creo que vostede é suficientemente intelixente como para ter coñecemento e recordar que polos gobernos centrais pasaron tanto vostedes como o Partido Socialista, polo tanto, as nosas críticas van para quen corresponde en todo momento, e ningún dubida da posición do BNG. Non temos nin o máis mínimo complexo, nunca o tivemos. E, de feito, non sería tampouco o primeiro acordo a prol do naval galego que tomamos co apoio duns ou co apoio doutros, porque nós sempre estamos do lado de Galiza.

Fala vostede tamén da autonomía dos axentes sociais. A min paréceme estupenda a autonomía dos axentes sociais. Nós propoñemos unha proposta declarativa de apoio do Parlamento galego. Sen ir máis lonxe, hai quince días eu creo que todos estamos moi contentos e contentas de que para o caso da empresa de Alcoa todos e todas désemos os nosos votos de apoio a eses traballadores e traballadoras no seu conflito. Pois, ¿por que non para os traballadores e traballadoras das auxiliares do naval?

Din vostedes tamén que só poden mediar. Eu cómprome unha parte do argumento. Efectivamente, vostedes poden mediar. Nós respectamos moitísimo o traballo que está facendo o Consello Galego de Relacións Laborais, ás e aos traballadores das industrias auxiliares tamén. Estamos convencidos e convencidas de que, se polo magnífico traballo que están facendo fóra, xa estarían eses acordos incorporados. Están facendo un traballo nese sentido, buscando o encaixe legal e buscando o apoio da patronal, moi importante. Pero iso non quita para que, se vostedes realmente están tan preocupados pola precarización no sector naval, poidan coller dese caixón que deben ter escondido por aí, na área do grupo parlamentario, esa Lei do naval e que a cumpran. Porque mire, tampouco hai tanto, eu aínda non era deputada, pero no final da anterior lexislatura este grupo político volveu impulsar un acordo instando —e vostedes votaron a favor— a que a Xunta de Galiza cumprira a Lei do naval e se comprometera con entrar na administración da empresa pública. Se vostedes estiveran desde dentro de Navantia, terían moita máis capacidade para convencer de que, efectivamente, os criterios económicos e de respecto laboral primaran por riba doutros intereses, pero a verdade é que non amosaron ningún interese neste tempo en implicarse aí e tampouco o están amosando hoxe. A verdade é que —falábámolo agora— máis de vinte empresas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e traballadores e traballadoras teñen un acordo e vostedes veñen aquí poñerse unha vez máis de perfil. É algo que eu lamento, e como a votación das proposición non de lei é mañá, préggolles que mediten nesta cuestión e que busquen unha solución política, porque non vai ser bo para ninguén que mañá empece unha folga, nin para os traballadores e traballadoras, nin para o país, nin para o sector naval, nin para Navantia, nin para as empresas auxiliares...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...nin para a patronal da Coruña.

Polo tanto, saben vostedes —e remato, señor presidente— que teñen un capital negociador e unha capacidade de interlocución como Goberno que non é menor, que non é menor...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e o que teñen que facer é usala e non seguir de perfil.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das obras para a súa rehabilitación

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Antón Vila-sánchez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 38443)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1- Axilizar a declaración de Ben de Interese Cultural do Parque do Pasatempo, reducindo na medida do posible os prazos de tramitación.

2- Prestar apoio técnico ao Concello de Betanzos para a elaboración do proxecto de rehabilitación e colaborar, economicamente e na procura de apoios financeiros, para garantir a súa pronta recuperación».)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

«Pombiña mensaxeira / de branca pruma, / fálalle ós emigrados / da patria súa. / Dilles, mimosa, / que deles apartada / Galicia chora. / Dilles que prós seus lares / tornen axiña; / que sen eles non queren / pintar as viñas, / regar os regos, / madurar as castañas / nos castiñeiros.» A Mariquiña Puga, de Curros Enríquez.

O interese dos emigrantes ás américas de fins do XIX e primeiro terzo do XX por elevar o nivel económico, social e, sobre todo, cultural da sociedade que deixaban aquí, sumida en estruturas feudais, na ignorancia e na explotación por un sistema obsoleto e corrupto, representado pola monarquía borbónica, que non atopaba saída á súa propia podremia, ese interese pretendía buscar saída para aquel mundo sen saída. América era unha sociedade moderna e puxante onde todo era posible, e os emigrantes trunfaban ou morrían de noxo e doenza.

O Pasatempo betanceiro vén sendo unha enciclopedia da época, deseñada a xeito de parque, onde o visitante non ten máis remedio que desfacerse en preguntas e porqués sobre a cultura universal da época. Todo isto nunha sociedade pechada e dominada pola relixión máis absurda, que apresaba consciencias e colaboraba na explotación, mantendo a ignorancia e a submisión como principio universal.

A xustificada preocupación dos emigrantes materialízase, pois, na construción e dotación de escolas e centros cívicos, centros obreiros e campesiños que dan fe do atraso que Galicia, perdido o tren da historia, padecía. E as sociedades locais, fundadas por galegos emigrantes en América para reuniren fondos e remediaren a situación da terra que quedaba atrás, son exemplo da consciencia colectiva da emigración daquel tempo a prol da modernización do país.

Gran parte da xente que se mostra máis crítica e belixerante coa caduca monarquía borbónica e que batalla en pro do advenimento da II República española son emigrantes retornados nas vagas de volta que os vaivéns económicos provocan no primeiro terzo do século XX. Tamén unha boa parte deles serán vítimas da represión desatada polos sublevados das dereitas capitaneadas polo Franco, aquel carniceiro, en xullo do 36, e forman parte desa incabable lista de desaparecidos da memoria desmemoriada.

Este lugar é memoria viva dunha etapa da historia deste noso país, oculta para a miña xeración e semioculta para as xeracións presentes, que forma parte do patrimonio betanceiro, pero non só, porque é tamén patrimonio de todos os galegos de onte e mais de hoxe, e estamos na obriga de conservalo para os galegos do mañá. É patrimonio cultural común imprescindible.

Ese parque do Pasatempo, que ao acontecer dos anos sufriu múltiples mutilacións, deterioración e aproveitamentos varios, está nestes momentos nunha situación moi grave. Por nomear os últimos episodios da súa doenza: en febreiro do 2017 derrúbase un mural do estanque da gruta; o 26 do pasado mes, debido a unha actuación sen pés nin cabeza, tocoulle, á súa vez, ao mural do barco de vapor do estanque do Retiro; ameazado está o muro dos azulexos —algo único, segundo destaca o informe de Casabella e compañía—, que está exposto a todo tipo de atentados; tamén se cerne a ameaza sobre o templete e o pavimento da

illa; fendas estruturais na gruta da Recoleta, posiblemente como consecuencia da presión que exerce a pasarela de ferro sobre ela... Quedoume a segunda folla alí, pero vou seguir argumentando.

Do que se trata nestes momentos é de darlle traza a este problema (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non, non, non me fai falta—, trátase de darlle traza a este problema, e o problema reside en que unhas e outras administracións, todas xuntas, teñen a obriga de pórllle remedio a este problema. O parque do Pasatempo, que foi e é un recurso marabilloso para que os docentes poidamos ensinar a memoria da emigración deste país, da emigración vella, pero emigración dura e potente que forma parte da nosa historia, estásenos caendo, estásenos indo. Unha estrada provoca unhas vibracións que poñen en perigo a estrutura do mellor que ten o parque; unha pasarela está exercendo unha brutal presión sobre parte do muro está ameazado esa derruba.

Hai prometidos e comprometidos, por parte da Deputación —da sección que o BNG leva—, cerca de seiscentos mil euros para pórllle couto a este problema. Hai, por parte do Concello, cerca de douscentos mil euros tamén. Falta diñeiro e falta vontade polo resto.

Instamos o Goberno galego a que se xunten, que falen, que se declare espazo BIC, que se lle poña couto a este problema dunha vez. É algo que reclaman os betanceiros e que reclamamos todos os galegos que coñecemos aquel espazo. Son horas de facelo, e imos aló.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Rivas, eu, como son menos poeta e son máis pragmática, vou entrar directamente na proposición non de lei, porque esta é, efectivamente, a terceira vez que en pouco máis dun ano traemos a esta cámara a situación do parque do Pasatempo de Betanzos. E agradézolle sinceramente ao Bloque Nacionalista Galego a súa iniciativa porque me dá a oportunidade —por terceira vez tamén— de manifestar o compromiso sen fisuras do Partido Popular e, concretamente, do Goberno da Xunta de Galicia nestes momentos; este compromiso para a recuperación, a rehabilitación e a protección deste espazo singular, emblema da filantropía dos irmáns García Naveira.

Por iso presentamos unha emenda de substitución, que eu espero que sexa aceptada —polo menos, que poidamos transaccionar—, porque entendemos que é o camiño para traballar conxuntamente a prol do Pasatempo. É unha emenda que mantén o fondo pero que muda a forma, precisando algunhas cuestións técnicas, porque non existe —como vostede di no primeiro punto— ese trámite de urxencia ao que fai referencia a súa proposición. Non se recolle

este trámite na Lei do patrimonio cultural de Galicia nin en ningunha outra normativa autonómica ou estatal. Isto non supón a desprotección do ben, porque —vostedes saben— desde o primeiro momento en que se incoa o expediente para a tramitación do ben como un BIC, este goza de plena protección, como se xa estivese declarado. E malia que a lei marca un prazo de vinte e catro meses para resolución da incoación do expediente, isto non significa que se teñan que agotar os prazos.

Por iso, a nosa proposta vai no senso de axilizar todo o posible a marcha do expediente, que nestes momentos xa pasou o trámite de exposición pública e está na fase de resolución das alegacións que foron presentadas.

O segundo punto da nosa emenda fai referencia ao compromiso que xa manifestou tanto o conselleiro como o que era alcalde de Betanzos entón e outros colectivos que se interesaron polo Pasatempo —como dicía— neste ano pasado. E cómpre lembrar nesta tribuna eses compromisos:

O primeiro compromiso era a protección máxima do parque do Pasatempo como BIC, un obxectivo que queda cumprido ao estar incoado este expediente desde o mes de marzo de 2018.

Un segundo compromiso era o apoio técnico para a elaboración do proxecto de rehabilitación, acordando que, dada a súa complexidade, podería realizarse en varias fases; un apoio técnico que segue coa man tendida por parte da Xunta de Galicia.

E un terceiro compromiso era unha achega económica propia da Xunta de Galicia e unha axuda para buscar outras fontes de financiamento que permitan a súa total recuperación. Neste sentido, hai que salientar que o Pasatempo está incluído no programa de recuperación dos BIC dos camiños de Santiago que, como xa dixo o conselleiro esta mañá, corresponde a unha longa lista que o presidente da Xunta e o propio conselleiro lle presentaron ao ministro de Cultura e Deporte do Goberno de España o pasado 24 de outubro.

Polo tanto, creo que a Xunta está dando serios e sólidos pasos dentro do ámbito das súas competencias e en correspondencia cos compromisos adquiridos. Na nosa opinión, tócalle avanzar ao Concello de Betanzos, porque non podemos obviar que o parque do Pasatempo é de titularidade municipal, polo que as actuacións de conservación e mantemento, segundo a Lei do patrimonio cultural de Galicia, son competencia do seu propietario. De feito, como vostede tamén recordaba hai uns momentos, o Concello anunciou, hai máis dun ano, que ía licitar a redacción do proxecto técnico, que valoraba en cento noventa mil euros —eses douscentos mil euros que vostede dicía—, pero dese proxecto técnico, ata o de agora, non sabemos nada. E, realmente, a base de calquera intervención é o proxecto; sen proxecto non hai recuperación posible.

Ademais, vostede tamén comentaba que, efectivamente, hai unha achega comprometida por parte da Deputación de medio millón de euros para contribuír á realización dese proxecto. Pero non vale de nada acadar compromisos orzamentarios se realmente non temos o proxecto nas mans, porque o proxecto reflicte non só as actuacións que se deben de facer, senón tamén o seu custo. Polo tanto, falar de cartos concretos para a súa recuperación pode ser moito ou pouco, en función da ambición do proxecto que se realice.

En resumo, nós non imos mirar cara a atrás, non imos buscar nin sinalar culpables da situación lamentable do Pasatempo nin da deterioración que sofre día a día, sen mantemento nin conservación. Queremos ser positivos e, como dixeran ao principio, a nosa emenda vai polo camiño da cooperación e da colaboración institucional. Eu espero que o Bloque Nacionalista Galego acepte a nosa emenda e tamén espero que o resto de grupos parlamentarios apoiem esta proposta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Antón.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes —e ventosas, polo que se escoita— a todas vostedes, señorías.

Ten razón a señora Antón: non é a primeira vez que traemos aquí este problema do parque do Pasatempo. Un monumento singular en Galicia —único en Galicia e seguramente único en toda España— que, como tamén dicía o voceiro do BNG, remite a ese patrimonio inmaterial do comportamento, da psicoloxía deste grupo social, como son os indios, que querían, ao voltar á súa terra, mellorar as condicións da cidadanía do seu pobo, e querían melloralo en todos aspectos. Así, os irmáns García Naveira fixeron tamén en Betanzos escolas, un lavadoiro e un asilo, pero, ademais, deron ese paso, que nunca se dera por outros, de crear este parque enciclopédico, este parque didáctico de gran valor.

No que xa non ten tanta razón a señora Antón é en que houbo acordos ao redor dos problemas do parque do Pasatempo. Porque en todos os momentos o Partido Popular aquí —e a Xunta, no Goberno— refusou entrar no plan para a recuperación do Pasatempo. (*A señora Burgo López amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Non o digo eu, estivo reflectido en todos os periódicos: a Xunta negábase a apoiar a rehabilitación do plan do Pasatempo. Mentres tanto, a Deputación da Coruña ofertaba, e xa deu, xa firmou o convenio de seiscientos mil euros, e o Concello aporta cento cincuenta mil, que para un concello é moito diñeiro.

A señora Antón acaba de dicir —e díxoo tamén o conselleiro esta mañá; por falta de tempo non puiden contestar a isto— que os titulares e os donos do patrimonio teñen a responsabilidade do mantemento e da rehabilitación. Si, igual que a Igrexa católica; a Igrexa católica é tamén propietaria do seu patrimonio. Non son soamente os concellos, non son soamente as deputacións, non é soamente un señor; a Igrexa é propietaria, e nunca escoitei dicir que a Igrexa tiña tamén a responsabilidade de rehabilitar o seu patrimonio. (*Aplausos.*) Nunca. É dicir, aquí sempre, para a Igrexa, non houbo ningún tipo de problema. ¿Que necesitamos? ¿Un mosteiro? Un mosteiro. ¿A catedral? A catedral. Para que logo pase o que pasa: que as catedrais —menos Lugo— cobren por entrar despois de ser rehabilitadas con diñeiro público, cousa que nós imos continuar traendo a este parlamento, porque nos parece que non está ben. Pero o que non está ben é que vostedes lles pidan aos demais o que non fan coa

Igrexa católica. Ou sexa, que agora aquí ten que poñer e arreglar todo o Concello; é o responsable de todo. ¡Ah!, pero cando hai un problema nunha cuberta dunha catedral o responsable é a Xunta. ¡Miren vostedes por onde!

Vostedes tardaron un ano enteiro —jun ano enteiro!— en iniciar o expediente BIC do parque do Pasatempo. Enviouse en marzo de 2017 e, despois de múltiples protestas, iniciouse un ano despois, mostra da importancia que lle daban a todo isto.

Vostedes son conscientes de que os acordos co Concello do señor conselleiro ían máis aló do que vostede di, que é unha cousa xenérica —serían os fondos—; ademais, así o dixeron todos os protagonistas: a Xunta de Galicia, o Concello e tamén o portavoz popular en Betanzos. E leo: «Cultura compromete apoio e fondos para a rehabilitación do parque do Pasatempo». Despois di o delegado da Xunta na provincia que isto non era certo. Di o Concello —está en castelán a nota de prensa—: «*La Xunta se compromete con el Concello a cofinanciar parte de los trabajos del Pasatiempo hasta conseguir su total recuperación*». E di tamén que «paralelamente aos traballos de incoación do parque como ben de interese cultural» elaborará a Xunta —comprometeuse a elaborar— ese proxecto necesario para empezar coa rehabilitación. O mesmo di o portavoz popular de Betanzos: «*el señor José Angel Rodríguez celebra el compromiso del conselleiro*» para o apoio e os fondos para a rehabilitación do Pasatempo.

Eu non sei —e remato— se vostedes están dando volta atrás, é dicir, se este apoio do conselleiro agora é, coma sempre, papel mollado; o que pasa sempre. E teremos que esperar o Goberno de Madrid, que dea os fondos necesarios, igual que a Deputación, para ese plan dos BIC do Camiño.

Pero vostede... A Xunta —non vostede persoalmente— ten tamén unha obriga por lei para o mantemento de todo o patrimonio de Galicia, cousa que —síntoo, señora Antón—vostedes non están a cumprir. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Burgo.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Naturalmente, como ben lembrou a señora Antón, non é a primeira vez que se trae: en febreiro de 2017, a miña compañeira Luca Chao levou á Comisión de Cultura o mesmo tema. Xusto acababa de derrubarse o muro, e nós visitamos e estivemos alí vendo o estado de deterioración e de abandono deste parque especial. O que non lembrou a señora Antón é que, nesa comisión, os tres grupos da oposición votaron a favor. É máis —téño aquí, porque me detiven a miralo—, con emendas por parte do Bloque e por parte do PSdeG. Vostedes non fixeron emenda ningunha, simplemente votaron en contra. Entón, congruencia, por favor, señora Antón. Cando di que non hai lexislación, eu pediríalle que relese —porque seguro que xa os leu— o artigo 3 e o artigo 16 da Lei de patrimonio de Galicia. Aí verá que si hai

sustento suficiente como para que a Xunta asuma o que se lle pide, que é o 45 %. O 45 % púxoo a Deputación e o 10 % o Concello.

Ben, non é soamente O Pasatempo unha obra de filantropía. É moitísimo máis, é realmente un colector artístico, é un colector da memoria, como moi ben explicou o señor Rivas, do BNG, con ese limiar poético marabilloso. Pero lembro moi ben que este é un espazo que é un testemuño do que foi a emigración e o retorno de moitísima xente, como os irmáns García Naveira, dous irmáns fillos de labregos que fixeron fortuna e que legaron practicamente todo o que tiñan non só para crear un espazo de lecer, non só para crear un espazo de coñecemento. Foron moito máis aló, a súa obra cultural e social foi inmensa.

O conselleiro fixo referencia esta mañá. Entón, por favor, se fan referencia e se comprometen, comprométanse real e efectivamente, sexan pragmáticos. Ese compromiso verémolo claro cando o executen e cando haxa orzamentos, porque, se non, o que están é vendendo fume unha vez máis.

Ben, cando nós visitamos este parque, puidemos comprobar —e a miña compañeira Luca Chao así o expuxo nidiamente— que é necesario non só recuperar senón manter, porque ¿de que vale investir cartos se iso non ten un mantemento?

Entre 1993 e 1996 investíronse 362.128 euros, que daquela era unha cantidade grande. No ano 2010, 160.000 euros. Agora, deixando que caía, deixando que se derrube, cada vez o custo será maior. Este espazo dispuña de 90.000 metros cadrados, un espazo máxico, un espazo extraordinario, ategado de xardíns con vexetación, con moita vexetación que aquí non se coñece, con túneles, labirintos, co que foi a casa dos espellos, que xa non existe, con esculturas en mármore de Carrara que desapareceron. É dicir, á parte de todo isto, esquilmouse. Temos un espazo que en calquera país de Europa sería un espazo de referencia único, como tantos espazos temáticos que se crean agora dunha maneira moi artificial, e temos un espazo nun lugar como é Betanzos, que foi, no antigo reino, unha das capitais galegas, e deixamos que se deteriore e aludimos a argumentos que non se sosteñen. Eu, a verdade, é que non o podo entender.

Polo tanto, nós estamos totalmente a favor de que esta iniciativa vaia para adiante. Xa que vostedes din que hai ese espírito colaborativo, pois voten tamén a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Falan de apoio técnico e está ben. No Concello o estado de conservación do parque foi pormenorizado nun anteproxecto de actuación asinado por varios arquitectos e expertos en patrimonio no ano 2016, e urxía actuar sobre problemas de filtracións etc., etc. Aquí hai unhas

cantidades postas sobre da mesa por parte de institucións que non teñen a fortaleza orzamentaria que ten a Xunta de Galicia. Estamos falando da Deputación, que non é medio millón, son 600.000 euros —cincocentos noventa e oito mil e pico—, e do Concello, que ten un orzamento máis pequeniño, de 200.000. Falta que a Xunta comprometa.

Por tanto, nós sobre a emenda aceptaríamos o primeiro punto, que —si, o culpable son eu— non está moi concretado. É dicir, nós falamos da declaración urxente, pór urxencia, queríamos falar. Pero no segundo punto toca mollarse, é dicir, o segundo cremos que debe ser moito máis concreto e falar das achegas orzamentarias que faltan cando se faga o estudo. Comprométanse vostedes a facer as achegas que faltan, sumando eses 600.000 euros máis os 200.000 do Concello —e algo máis que se poida repañar por aí—, e que a Xunta se molle. Nós estamos encantadísimos de facer unha transacción e de votar en conxunto esta PNL, e, desde logo, agradecerlle ao Grupo Socialista e a En Marea o apoio a esta iniciativa.

De verdade, cremos que non valen desculpas; é dicir, non serve reclamar responsabilidades para eludir as propias. É dicir, aquí o Goberno da Xunta de Galicia ten unha responsabilidade clarísima e ten que mollarse. E nós o que pedimos é que se molle. Dotémolo da protección BIC, pero á parte diso fagamos que sexa visible, adecentémolo. E, sobre todo, eliminemos os problemas e as ameazas que sobre del pesan. É dicir, as ameazas da pasarela, as ameazas das filtracións, as ameazas do estado de abandono no que está.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rivas.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 38578).

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes puntos:

3. Desenvolver un plan específico de apoio á formación das traballadoras do sector de elaborados do mar.

4. Desenvolver un protocolo de actuación que se aplique a aqueles sectores fortemente feminizados, que obrigue aos beneficiarios das concesións de axudas públicas a garantir unhas condicións laborais axeitadas e que facilite a conciliación da vida laboral e familiar.)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 38578.)

Emenda de adición.

Engadir os seguintes puntos:

“3. Que faga valer as cuantiosas axudas públicas que recibe a patronal, Conxemar, para esixir unhas condicións laborais dignas, tanto en salarios como en horarios, así como medidas de conciliación.

4. Establecer cláusulas sociais nas axudas públicas, que obriguen ás empresas beneficiarias a garantir condicións laborais dignas e respectar o dereito á negociación colectiva.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Quero saudar, en primeiro lugar, as traballadoras e representantes sindicais que nos acompañan hoxe dende a tribuna, pero tamén temos que sinalar que nos gustaría que estiveran moitas máis aquí hoxe connosco. Cremos que é inxusto que non poidan estar acompañándonos, porque outros traballadores foron expulsados do pleno por defender os seus postos de traballo. Cremos que isto evidencia que este Parlamento está demasiado alleo á realidade que vive o noso país. Cremos que o máis importante é que este Parlamento estea aberto e escoite as reivindicacións que estean fóra. Por iso temos que recalcar que nos parece moi inxusto que hoxe non poidan acompañarnos.

As nosas primeiras palabras teñen que ser de recoñecemento e de agradecemento a todas as traballadoras e traballadores de diversos sectores que levan moito tempo mobilizándose para defender os seus dereitos laborais ao longo do noso país. Hoxe falamos dun sector, do de produtos elaborados do mar, un sector estratéxico para Galicia, fortemente feminizado e no que, por desgraza, como en moitos outros sectores, as traballadoras ven como progresivamente van perdendo e empeorando condicións laborais.

Pero o peor de todo é que o sector do que falamos hoxe non é un caso alleo, non é un caso illado, non é unha excepción. Por desgraza, esta é a situación que xa describe o mercado laboral en Galicia. A precariedade e a explotación non é un caso illado, é demasiado definatorio do mercado laboral.

Como parecía previsible hai dúas semanas, cando lle preguntamos ao conselleiro de Emprego, as negociacións continúan bloqueadas. A pesar do anuncio que coñeciamos o día anterior a esta pregunta, que parecía ou que podía indicar que a patronal puidera cambiar de actitude, o certo é que pasou o tempo e vemos que este cambio de actitude non se produciu, senón todo o contrario. Nas últimas semanas, por desgraza, aínda foi a peor e só foron tendo máis a situación.

Queremos dicir que as demandas destas traballadoras son moi básicas, son moi sinxelas. Non cabe a equidistancia, porque o único que están pedindo é ter un salario de 1.000 euros ao mes, só están pedindo poder conciliar o traballo coa vida persoal e familiar, e non ter xornadas laborais esgotadoras, con condicións que acaban tendo graves repercusións na saúde mental e física destas mulleres. As lumbalxias, as cefaleas, a ansiedade, os problemas nas articulacións e toda esta serie de problemas teñen motivos e hai moitas cuestións que poden mellorarse para reducir estes riscos.

Queremos aproveitar tamén esta intervención para condenar a actuación policial que se viviu na xornada de folga do 31 outubro nas portas de Cabomar, en Marín. Para nós é totalmente inadmisíbel que nunha folga que se estaba desenvolvendo de maneira totalmente pacífica, sen ningún tipo de violencia por parte dos piquetes, aparecera un despregue policial tan exaxerado, tan desproporcionado, que rematou con agresións a varias traballadoras. É inadmisíbel que traballadoras que estaban concentrándose pacificamente, que estaban defendendo os seus dereitos, foran trasladadas ao hospital en ambulancias. Iso foi así, os vídeos témolos todas na cabeza. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Si que foi así, sabe perfectamente que foi así, e isto non é un diálogo. Non o estou dicindo eu, hai probas gráficas e hai partes médicos de agresións a traballadoras. E é inadmisíbel. De feito — xa imaxino que non, vendo estas reaccións— gustaríanos que todos os grupos parlamentarios aproveitaran este debate para posicionarse respecto desta actuación desproporcionada.

E as coaccións foron estas, este despregue policial totalmente desproporcionado, foron as ameazas de despido por parte dos empresarios. Pero, a pesar de todo isto, a folga en todas as convocatorias foi un éxito histórico, un éxito sen precedentes, e hai que recoñecerlles o esforzo e o traballo a todas as traballadoras. Pararon as traballadoras en Cabomar, en Fandicosta, en GPS, en Mascato. Pararon de maneira moi masiva e cunha petición moi sinxela. *(Murmurios.)* O único que estaban pedindo estas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A señora Quinteiro Araújo interrompe o seu discurso.)*

Despois teñen turno de palabra e poden vir explicar a súa opinión. O único que estamos dicindo é que a folga do pasado 31 de outubro, que tivo tamén unhas xornadas en días anteriores, foi un éxito histórico e que, ademais, a única petición é que se desbloquee a negociación do convenio colectivo para rematar coa precariedade laboral.

É unha exixencia que, como xa mencionamos hai dúas semanas, nós compartimos. Cremos que hai que rematar coa temporalidade. Non pode ser que a temporalidade sexa unha constante no emprego e no mercado laboral. E, ademais, falamos de que, no sector do que hoxe estamos falando, a subcontratación a través de empresas de traballo temporal e a través de

empresas multiservizo é tan masiva que demasiadas veces a porcentaxe de contratación deste tipo é superior á propia contratación de persoal estable da plantilla. Nós cremos que isto é inadmisíbel. E a única razón para isto é abaratar despídos, abaratar salarios e reducir dereitos das traballadoras.

Estamos falando, ademais, de que é un dos peores convenios de todo o ámbito da alimentación. Moitas das traballadoras non cobran nin sequera 800 euros ao mes. Pero estamos falando de que son salarios baixos con condicións laborais moi duras, xornadas laborais moi longas, con humidade, con frío, e sen ningún plus, por exemplo, de refrixeración. Demandas totalmente asumíbeis, que son totalmente entendíbeis para calquera persoa. Son realidades tan absurdas, realidades tan inaceptables, como que lles descuenten do salario os 15 minutos do bocadillo. Nós cremos que con 800 euros non se pode chegar á fin de mes, con 800 euros non se pode pagar o aluguer ou a hipoteca, non se pode pagar a comida, non se poden pagar as facturas.

O único que están pedindo é un salario de 1.000 euros ao mes, 1.000 euros ao mes. Non hai tanto tempo falabamos —ou falaban os medios de comunicación— de que os mileuristas eran unha realidade moi preocupante. Agora a situación é tan preocupante que 800 euros ao mes é a realidade, e incluso menos, de demasiadas traballadoras.

Pero é que, ademais, outra das exixencias é poder conciliar. Ademais, aquí ao Grupo Popular encántalle falar de igualdade. Temos un Plan galego de conciliación e corresponsabilidade. ¿En que se traduce isto despois na vida das mulleres concretas? Conciliar debería ser un dereito, nunca un privilexio, poder coidar. Están pedindo poder levar os seus fillos en idade pediátrica ao pediatra, non están pedindo ningunha loucura, non están pedindo nada que non sexa asumíbel. Logo non falemos de corresponsabilidade, non falemos tanto de conciliar cando despois temos traballadoras en empresas subvencionadas con cartos públicos con condicións coma estas.

Hai quince días preguntámoslle á Xunta de que lado ía estar, se ía estar do lado das traballadoras ou do lado da patronal se rompían as negociacións. Hoxe estamos no mesmo punto de partida que cando empezou o conflito. E traemos esta iniciativa porque cremos que o Goberno ten que asumir responsabilidades, o Goberno ten que escoitar os traballadores, ten que escoitar os representantes sindicais, e debe tomar partido. Non pode ser que ante unha situación así continúe de perfil. Non pode ser por varias razóns. Unha é porque este convenio, a pesar de ser un convenio estatal, saben que a maioría dos traballadores están en Galicia; pero, ademais, é —como dicía— unha patronal que recibe moitas subvencións públicas. E nós non queremos pagar con cartos públicos, non queremos pagar entre todas as empresas que despois explotan e dan condicións de miseria. Non queremos subvencionar a explotación de moitísimas traballadoras. *(Aplausos.)*

Cremos que hai tempo, pois hai unha data no calendario: o 15 de novembro, unha data de folga indefinida. Esperamos que a Xunta de Galicia de verdade tome medidas, que a patronal escoite dunha vez por todas.

Como dicía: as reivindicacións son totalmente xustas. Estamos falando dunha cuestión básica, non falemos tanto de igualdade e de feminismo se despois permitimos que haxa tantas mulleres no noso país con esta situación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Eu tamén quero empezar saudando as traballadoras e os representantes sindicais que hoxe nos acompañan desde a tribuna.

E quero tamén empezar por condenar a desproporcionada actitude da patronal e das forzas da orde, que diante das reivindicacións das traballadoras, que só defenden un convenio laboral digno, optan pola represión na vez do diálogo. Dende logo, parécenos que non é o camiño nin moitísimo menos. Cando unhas traballadoras nunhas situacións tan duras como na que están deciden chegar a unha situación de folga é que xa non poden máis. E diante diso debería optarse por falar e non por chegar ás situacións de forza. E o BNG xa o outro día na comisión nos solidarizamos con elas, e hoxe volvemos facelo aquí na sede parlamentaria. E hoxe estamos aquí debatendo unha iniciativa que o que demanda é que por parte da Xunta de Galiza se medie, pero non dende a equidistancia, senón que se medie para poñerse por unha vez de lado da clase traballadora.

Estamos a falar do sector de elaborados de produtos do mar. Estamos a falar dun sector que, aínda que é un convenio a nivel estatal, non ten ningún sentido que sexa un convenio a nivel estatal, porque o oitenta por cento das empresas están en Galiza. Evidentemente, a maior parte das traballadoras están en Galiza, e o normal sería que fora un convenio galego. Mais estamos falando dun convenio que afecta maioritariamente as mulleres.

Estamos falando dun convenio dun sector ao que lle vai ben. E, para exemplo, acabamos de ter a feira Conxemar feita pola patronal, onde este ano declararon que os beneficios foron un once por cento máis que o ano 2017, co cal é un sector que lle vai ben. E, ademais, vaille ben nunha parte moi importante polas enormes subvencións recibidas de cartos públicos, unha parte importante deles postos pola Xunta de Galiza.

Entón, é un sector no que lle vai ben á patronal, e resulta que ás traballadoras non lles vai ben. A Xunta de Galiza debe implicarse para que eses cartos —que se lles inxectan con cartos públicos— non vaian exclusivamente para melloras da patronal e para melloras das empresas, senón que tamén vaian, cando menos unha parte, para melloras das condicións laborais e salariais das traballadoras. (*Aplausos.*) Un sector altamente feminizado: o oitenta por cento. E unha das características destas empresas é que necesitan unha gran cantidade de man de obra. E unha parte moi importante destas empresas teñen entre cento cincuenta e trescentas traballadoras.

Dende o ano 2015 o convenio está sen negociar; é un dos convenios máis precarios de todo o sector da alimentación. E dende principios deste ano 2018 están intentando negociar un convenio. ¿E que piden? Pois melloras desas condicións laborais e salariais. A

maioría dos grupos da categoría máis baixa están por debaixo do salario mínimo, oitocentos euros, e entón piden melloras salariais. Porque estamos falando dunhas condicións de traballo realmente moi duras, xa que traballan con temperaturas de 0 a 14 graos, é dicir, frío e humidade. Entón, melloras salariais, que se lles recoñeza como un plus traballar nesas condicións laborais. O normal é que cando son condicións nas que traballan os homes se lles recoñece, e cando son mulleres non se lles recoñece na maioría dos casos. Estivemos o outro día aquí falando de temas de limpeza, que cando afecta os homes si se lles recoñece.

Teñen moitas dificultades para conciliar e longas xornadas. Piden licenzas, que cando teñan que levar os seus fillas ou fillas ao pediatra, efectivamente, que non se lles desconte, que sexa xornada laboral; que cando teñan que ir visitar un familiar que estea hospitalizado ou que morreu, pois que iso se lles recoñeza como xornada laboral; que os quince minutos de bocadillo sexa xornada laboral e non como agora que teñen que traballar sete días máis ao ano porque se lles desconta da xornada laboral. ¿Estas son demandas normais nun país normal?, ¿terían que estar reclamándoas?, ¿ou son demandas que parecen máis ben dunha situación de escravismo que estean reclamando isto como melloras cando terían que estar xa máis que recoñecidas?

Están reclamando que intentos de introducir instrumentos de precarización, como son as ETT, os falsos autónomos ou as empresas multiservizo, que se diminúan. Hai empresas nas que o vinte e cinco por cento do persoal contratado está xa en cada departamento. Piden que isto deixe de ser así ou que se rebaixe.

Por iso imos apoiar esta iniciativa que presenta hoxe de En Marea. Presentámoslle unha emenda, que é que a Xunta de Galiza «faga valer as cuantiosas axudas públicas que recibe a patronal, Conxemar, para exixir unhas condicións laborais dignas, tanto en salarios como en horarios, así como en medidas de conciliación». E, segundo: «Que se establezan cláusulas sociais nas axudas públicas, que obriguen as empresas beneficiarias a garantir condicións laborais dignas e respectar o dereito á negociación colectiva».

Dende logo, pedimos que a Xunta faga isto, pero non desde a equidistancia,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...senón que o faga dende unha posición de que a parte máis feble son as traballadoras, e que se implique en que se negocie un convenio colectivo onde as traballadoras...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...por unha vez saian beneficiadas.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PRADO CORES: Remato, señor presidente.

Estamos falando dunha cuestión de xustiza e de redistribución. Os beneficios non poden sempre ir para a patronal e para as melloras e para a conta de resultados da patronal, senón que os beneficios e as melloras que se conseguen á custa do lombo das traballadoras por unha vez tamén teñen que ir para mellorar as súas condicións laborais e os seus salarios.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista tamén saudamos as traballadoras e os traballadores e mais os representantes sindicais do sector de elaboración dos produtos do mar, e enviámoslles moitos folgos para seguir na loita polos seus dereitos laborais e salariais. Por outro lado, dende o Grupo Socialista tamén apoiamos que se respecte o dereito de folga e que se chegue a acordos e non a represalias.

Como xa se dixo anteriormente polas voceiras que me precederon, o sector de elaborados do mar presenta unhas características sociolaborais moi determinadas e, dende logo, moi vulnerables no contexto de recuperación económica desequilibrada na que se atopa a economía no seu conxunto. Neste sector, fortemente feminizado, onde ao redor do oitenta e cinco por cento da man de obra do sector son mulleres, e unha parte importante con idades avanzadas e con problemas moi variados como aquí xa se expuxo, con salarios baixos, precariedade, grandes problemas de saúde laboral, presenza do papel das empresas de traballo temporal moi por enriba do razoable no ámbito industrial.

Neste contexto de dificultades de carácter laboral estanse producindo serios atrancos na negociación colectiva do sector de elaborados do mar. O convenio colectivo expirou o 31 de decembro de 2015, e dende aquela foise aplicando a modo de prórroga ata hoxe polo principio de ultraactividade dos convenios colectivos. Pero é que vai facer tres anos que caducou o convenio, case tres anos prorrogando e aplicando a ultraactividade dos convenios. E hai que ter en conta que o Tribunal Supremo ditou recentemente unha sentenza para unificar doutrina que avala que a ultraactividade dos convenios caduque ao ano. Segundo o Alto Tribunal, a regra da ultraactividade está concibida para conservar provisionalmente as cláusulas do convenio anterior mentres non se negocia un novo convenio, pero non pode cubrir baleiros normativos xurdidos como consecuencia da conclusión dos convenios cuxa vixencia rematou, nin para perpetuarse eternamente.

O Tribunal Supremo sinala que chegado ese prazo —o do ano— sen firmar novo acordo aquel convenio anterior deixa de ter efecto e aplicárase, se o houbera, un convenio de ámbito superior. ¿E, aquí, que pasaría xa que non hai convenio colectivo de ámbito superior? ¿Que se aplicaríase?, ¿unicamente o Estatuto dos traballadores? ¿E que salario estaría garantido así?

Por todo iso, por este risco analizado, así como pola necesidade de que se melloren as condicións laborais e salariais deste sector, cremos que é urxente que se inste a Xunta de Galicia a levar a adiante iniciativas propias ou ben a través do Consello Galego de Relacións Laborais, que axuden a que as dificultades na negociación colectiva do sector se poidan superar. De novo, o proceso de negociación está roto, fracasou a primeira reunión negociadora tras a exitosa xornada de folga, e hai no horizonte, no 15 de novembro, convocada unha posible folga.

Coñecemos que o convenio colectivo de elaborados do mar é estatal, pero a Xunta de Galicia debe adoptar un papel activo para eliminar as trabas na negociación colectiva, para que patronal e sindicatos senten de novo a negociar, pero con clara intención negociadora, respectando, por suposto, a autonomía negociadora dos axentes sociais regulado no artigo 37 da Constitución, pero tamén o que se regula no artigo 35 da Constitución no relativo ao dereito ao traballo.

E a Xunta de Galicia debe de adoptar un papel activo, xa que o setenta e cinco por cento do sector se atopa en Galicia, e a maioría da súa patronal ten a sede en Vigo. Non parece existir ningunha razón de carácter estritamente económico que xustifique estas situacións laborais —como xa se dixo: baixos salarios, sen posibilidade de conciliar vida laboral e familiar, etc.—, xa que a imaxe que traslada o sector ao exterior é dun éxito produtivo industrial e mesmo de imaxe moi notable. Segundo os sindicatos, a fórmula na que se basea o éxito deste sector é en parte á custa dos dereitos laborais e salariais das traballadoras do sector.

Insistimos en que o sector, que engloba algunha das empresas máis exportadoras da economía galega, ten un potencial de crecemento moi alto, e este debe de reflectirse na mellora das condicións laborais. Ademais, estamos falando dun sector que está a recibir —como xa se dixo aquí— cuantiosas subvencións por parte da Xunta de Galicia. Pois entón aquí nós presentamos unha emenda de adición, para que se desenvolva un protocolo de actuación que se aplique a aqueles sectores fortemente feminizados que obrigue os beneficiarios da concesión de axudas públicas a garantir unhas condicións laborais axeitadas e que facilite a conciliación da vida laboral e familiar.

Onte tivo lugar a primeira xornada de traballo na I Conferencia Internacional de Mulleres e Pesca. E fíxose unha declaración pola igualdade de oportunidades no sector pesqueiro e acuícola, manifestando que, entre outras medidas, «se precisaba a incorporación da perspectiva de xénero nas políticas estratéxicas sectoriais, que se deben de mellorar as condicións laborais das mulleres no sector, combatendo a precarización do traballo feminino, garantindo a protección social e a seguridade das traballadoras no sector, así como a dignificación profesional para obter un traballo decente», e tamén se recomenda aumentar a capacitación e o acceso á formación da muller. E neste sentido vai a nosa segunda emenda que tamén presentamos a esta proposición, no sentido de «desenvolver un plan específico de apoio á formación das traballadoras do sector de elaborados do mar».

Pero, como dicía a voceira de En Marea, este non é un caso illado, isto é unha mostra do que vén denunciando tamén o Grupo Socialista...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—remato, presidente— e as organizacións sindicais, e tamén como está recollido na Memoria económica e social do CES de Galicia: temos un traballo precario, temos unhas baixas condicións laborais. E por iso reclamamos que se medie neste conflito laboral para que se poidan acadar unhas condicións laborais mellores para os traballadores e traballadoras...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...do sector de elaborados do mar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

Boas tardes aos representantes sindicais e ás traballadoras, cos que tivemos a oportunidade de reunirnos este Grupo Parlamentario Popular hai uns días; uns representantes e traballadoras que nos amosaron as súas reivindicacións.

Polo tanto, eu vou falar aquí de varios puntos que hai que ter conta e que son importantes á hora de falar deste convenio colectivo:

Nun primeiro momento e nun primeiro punto quero falar de sensibilidade, porque nós neste grupo estamos igual de sensibilizados con este colectivo e con estas traballadoras que os outros grupos que forman este arco parlamentario. E cremos que o convenio colectivo do que falamos é importantísimo, é moi importante porque afecta trece mil cen empregos directos aquí, ademais en Galicia; é moi importante, no sur de Galicia tamén. Consideramos fundamental velar polos seus dereitos e que as súas condicións de traballo sexan as máis axeitadas, como se falou aquí previamente, sexan realistas, estean adaptadas a este momento e a este contexto social no que a competencia é feroz.

E a verdade é que estamos nun momento no que ese convenio hai que revisalo. Por iso o segundo punto do que quero falar é o diálogo. O conselleiro dende a Xunta de Galicia o outro día nunha pregunta e nós dende o Grupo Parlamentario Popular apelamos á importancia que ten o diálogo. E, señora Prado, non acuse nin fale de represión, porque isto non é así. Este goberno da Xunta de Galicia non cambia o diálogo pola represión. Paréceme unha palabra pola súa parte moi forte para dicir no Parlamento. E como xa dixo o conselleiro nunha pregunta que tamén lle fixo a mesma deputada de En Marea que hoxe presenta esta PNL, a Administración autonómica apela ao diálogo como mellor fórmula para chegar a un enten-

demento entre as partes e manter a actividade económica nesta industria, incluso mellorala; porque para iso nós neste grupo parlamentario tamén queremos que melloren as condicións laborais.

Quería falar tamén nun terceiro punto do ámbito competencial. Vostedes saben tamén que estamos falando dun convenio colectivo de ámbito estatal, polo que a mediación lle corresponde tamén ao Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje, unha fundación baixo a tutela do Ministerio de Traballo. Polo tanto, tamén quero facer fincapé e apelar á I Conferencia de Pesca e a Muller, que se está celebrando en Santiago, onde o presidente da Xunta e o ministro Planas falaron da sensibilidade coa muller e da importancia da mellora das condicións laborais. Polo tanto, ese diálogo, ese apoio por parte das administracións para que patronal e traballadores se poidan poñer de acordo é importante. E que sexa o Ministerio de Traballo quen teña a tutela non quere dicir —como digo— que este grupo parlamentario ou este goberno estean mirando para outro lado. E a Xunta traballa para colaborar na busca dunha solución para o sector, defendendo os postos de traballo. Faláron tamén os outros grupos aquí de que é importante a través da mediación do Consello Galego de Relacións Laborais coas ferramentas que posúe, e iso é importante.

En cuarto lugar quero falar da Constitución, que tamén faláron aquí todos do artigo 37 da Constitución, porque esta Xunta pode mediar e pode incitar e promover o diálogo pero non pode impoñer. Como saben vostedes hai que respectar o artigo 37, que eu vou lelo, e no seu punto primeiro di: «*La ley garantizará el derecho a la negociación colectiva laboral entre los representantes de los trabajadores y empresarios, así como la fuerza vinculante de los convenios*». Polo tanto, a lei é garante desas negociacións e a Xunta de Galicia, este grupo parlamentario, temos todo o empeño en que esas negociacións sexan —insisto— mellores para as traballadoras e traballadores, con especial sensibilidade por ser un sector moi feminino.

Iso si, con respecto ao sector, coa mediación do Goberno central, cómpre, por suposto, que se manteña a estabilidade nunha industria que é estratéxica para Galicia.

Polo tanto, no quinto punto quero falar de estabilidade e quero falar de réditos políticos, porque si que estamos no Parlamento e nun debate político. Por moito que queiran establecer políticos bos e malos, políticos que están de parte dos traballadores e de parte dos empresarios, isto non vai ser así, e a sociedade sabe que non. Porque o noso compromiso é co emprego en Galicia, co emprego firme. Polo tanto, estamos ao lado dos traballadores, respectando por suposto a negociación do convenio colectivo e respectando por suposto tamén o sector empresarial, para que o sector —insisto— sexa estable e poida medrar, e aínda por riba poidan medrar os postos de traballo para as mulleres, para fixar tamén poboación en Galicia. Polo tanto, esas reclamacións que tamén fixeron públicas —como digo— tanto o ministro como o presidente poñémolas hoxe tamén enriba deste debate.

Todas e todos os deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e este goberno da Xunta traballaremos niso, estamos sensibilizados niso. E, polo tanto —como digo—, vostedes tentan sacar ás veces réditos políticos. A señora Quinteiro comezaba dicindo que non hai que tensar a situación, eu creo que a verdade é que hai que respectar a negociación; é

importante o entendemento, é importante que melloren as condicións. Nós somos os primeiros e as primeiras que queremos que melloren as condicións.

Polo tanto, discrepamos nalgún punto desta PNL. No primeiro punto poderíamos apoialo, aínda que vostedes falan de abuso á subcontratación. A palabra «abuso» nun acordo parlamentario non nos parece axeitada. Poderíamos poñer «reforzar a supervisión da contratación». Pero é que se hai abuso e se incumpre a lei estas empresas non estarían nin sequera recibindo, por exemplo, axudas públicas. Polo tanto, tamén nese caso nas emendas do Bloque Nacionalista Galego vemos que tamén existe certa contradición.

Estariamos dispostos, polo tanto, a falar, a ver se vostedes dende En Marea admiten as emendas que presentan os outros grupos, porque nas emendas doutros grupos hai algúns puntos que non nos parecen que sexan axeitados para ter un acordo parlamentario.

O que si queremos recalcar e queremos insistir é que somos sensibles, que cómpre chegar a un acordo, que cómpre mellorar as condicións de tantas mulleres que traballan neste sector en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Primeiro, agradecer o apoio ao Bloque Nacionalista Galego e ao PSOE. A verdade é que as emendas de ambos grupos nos parecen que completan a iniciativa, e imos apoialas. Pero nós tamén tendemos a man ao diálogo, e despois a nosa proposta é que falemos; temos tempo ata mañá para falar os catro grupos parlamentarios para intentar chegar a unha transacción ou, cando menos, que se vote por unanimidade algún punto, porque máis importante é a situación dos traballadores e das traballadoras.

Parécenos bastante insultante que diga que vimos aquí facer partidismo. Ou sexa, traer os problemas reais da cidadanía como facemos todos os grupos parlamentarios, vostedes tamén, como... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que este parlamento está para iso. Se non é así, non sei para que está este parlamento, se non está para debater destas cuestións, que son as que realmente importan. A verdade é que non o entendemos.

Despois hai algunhas cuestións que queríamos sinalar da súa intervención. Non é moi forte falar de represión neste parlamento. O que é moi forte é que exista represión fóra deste parlamento e que houbera traballadoras que se estiveran manifestando pacificamente e que tiveran que ser trasladadas ao hospital. Iso é realmente o que é moi forte. Denuncialo aquí non ten absolutamente nada de malo, senón todo o contrario. (*Aplausos.*)

Despois volve utilizar o argumento de que estamos ante un convenio estatal. Xa llo dixen na miña primeira intervención: estamos ante un convenio estatal que sabe que unha porcentaxe

importantísima de traballadoras e traballadores están en Galicia. Polo tanto, non cabe ese argumento, porque utilizan ese argumento e despois din que están facendo todo o posible. É un pouco contraditorio. É unha realidade que non está servindo ao que están facendo. A resposta do conselleiro, eu non sei se se acorda perfectamente do que dixó, pois a súa primeira intervención foi para falar deste sector. Se moita sensibilidade teñen, utilizar a segunda intervención cando estabamos preguntando por un tema como este e contestar con todas as empresas que quere cerrar a oposición, a nós respecto e sensibilidade polo sector non nos parece, ¡eh! A verdade, cando estamos preguntando e falando dun tema, sacar todos os temas a colación, que foi o que pasou fai quince días.

E despois tamén nos parece que non se pode dicir que hai que falar de mellorar os dereitos laborais pero sendo realistas co contexto socioeconómico. Eu, de verdade, ¿mil euros non lle parece realista? ¿Parécelle realista ou máis realista vivir con menos de oitocentos euros ao mes? Non, vostede dixó que había que mellorar as condicións pero sendo realistas co contexto socioeconómico. Eu preguntolle: ¿a petición que están pondo enriba da mesa os representantes sindicais —que sabe todo o mundo e é coñecido porque está na prensa— cre que non é realista? ¿Cre que a patronal que está recibindo subvencións públicas todos os anos non debe aceptar unha petición que está pedindo unha subida salarial pequena? O que non é normal é a situación salarial en que se atopa hoxe en día a maioría de traballadoras deste sector.

Abuso da subcontratación. Coas porcentaxes de subcontratación que hai nestas empresas se non se pode falar de abuso, ¡home!, pois non sei cando se pode falar de abuso, ¿cando haxa un 95 por cento?

E logo insisten todo o tempo no mesmo. Por unha parte, que están facendo todo o posible... Eu, de verdade, neste tema, se tan sensibilizados están, dígalles aos seus compañeiros e compañeiras que non interrompan constantemente e que non falten ao respecto todo o tempo que se está falando deste tema, porque moita sensibilidade, a verdade, non demostran. Bastante diferente ao que saíu vostede a dicir nesta tribuna é o que estaba berrando todo o tempo a súa compañeira de escano. Eu, de verdade, paréceme insultante que cando estamos falando dun tema tan importante como este e dun sector —como sabe— tan importante e tan estratégico para o noso país, as cousas non só se din, tamén deberían ir acompañadas de accións.

E a nosa iniciativa é moi sinxela, cremos que non estamos pedindo nada difícil de cumprir. A Xunta de Galicia ten que asumir as súas competencias e esperamos de verdade que poidamos chegar a un acordo.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Antes de suspender a sesión ata mañá, débese comunicar o aprazamento da interpelación número 36087, da deputada dona Noa Presas Bergantiños; aprazamento da interpelación que foi solicitado polo Goberno.


(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, acaba de comunicalo, xa entrou no Rexistro do Parlamento.

Suspendemos ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e cinco minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25